

*Memoria de
responsabilidade social
universitaria 2016*

Índice

Capítulo 1. Carta do reitor

Capítulo 2. Datos básicos da Universidade de Vigo

- 2.1 Presenza da responsabilidade social na Universidade de Vigo.
- 2.2 Principais magnitudes da Universidade de Vigo.
- 2.3 Sistema de goberno da Universidade de Vigo.
- 2.4 Oferta académica.
- 2.5 Principais indicadores en materia de investigación e transferencia.
- 2.6 Principais fitos acontecidos na Universidade de Vigo.

Capítulo 3. A Universidade de Vigo e a responsabilidade social. Creación de valor para a sociedade

- 3.1 Alcance e cobertura da Memoria de responsabilidade social.
- 3.2 Obxectivos e principios da memoria.
- 3.3 A responsabilidade social nos procesos de ensinanza-aprendizaxe.
- 3.4 A responsabilidade social na investigación e a transferencia do coñecemento.
- 3.5 Sistema loxístico de centros de investigación propios ou vinculados.
- 3.6 Especialización dos campus.

Capítulo 4. Dialogando coas partes interesadas

- 4.1 Orientación aos alumnos e alumnas.
- 4.2 Bolsas.
- 4.3 Prácticas e acceso o mercado laboral.
- 4.4 Internacionalización e mobilidade.
- 4.5 Persoal da Universidade de Vigo.
- 4.6 Beneficios sociais.
- 4.7 Formación do persoal.
- 4.8 Programa de prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde.
- 4.9 Promovendo a igualdade de xénero e a integración.
- 4.10 Reforzando os dereitos dos membros da comunidade universitaria.

Capítulo 5. Transparencia e sustentabilidade na xestión económica

- 5.1. Xestión orzamentaria e situación económico-patrimonial da Universidade de Vigo.
- 5.2 Relación económica coas partes interesadas.

5.3 A contratación administrativa.

5.4 Responsabilidade na cadea de aprovisionamentos.

5.5 Indicadores económico-financeiros e entidades participadas.

Capítulo 6. A Universidade de Vigo e o medio ambiente

6.1 Obxectivos e balance de actuación.

6.2 Xestión ambiental: manexo de recursos, materias primas e residuos.

6.3 Accións en favor da sensibilización e formación medioambiental.

6.4 Accións en favor da conservación do medio natural.

6.5 A pegada ecolóxica da Universidade de Vigo

6.6 Boas prácticas cara á redución

Capítulo 7. Compromiso coa sociedade

7.1 Transferencia social e cultural.

7.2 Promovendo a colaboración cos axentes sociais.

7.3 A Universidade de Vigo promovendo o voluntariado e a cooperación.

7.4 A Universidade saudable.

7.5 Servizos de biblioteca.

7.3 A Universidade de Vigo e o seu compromiso coa lingua e a cultura galega.

Anexo I. Indicadores GRI Guía G4 – Contidos Xerais

Anexo II. Indicadores GRI Guía G4 – Contidos Específicos

Capítulo 1. Carta do reitor

Un ano máis, e con este xa son sete, achegamos á comunidade universitaria e á sociedade en xeral a Memoria de Responsabilidade Social Universitaria, nesta xeira do ano 2016. Esta serie de informes anuais comezou coa memoria do ano 2010, presentada no 2011, e ven presentándose de xeito continuo ata a data.

Esta memoria é tamén a derradeira que presentará a aprobación este equipo de goberno. Cando comezamos a súa edición, entendemos que era necesario sumar á Universidade de Vigo a un procedemento cada vez máis estendido e estandarizado de rendición de contas, dende un punto de vista social. Mais entendemos tamén que a Memoria de RSU era unha ferramenta, non a única, para poñer en valor o desempeño e compromiso social da nosa comunidade universitaria.

Dende o ano 2011, ademais deste informe, fomos ampliando outros xeitos de documentar e difundir o que vimos realizando. O Boletín Mensual de Responsabilidade Social, ou o Portal de Transparencia, son chanzos que permiten coñecer cada vez máis e mellor aquilo que realizamos e, daquela, aquilo que somos.

O compromiso social non ten límites, nin metas definitivas. Sempre podemos dar novos pasos sobre a base dos anteriores, e temos unha confianza plena en que, no futuro, a nosa institución cumprirá novas metas, porque a enerxía que impulsa o compromiso da comunidade universitaria é constante.

O valor do que recollen as memorias destes sete anos, ademais de impulsar os desafíos futuros, está en documentar onde estivemos e como actuamos nuns anos de graves dificultades sociais e económicas. A que nos enfrontamos e o que fomos quen de facer.

A todos e todas os que sentimos a Universidade de Vigo non nos queda máis que darvos as grazas por compartir as ilusións que, logo do voso esforzo, dan contido a estas páxinas.

Salustiano Mato de la Iglesia
Reitor

Capítulo 2. Datos básicos da Universidade de Vigo

Presentamos con esta a sétima Memoria de responsabilidade social da Universidade de Vigo. Un documento que, por estas datas, presentamos a aprobación do Consello de Goberno dende 2011 e que, hoxe en día, acompañan a meirande parte das universidades públicas coma rendemento social de contas.

Malia lixeiros cambios no formato continuamos a utilizar as recomendacións sobre os informes de sustentabilidade en universidades e, en particular, incorporáronse os principios establecidos pola *Global Reporting Initiative* (GRI), iniciativa inserida no Pacto Social Mundial, ao que a Universidade de Vigo está adherida coma institución.

Neste informe queremos normalizar os datos dispoñibles para facilitar a visualización da evolución nos indicadores, abrir o espazo para as recomendacións e as accións que supoñan un avance na RSU. Tamén tentaremos afondar nos mecanismos e na materialización das accións en materia de participación.

Esta memoria pretende ter un impacto real que chegue a todas as partes interesadas e que sexa un documento útil en pro da mellora continua., que recollemos no apartado de responsabilidade social do portal de transparencia, no que actualizamos anualmente a serie temporal dun conxunto de indicadores facilitados polas memorias anuais.

No presente informe queremos cubrir os seguintes ámbitos de información:

- Contar quen somos e como nos identificamos. Desta maneira pretendemos facilitar aos nosos grupos de interese a dimensión e o alcance das nosas actuacións como institución.
- Tamén queremos facer fincapé no noso compromiso como universidade pública mostrando o resultado da nosa relación cos nosos grupos de interese: alumnado, persoal, provedores, outras universidades, empresas, institucións, administracións públicas, asociacións e sociedades civís, medio ambiente e sociedade.
- Así mesmo, daremos conta daqueles indicadores relevantes da nosa institución co fin de visualizar o resultado da nosa labor.
- Queremos tamén abrir o espazo para recuperar o cerne da RSU que non é outro que establecer o diálogo coas partes que fan posible o noso proxecto educativo e social.

2.1 Presenza da responsabilidade social na Universidade de Vigo

Misión e visión

Xa no século pasado, ás dúas misións que fundaron a lexitimidade das universidades –docencia e investigación– uníuselle unha terceira relacionada co compromiso da transformación do coñecemento xerado a través da investigación académica en valores sociais e económicos.

En moitas ocasións esa terceira misión das universidades viuse simplificada nun mero enfoque de transferencia, comercialización e participación en procesos de innovación polo que se viu, nalgúns casos, contestada por esquecer aspectos fundamentais do papel das universidades.

No contexto da Estratexia Universidade 2015 propúgnase que a universidade equilibre esa terceira misión en dúas direccións. Por unha banda, no sentido indicado e pola outra, en relación coa responsabilidade social da universidade e co desenvolvemento sustentable. Desta maneira tamén se permite recoñecer o papel que teñen aquelas actividades universitarias que, sen implicar unha

actividade económica no proceso de relación coa sociedade ou a empresa, supoñen unha contribución social respecto dos ámbitos como a cooperación ao desenvolvemento, a sustentabilidade ambiental, a integración e accesibilidade, entre outras.

Mediante o ensino superior e unha investigación de calidade, a Universidade de Vigo pretende contribuír á creación e á transferencia de coñecemento e á formación integral do estudiantado coa finalidade de promover o desenvolvemento científico, tecnolóxico e cultural da sociedade pluricultural e plurilingüe na que está inserida.

A excelencia na xestión é un obxectivo estratéxico da nosa institución que xa aparecía reflectida no seu Plan operativo e de xestión 2008-2012. Neste presentábase, como primeiro obxectivo estratéxico a conseguir, unha xestión baseada nun modelo de excelencia. Un dos obxectivos operativos para este fin é a realización dunha memoria de responsabilidade social. O documento que hoxe achegamos dá cumprimento ao compromiso de realizar este informe, poñendo en relación as actividades que se desenvolven cos diferentes grupos de interese.

A responsabilidade social preséntase como unha ferramenta de xestión avanzada na procura da necesaria comunicación da nosa institución coas partes interesadas (estudantes, PDI, PAS, sociedade...) tendo como horizonte os principios reitores dos valores éticos, sociais e de conservación medioambiental do que a nosa institución presume.

2.2 Principais magnitudes da Universidade de Vigo

A Universidade de Vigo, creada en 1990 é unha institución de servizo público, moderna e innovadora, autónoma, aberta ao contorno e con vocación internacional, comprometida coa igualdade e co progreso económico e o benestar social de Galicia á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno, de acordo coa Constitución e coa Lei orgánica de universidades (tal e como se especifica no artigo 1º dos seus estatutos).

http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/secxeral_gl/_galeria_descargas/estatutos_uvi_dog.pdf

A universidade está estruturada en tres campus: Ourense (As Lagoas. 32004 Ourense), Pontevedra (A Xunqueira, s/n. 36005 Pontevedra) e Vigo (Lagoas, Marcosende. 36310 Vigo) onde ten tamén a súa sede a Reitoría (G4-5). Esta institución, vinculada á realidade histórica, social e económica de Galicia, dedicarlle especial atención ao estudo e ao desenvolvemento da súa cultura e do seu medio e proxectarase dun xeito activo sobre os problemas galegos mediante programas específicos de docencia, de investigación e de desenvolvemento e difusión establecidos a partir de necesidades concretas.

A Universidade de Vigo está integrada por escolas, facultades, departamentos e por outros centros ou estruturas necesarios para o desempeño das súas funcións. Esta estrutura está regulada nos artigos 9 ao 21 dos Estatutos da Universidade de Vigo.


2.2.1. Infraestruturas

Infraestruturas da Universidade de Vigo (2015-16)

Nº de campus	3
Nº de centros universitarios propios	22
Nº de centros adscritos	7
Nº de centros tecnolóxicos	4
Nº de departamentos	47
Nº de áreas de coñecemento	140
Nº de edificios	28
Superficie (m ²)	388.848
Nº de residencias universitarias propias	1
Nº de aulas	546

Número de departamentos por ámbito de coñecemento.

Ámbito científico	11
Ámbito xurídico-social	13
Ámbito humanístico	9
Ámbito tecnolóxico	14



Servizos da Universidade de Vigo

Xerencia
Servizo de Alumnado
Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento
Servizo de Asesoría Xurídica
Servizo de Extensión Universitaria
Servizos Económicos
Servizos de Persoal
Servizo de Prevención de Riscos Laborais
Biblioteca
Área de Apoio á Docencia e Calidade
Área de Normalización Lingüística e Servizo de tradución
Área de Tecnoloxías de Información e Comunicacions
Oficina de Relacións Internacionais
Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación
Unidade de Apoio á Xestión de Centros de Investigación

Unidade de Estudos e Programas
Loxística e Comunicacóns: Conserxería e Parque Móbil
Unidade de Igualdade
Gabinete de Prensa
Área de Imaxe
Servizo de Deportes
Oficina de Medio Ambiente (OMA)
Centro de Linguas
Área de Formación e Innovación Educativa
Servizo de Publicacións
Departamento Técnico de Obras, Instalacións e Infraestruturas

Residencias

A Universidade de Vigo contou no curso 2015/2016 cos seguintes aloxamentos:

Residencia propia:

- Complexo residencial O Castro (Vigo).

Residencias concertadas:

- Residencia concertada AFundación (Pontevedra)
- Complexo residencial concertado Alcai (Allariz)

Presenza institucional da Universidade de Vigo na sociedade

A relación institucional da Universidade de Vigo coa sociedade maniféstase dun xeito formal, sobre todo, na realización de convenios e na participación oficial nun conxunto de organismos e asociacións. Desde este punto de vista, a universidade está vinculada sobre todo a catro grandes conxuntos: administracións públicas, empresas, outras universidades e asociacións e entidades non lucrativas.

A continuación móstranse algúns organismos ou asociacións nas que a Universidade de Vigo está presente:

- Comité de Confiabilidade da Asociación Española da Calidade (AEC)
- Comité de Confiabilidade (SC56) de AENOR
- PTFE: Plataforma Tecnolóxica Ferroviaria
- PTV: Plataforma Tecnolóxica do Viño
- Axencia Nacional de Avaliación e Prospectiva (ANEP).
- Comisión Territorial do Patrimonio Histórico da Provincia de Ourense
- Comisión de Cultura do Concello de Ourense
- PlanetLab Europe

- Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI) (Consortio da UDC, USC e UVigo, existe Convenio coa UVigo)
- Rede Española de Matemática - Industria (Red math-in, existe Convenio coa UVigo), a través de esta Asociación estamos integrados en el European Consortium for Mathematics in Industry (ECMI).
- International Partnership for the Satoyama Initiative. Iniciativa da Universidade das Nacións Unidas (IAS-UNU) a prol das paisaxes de produción socioecolóxica. A Universidade de Vigo é a única universidade española representada.
- Plataforma tecnolóxica Protecma
- Plataforma tecnolóxica PTEPA
- Red Bioauga.
- Consello Reitor do Instituto de Investigación Sanitaria.
- Foro Económico de Galicia

Verbo da relación con outras administracións públicas, os convenios abranguen a maior parte das que teñen un ámbito territorial vinculado ao sur de Galicia e, en termos xerais, á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

No que toca ás empresas, os convenios máis comúns son de cooperación educativa para prácticas en empresas (case dous mil anualmente) así coma o desenvolvemento específico de actividades de investigación e desenvolvemento.

Os convenios marco con outras universidades vinculan a nosa institución con outras de todo o Mundo, salientando polo número as universidades europeas e iberoamericanas. Os convenios específicos dan cobertura a todo tipo de actividades de cooperación educativa: docentes, investigadoras, de extensión, de formación de formadores e de cooperación ao desenvolvemento.

Por último os convenios co terceiro sector en xeral son de cooperación nos fins sociais específicos aos que están ligados asociacións, fundacións e ONG. Salientamos neste capítulo as asociacións e entes en xeral de carácter científico.

2.2.2. Comunidade Universitaria


A Universidade de Vigo está constituída por dous grandes grupos de persoas: o alumnado e os traballadores/as.

Alumnos/as. 2015/2016 en titulacións oficiais.

Estudo	Estudantes matriculados/as	% Mulleres	% Persoas estranxeiras
Grao, 1º e 2º ciclo	18.059	50,97%	3,52%
Mestrado	2.126	55,74%	6,96%
Programas de doutoramento	1.397	49,61%	16,54%
Total	21.852	51,35%	5%

Comparativa interanual no número de alumnos/as que cursan os seus estudos na nosa universidade

Alumnado matriculado 2010/2016




A pesar de que no 2015 diminuío a matrícula en 513 persoas, verbo do curso anterior, esta vaise recuperando e a tendencia nos últimos anos é achegarse aos 22.000 alumnos/as matriculados/as cada ano académico.

Traballadores/as 2016

Tipo de persoal	Total	% mulleres	% estranxeiros/as
PDI	1.376	40%	1,31%
PAS	702	60%	0,14%
Persoal investigador	919	52%	4,00%
TOTAL	2.997	48%	2,00%

PDI – Persoal docente e investigador (número total sen Equivalencia a Tempo Completo)

PAS – Persoal de administración e servizos



2.2.3. Certificacións de sistemas de xestión de calidade

A Universidade de Vigo conta coas seguintes certificacións:

Centro certificado:	FIDES-AUDIT	ISO 9001	ISO/IEC 1705
Estación de Ciencias Mariñas de Toralla			
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía			
Escola de Enxeñaría de Telecomunicación			
Facultade de Bioloxía			
Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo			
Facultade de Filoloxía e Tradución			
Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación			
Escola de Superior Enxeñaría Informática			
Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo			
Facultade de Dereito			
Escola de Enxeñaría Forestal			

Biblioteca
Laboratorio de Microbioloxía
Facultade de Ciencias empresariais e Turismo
Escola de Enxeñaría Forestal
Laboratorio de calibración eléctrica (LACE)
Laboratorio Antelia (EE Telecomunicación)

O programa de renovación da acreditación (ACREDITA) encárgase da avaliación das titulacións oficiais co obxectivo de garantir o desenvolvemento das mesmas estanse levando a cabo de acordo coa memoria que obtivo a verificación inicial xunto con todas as modificacións aprobadas con posterioridade.

Titulación que obtiveron a renovación da Acreditación (ACEDITA) no ano 2016

Mestrado en Dirección y Administración de Empresas	IESIDE
Grao en Enxeñaría Forestal	Escola de Enxeñaría Forestal
Mestrado en Enxeñaría Informática	Escola Superior de Enxeñaría Informática
Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	Escola de Enxeñaría Telecomunicación
Grao en Enxeñaría de Enerxía	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Grao en Recursos Mineiros e Enerxéticos	Escola Técnico Superior de Enxeñaría de Minas
Mestrado en Necesidades Específicas de Apoio Educativo	Facultade de CC de Educación e do Deporte
Grao Enxeñaría Eléctrica	Escola de Enxeñaría Industrial
Grao Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	Escola de Enxeñaría Industrial
Grao Enxeñaría en Organización Industrial	Escola de Enxeñaría Industrial
Grao Enxeñaría Química	Escola de Enxeñaría Industrial
Grao Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	Escola de Enxeñaría Industrial
Grao en Enxeñaría Mecánica	Escola de Enxeñaría Industrial Centro Universitario da Defensa
Grao en CC Ambientais	Facultade de Ciencias

Grao en Enxeñaría Agraria	Facultade de Ciencias
Grao en Ciencia e Tecnoloxía do Alimentos	Facultade de Ciencias
Grao en Bioloxía	Facultade de Bioloxía
Mestrado Biotecnoloxía	Facultade de Bioloxía
Mestrado en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca	Facultade de Química
Grao en Linguas Estranxeiras	Facultade de Filoloxía e Tradución
Grao en Tradución en Interpretación	Facultade de Filoloxía e Tradución
Mestrado en Tradución Multimedia	Facultade de Filoloxía e Tradución
Grao en Relación Laborais e Recursos Humanos	Facultade de CC Xurídicas e do Traballo
Mestrado en Avogacía	Facultade de CC Xurídicas e do Traballo

2.3 Sistema de goberno da Universidade de Vigo

Organización institucional

https://www.uvigo.es/uvigo_gl/organizacion/organos/

En relación cos principios directores dos Estatutos da Universidade de Vigo o réxime de goberno da Universidade de Vigo fundaméntase no principio de representación de todos os sectores da comunidade universitaria a través dos seus órganos colexiados e unipersoais, así como no de designación por elección das persoas que van ocupar os cargos académicos, agás as excepcións establecidas explicitamente nos estatutos.

Así mesmo, propicia a presenza equilibrada de homes e de mulleres nos seus órganos de goberno, a través das normas de paridade entre xéneros aprobadas pola Comisión Electoral.

O goberno da Universidade de Vigo

O goberno, a participación social, a representación e a administración da Universidade de Vigo articularanse, cando menos, a través dos órganos que se indican a seguir.

A) Órganos colexiados

Están compostos polo Consello Social, Claustro Universitario, Consello de Goberno, Xuntas de Facultade, Xuntas de Escola, Consellos de Departamento e de Instituto Universitario, Consellos de Campus, Xuntas de Titulación e Xuntas, Consellos ou outros órganos noutros centros que se puidesen crear.

- *Consello Social*

É o órgano de participación da sociedade na universidade e exerce como elemento de interrelación entre a sociedade e a universidade. Correspóndelle fomentar iniciativas sociais e promover a actuación dos poderes públicos para estimular investimentos que favorezan as actividades da universidade e que adecúen a capacidade docente e investigadora desta á demanda social. A súa composición e funcións veñen establecidas nos artigos 29 e 30 dos estatutos da universidade.

O Consello Social está concibido para que, a través da participación social, a universidade teña presente a problemática real do seu entorno, no que desenvolve a súa misión docente e investigadora.

E, a súa vez, para que o entorno socioeconómico se aperciba das necesidades da súa universidade e das potencialidades do desenvolvemento e progreso que esta ofrece.

Ao Consello Social correspóndelle a supervisión das actividades de carácter económico da universidade –incluída a aprobación do orzamento e das contas anuais –, do rendemento dos servizos, e da colaboración da sociedade no financiamento da universidade.

Durante o 2016 este órgano estivo composto por 31 compoñentes (Pleno e Comisións Delegadas), correspondendo un 26% a mulleres.

- *Claustro Universitario*

O Claustro Universitario é o máximo órgano de representación da universidade regulado polos artigos 31 e 36 dos Estatutos da Universidade de Vigo. Os diferentes grupos de interese que integran a comunidade universitaria elixen os seus delegados e delegadas no Claustro Universitario.

Reunirase con carácter ordinario, polo menos, dúas veces ao ano. Reunirase con carácter extraordinario de acordo ao seu regulamento de réxime interno.

Composición no ano 2016: 254 membros (47% mulleres).

- *Consello de Goberno*

O Consello de Goberno é o órgano de goberno da universidade e está composto polo reitor, que o preside, o secretaria xeral, o xerente e 15 membros designados polo reitor, entre os que debe haber representación de todos os sectores da comunidade universitaria.

Entre as funcións do Consello de Goberno está o establecemento das liñas estratéxicas e programáticas da universidade e a aprobación da ordenación xeral da actividade académica e investigadora. Ademais, encárgase da aprobación dos proxectos de orzamento e programación plurianual e das contas anuais da universidade para o seu trámite ao Consello Social, da aprobación dos cadros de persoal ou das propostas de plans de estudo.

Nos artigos do 37 ao 39 dos Estatutos da Universidade de Vigo está regulado o seu funcionamento e composición.

Composición no 2016: 55 membros (29% mulleres).

- *Consellos de Campus*

Campus de Ourense, composto por 17 persoas (47% mulleres).

Campus de Pontevedra, composto por 15 persoas (27% mulleres).

B) Órganos unipersoais

A Universidade de Vigo establece que os titulares dos órganos unipersoais, agás os que o sexan por designación ou por procedemento expresamente regulado doutro modo, deben ser elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto. Estes postos de carácter persoal concréntanse nos seguintes títulos:

Reitor/a, vicerreitores/as, secretario/a xeral, xerente, decanos/as e vicedecanos/as de facultades, directores/as e subdirectores/as de escolas e de departamentos, e secretarios de facultades, de escolas e de departamentos, de institutos ou outros órganos que se puidesen crear.

Constitución do equipo de goberno da Universidade de Vigo.

Reitor	Salustiano Mato de la Iglesia
Vicerreitoría de Economía e planificación	José Manuel García Vázquez
Vicerreitoría de Investigación e transferencia	María Asunción Longo González
Vicerreitoría de Organización académica e profesorado	Ana María Graña Rodríguez
Vicerreitoría de Estudantes	Dolores González Álvarez
Vicerreitoría de Extensión universitaria e Relacións internacionais	Manuel Fernández Iglesias
Vicerreitoría do Campus de Ourense	Virxilio Rodríguez Vázquez
Vicerreitoría do Campus de Pontevedra	Juan Manuel Corbacho Valencia
Secretaría Xeral	Gloria Pena Urís

2.4 Oferta académica. Curso 2015-2016


Titulacións oficiais

Nº de titulacións de grao	54
Nº de titulacións de 1º e 2º ciclo	27
Nº de titulacións de programación conxunta	3
Nº de dobres titulacións con universidades estranxeiras	2
Nº de titulacións de mestrado oficiais*	74
Nº de programas de doutoramento*	36


* inclúe titulacións en proceso de extinción

Indicadores académicos. Curso 2015-2016

Grao - Indicadores académicos




Mestrado - Indicadores académicos




Matriculados/as e egresados/as por rama de coñecemento. Curso 2015-2016

Un 76% dos matriculados no curso 2015-2016 eran estudantes nalgunha carreira do ámbito de ciencias sociais e xurídicas ou de enxeñaría. Este é un dato que se mantén ano tras ano confirmando as preferencias do alumnado por cursar algunha carreira de estas ramas. Unhas proporcións que se manteñen no caso dos estudantes egresados.

Estudantado matriculado por rama de coñecemento



Estudantado egresado por rama de coñecemento.



Titulacións propias e formación complementaria. Ano 2015-2016

Estudos propios	Cursos ofertados	Matriculados/as
Nº titulacións propias	1	5
Nº de mestrado/especialista	4	79
Nº de cursos de especialista	4	77
Nº de cursos complementarios	39	882
Nº de cursos de formación	24	551
Nº de outros cursos	10	428
Nº de cursos de extensión universitaria	117	1.647
Nº de cursos do centro de linguas	133	2.426
Nº de cursos de galego	10	383
Nº de formacións para maiores	2	635
TOTAL	344	7.113

Universidade para maiores de 55 anos

A Universidade de Vigo ten en oferta un programa de formación para maiores de 55 anos a través dun dobre itinerario:


- Un ciclo intensivo cunha duración de 54 créditos e tres anos académicos. A superación dá lugar ao título propio da Universidade de Vigo de Universitario/a Sénior.

- Un ciclo de especialización cunha duración de 36 créditos e dous anos académicos. A súa superación dá lugar á obtención do título propio da Universidades de Vigo de Superior Sénior.

Número de alumnos/as matriculados/as no programa de formación para maiores. Curso 2015-2016.

	Homes	Mulleres	Totais
Graduado/a Superior Sénior	71	118	189
Graduado/a Universitario Sénior	183	263	446
Total	254	381	635

Evolución matrícula programa de maiores.



Nestes últimos anos o número de persoas matriculadas no programa de formación para maiores vai aumentando pouco a pouco. Podemos observar que a maioría destas matrículas correspóndense con mulleres, este ultimo ano un 60%. Daquela este programa está a permitir que moitas mulleres accedan á formación universitaria á que por diversos motivos, moitas veces asociados con responsabilidades familiares/domésticas, non puideran facelo anteriormente.

2.5 Principais indicadores en materia de investigación e transferencia.

Grupos de investigación por área de coñecemento e número de persoas integrantes dos mesmos 2016.

GRUPOS DE INVESTIGACIÓN	ÁMBITO				Total	Estranxeiros/as
	Científico	Humanístico	Tecnolóxico	Xurídico-Social		
Grupos de investigación	41	31	61	52	185	
Membros grupos de investigación	464	268	545	479	1756	70
Mulleres membros	252	152	169	234	807	35
Investigadores/as principais	81	49	85	67	282	
Mulleres Investigadora principal	26	22	14	30	92	

No 2016 o número de PDI que participou en actividades de investigación competitiva e/ou transferencia foi de 618. Durante ese mesmo ano obtivéronse 116 sexenios.

Recursos externos captados en concorrencia competitiva. Comparativa interanual

Recursos externos captados	2015	2016
Proxectos investigación A.X. Estado	5.456.349,24 €	4.049.876,00 €
Proxectos investigación A.C. Galicia	2.860.000,00 €	3.619.814,03 €
Proxectos outros	19.954,57 €	0,00 €
Agrupacións estratéxicas A.C. Galicia	0,00 €	4.768.750,00 €
Convenios	0,00 €	554.969,78
Proxectos investigación europeos	1855.568,50 €	2.848.255,00 €
Proxectos investigación Interreg	0,00 €	881.250,00 €
Infraestrutura FEDER	0,00 €	845.000,00 €
Facturación CACTI	173.329,82 €	99.330,89 €
Facturación ECIMAT	2.413,00 €	3.821,23 €
Contratación I+D	4.763.769,64 €	6.476.69,97 €
	Total	15.131.384,77 €
	Orzamento Uvigo	165.203.557,00 €
	%	9,16 %
		24.147.757,90 €
		160.586.524,00 €
		15,04%

Os recursos externos obtidos para financiar as actividades de investigación da Universidade de Vigo no ano 2016 foron dun 15,04% dos recursos externos captados pola institución, fronte ao 9,16% do

ano 2015. A explicación está nun aumento do 60% interanual nos recursos captados polos mesmos conceptos.


Financiamento dos proxectos de investigación segundo entidade financiadora. Ano 2016.

PROXECTOS	ÁMBITO								Total N°	Total Importe	Respecto ao 2014
	Científico		Humanístico		Tecnolóxico		Xurídico-social				
	N°	Importe	N°	Importe	N°	Importe	N°	Importe			
Central do Estado	13	1.62382	5	292.820	14	1.971.876	5	161.660	37	4.049.876	↓
Xunta de Galicia	10	1.910.000	0	0	11	1.709.814	0	0	21	3.619.814	↑
Outros	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	↓
Europeo	3	1.60.661	0	0	0	0	3	1.487.814	6	2.848.255	↑
Interreg	0	0	0	0	1	881.250	0	0	0	881.250	↑
Total xeral	26	4.894.481	5	292.82	26	4.562.640	8	1.649.254	65	11.399.195	↑

Estes datos amosan un descenso no número e no importe dos proxectos para os que se acadou financiamento por parte da Administración Central respecto do ano 2015, pero houbo un aumento moi importante no número de proxectos e importe financiados pola Comunidade Autónoma (11 proxectos financiados no 201 a 21 no 2016).

Por ámbitos a financiación maior correspóndese coas cantidades achegadas polo Estado para ás áreas científico-tecnolóxicas (así como tamén pola cantidade de grupos traballando).

% de financiación proxectos segundo a entidade financiadora



Contratación I + D (inclúe xestión externa)


	ÁMBITO								Total N°	Total Importes
	Científico		Humanístico		Tecnolóxico		Xurídico-social			
	N°	Importes	N°	Importes	N°	Importes	N°	Importes		
Contratos	15	475.775	5	48.018	66	4.334.896	20	367.533	106	5.226.222
Informes	1	2.914	0	0	4	7.758	3	17.600	8	28.272
Cursos	159	414.213	2	2.023	376	626.483	32	561.611	569	1.222.197
Total xeral	175	892.901	7	50.042	446	4.972.137	55	561.611	683	6.476.691

Durante o ano 2016 a Universidade de Vigo tivo en vixencia 683 contratos con persoas, universidades ou entidades públicas e privadas para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como para o desenvolvemento de ensinanzas de especialización ou actividades específicas de formación (181 menos que no ano anterior). Estas actividades pola contra supuxeron un aumento na contratación de 1.712.920,97€ sendo o maior diferencial positivo no ámbito tecnolóxico.

Contratación I+D desenvolvidas durante 2015 segundo o ámbito xeográfico e importe das mesmas:

Ámbito xeográfico	Tipo	N° actividades	Importe
Comunidade autónoma	Contratos	74	4.054.176€
	Cursos	6	13.208€
	Informes	252	637.605€
Resto de España	Contratos	25	843.278€
	Cursos	2	15.064€
	Informes	308	467.211€
Unión Europea	Contratos	4	170.157€
	Informes	5	74.800€
Fóra da UE	Contratos	6	158.612€
	Informes	4	42.582€
Total xeral		683	6.476.691€


Contratación I+D. Ámbito xeográfico 2016.



Axudas UVigo (con orzamento propio) á investigación

	Solicitadas	Concedidas	Importe
Contratos-programa con grupos de investigación de referencia e consolidados	8	8	160.000,00 €
Axudas para a realización, comisariado e montaxe de exposicións artísticas	11	11	16.500,00 €
Organización de congresos	20	20	56.425,00 €
Visitas de investigadores/as	15	13	12.166,00 €
Axudas á reparación de equipamento científico	3	2	4.000,00 €
Bolsas de viaxe	142	62	27.735,00 €
Estadías	85	28	78.570,00 €
Axudas predoutorais	111	25	1.025.000,00 €
Bolsas CACTI	17	3	27.000,00 €
Bolsas ECIMAT	6	2	18.000,00 €
Bolsas CITI	5	2	18.000,00 €
Total	423	176	1.443.396,00 €

Axudas á investigación por ámbito.

**Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación**

Un traballo esencial realízase dende a Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI). Dende este ámbito xestiónanse as actividades de transferencia da investigación, é dicir, se promove e favorece a conexión universidade/empresa/sociedade. As súas funcións poden estruturarse en tres grandes áreas:

- Difusión, promoción e mercadotecnia da I+D+i da Universidade de Vigo.
- Valorización e protección da tecnoloxía da Universidade.
- Transferencia dos resultados da investigación que poden dar lugar a contratos e convenios de I+D e de natureza científica, técnica ou artística, contratos con licenza tecnolóxica, proxectos das empresas de base tecnolóxica e outras formas de colaboración coas empresas e institucións.

A través da OTRI ponse a disposición dos organismos interesados unha carteira de patentes, na que se van incorporando aquelas tecnoloxías que poden ter aplicación no mercado e que están dispoñibles para ser transferidas.

Para o logro da súa actividade foi creada a área de información e comunicación (ATIC) cun carácter funcional cara a:

- Xestionar e administrar as infraestruturas de comunicación de datos e de servidores corporativos.
- Explotar os datos de aplicación corporativa
- Desenvolver e manter as aplicacións corporativas
- Dar soporte e resolución de incidencias.

Resultado da área de transferencia por campus. Ano 2016.

TRANSFERENCIA	Campus de Ourense	Campus de Vigo	Campus de Pontevedra	Total	
Contratos de licenza		7		7	
Spin-off	titorizadas	1	2	1	4
	creadas		1		1
Patentes solicitadas no 2016	nacionais		15		15
	internacionais		13		13
Patentes concedidas no 2015	nacionais		19		19
	internacionais		2		2
Patentes en explotación a 31/12/2016	nacionais	1	19		20
	internacionais		2		2
Patentes postas en explotación en 2016	nacionais		6		6
	internacionais				0
Nº de patentes nacionais activas				203	
Modelos de utilidade solicitados no ano 2016				0	
Modelos de utilidade concedidos no ano 2016				0	
Modelos de utilidade en explotación no 2015				0	

No ano 2016 foron solicitadas 28 patentes fronte ás 16 de 2015. Tamén aumentaron as patentes concedidas nese último ano: pasaron de 16 a 21. Polo contrario diminuíron o total das patentes en explotación: 24 en 2015 e 22 en 2016. O número de *spin-off* tamén diminuíu pasando de 6 durante o 2015 a 5 no 2016.

2.6 Principais fitos acontecidos na Universidade de Vigo. Ano 2016

A continuación cítanse os principais fitos acontecidos na nosa universidade en dito período:

- Inauguración do Edificio Tecnolóxico Aeroespacial no Porto de Molle para o CINAIE.
https://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=11190
- Na rehabilitación do edificio Benito Corbal en Pontevedra, cédense a UVigo catro plantas
https://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=11420&Itemid=23
- Consecución da exposición do Pergamiño Vindel para Vigo, que se atopa na Morgan Library Museum.

- Realización da I Feira de Internacional do Emprego Universitario.
https://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=11908&Itemid=23
- Aprobación dos plans de doutoramento do campus CREA S2I e campus da auga
- Nace a I Cátedra Internacional José Saramago.
https://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=11690&Itemid=23
- A Universidade de Vigo participa na Plataforma de Estudos Feministas e de Xénero.
https://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=11853&Itemid=23

2.6.1 Premios e distincións

Durante o ano 2016 o esforzo de moitos membros/as da nosa comunidade universitaria foi recoñecido a través de diferentes premios e distincións entre os que se destacan:

- Premios extraordinarios fin de carreira
O Consello de Goberno, durante o curso 2015-2016, concedeu esta distinción a 5 alumnos/as de ciclo (1 muller), 51 alumnos/as de grao (29 mulleres) e a 41 alumnos/as de doutoramento (27 mulleres).
- Premios fin de carreira Xunta de Galicia
No ano 2016 un total de 21 alumnos/as da Universidade de Vigo recibiron esta distinción, dos cales 14 foron mulleres.
- Premios Ernestina Otero
Outorgado polo concello de Pontevedra a dúas estudantes de ciencias das facultades de Ciencias da educación e de Belas Artes, por realizar traballos de fin de grao e de mestrado que incorporan a perspectiva de xénero..
- Premio Outorgado pola Axencia Espacial Europea
No concurso Europeo de Navegación por Satélite a PDIE un investigador por un sistema de navegación que permite aos drons aterrizar en circunstancias desfavorables.
- Premio Pontevedreses 2016
Outorgado por Diario de Pontevedra co patrocinio de Ence e Abanca á unha profesora e un profesor das facultades de Ciencias da Educación e de Belas Artes polo desenvolvemento dunha educación inclusiva e unha traxectoria artística.

- Premio de promoción de novos investigadores da Real Academia Galega de Ciencias.
A un investigador da Facultade de Química, por un traballo de fin de grao sobre o deseño e obtención de nanopartículas octaédricas de monóxido de cobalto.
- Concurso internacional XMINT (UNICEF)
A varios estudantes da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación por unha aplicación para teléfonos móbiles na que, a través dunha “estratexia de gamificación”, implica a cidadanía nas actividades humanitarias que desenvolve UNICEF.
- Premios Provinciais Investigación 2014
Outorgado pola Deputación de Pontevedra a un proxecto e dúas teses que desenvolven: unha metodoloxía estatística que axuda a determinar a talla óptima para a captura do percebe; unha substancia endóxena como posible axente antiparkinsoniano; e a análise das bases xenéticas que determinar o potencial antioxidante de verduras como o grelo e ou repolo.
- XXXV Premio de Novela Longa Eduardo Blanco Amor.
Da Deputación de Ourense a un profesor e investigador da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación polo libro “Blues para Moraima”.
- Centennial Awards (revista Genetics).
Outorgado pola Sociedade Americana de Xenética ao artigo The Nature of Genetic Variation for Complex Traits Revealed by GWAS and Regional Heritability Mapping Analyses.
- Premio do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicacións
Para o mellores proxectos de fin de carreira, outorgado a un estudante da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, por un traballo para mellorar as comunicacións vía satélite con terminais móbiles (coches, barcos, drones...)
- Premios Miradas (Fundación Manantial)
Outorgado a unha estudante de Belas Artes por un traballo que trata de mellorar as calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental.
- Coordinadora estatal de VIH_SIDA (CESIDA).
Outorgada a unha estudante da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación por unha proposta de campaña publicitaria para a concienciación do VIH.
- Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste
Premio ao mellor expediente académico da súa promoción a unha estudante da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas.

2.6.2 Posición nos ranking

A Universidade de Vigo tivo durante o ano 2016 o recoñecemento internacional dalgúns dos rankings universitarios máis relevantes.

De entre os principais logros salientamos os seguintes:

- *Ranking de Shanghai (ARWU)*.- A Universidade de Vigo ocupa unha posición entre as 301-400 mellores do mundo en enxeñaría medioambiental e entre as 401-600 en enxeñaría de materiais.
- *Times Higher Education (THE)*.- A Universidade de Vigo figura dende o ano 2013 entre as 200 universidades do mundo de menos de 50 anos.
- *Green Metric*.- Neste ranking, que mide as universidades polo súa sostibilidade ambiental, a nosa institución ocupa o posto 321 mundial.

En ámbito estatal, destacamos que no ranking de transparencia das universidades, elaborado pola Fundación Compromiso y Transparencia, a nosa institución ocupa o 2º lugar, compartido coa Universidad de Cádiz.

<https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/pagina/show/22>

Capítulo 3. A Universidade de Vigo e a responsabilidade social. Creación de valor para a sociedade.

3.1 Alcance e cobertura da Memoria de responsabilidade social

O período cuberto por esta memoria correspóndese, en termos xerais, ao curso académico 2015-2016. Non obstante, a existencia dalgúns informes de xestión que contabilizan os datos por anos naturais, obríganos neses casos, a incorporar información relativa ao ano natural 2016.

Esta memoria é a sétima dunha serie elaborada con periodicidade anual. A primeira memoria toma por base o ano 2010 con datos do curso académico 2009-2010, e así sucesivamente ata a última publicada que reportaba sobre o desempeño acadado no curso 2014-2015.

Este informe inclúe o resultado dos impactos ambientais, económicos e sociais máis relevantes que xera a actividade da Universidade de Vigo, sen limitacións de alcance. Na presente memoria figuran algúns dos contidos básicos xerais e específicos da guía para a elaboración da memorias de *Global Reporting Initiative* (GRI) versión G4. Esta información cobre a Universidade de Vigo cos seus campus, e só parcialmente dáse conta daquelas entidades xuridicamente independentes en que participa a universidade.

A elaboración desta memoria foi posible grazas á contribución do persoal da Universidade de Vigo, coordinado pola Vicerreitoría de Economía e Planificación a través da Unidade de Estudos e Programas.

A información aportada procede das memorias de actividades e informes elaborados polas distintas áreas da universidade, do portal de transparencia da institución <https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/> e noutros casos foi expresamente elaborada para a redacción desta memoria.

Non se deron cambios significativos respecto ás anteriores memorias no referente á cobertura e aos métodos de valoración aplicados, así mesmo, non se produciron tampouco cambios significativos nin no tamaño nin na estrutura da Universidade de Vigo.

Atendendo ao principio de mellora continua e enfoque participativo que nos inspira, insistimos na necesidade de que os distintos grupos de interese fagan as súas contribucións cara a perfeccionar as políticas de responsabilidade social da Universidade de Vigo e a calidade desta serie de memorias. Polo de agora este obxectivo está parcialmente desenvolvido e constitúe un reto ao que a nosa institución ten que facer fronte en datas próximas.

3.2 Obxectivos e principios da memoria

Os obxectivos básicos que persegue a Universidade de Vigo coa elaboración desta serie de memorias son os seguintes:

- Incorporar a sustentabilidade como valor clave de xestión, buscando o equilibrio entre o curto e o longo prazo e favorecendo a evolución e a fortaleza institucional.

- Integrar o concepto de responsabilidade social no seu acervo cultural e facer da rendición de contas e do diálogo cos grupos de interese un hábito.
- Dispor dunha ferramenta de xestión adicional que permita fixar obxectivos e avalialos a través do triplo balance: social, económico e ambiental.

Os principios que se seguiron na redacción desta memoria son os establecidos pola GRI (*Global Reporting Initiative*, capítulo 4 da versión G4) para ser usados de xeito combinado cara a definir o contido e a calidade das memorias de sustentabilidade

Principios para a definición do contido:

- Participación dos grupos de interese
- Contexto da sustentabilidade
- Materialidade
- Exhaustividade

A Universidade de Vigo, consciente de que o futuro se constrúe no presente, ten a vocación de mellorar a integración dos grupos de interese na súa xestión tendo como horizonte a sustentabilidade da institución. A apertura do portal de transparencia e o deseño do que será nun futuro próximo o portal de datos abertos constitúen as ferramentas idóneas para consolidar a cultura de transparencia e goberno aberto que inspira á universidade desde hai varios anos.

Todo o que figura nesta memoria correspóndese coa realidade dos feitos que de xeito exhaustivo esperamos mellorar en anos sucesivos cara a reflectir os impactos sociais, económicos e ambientais mais significativos.

Principios para definir a calidade da memoria:

- Equilibrio
- Comparabilidade
- Precisión
- Puntualidade
- Claridade
- Fiabilidade

Ano a ano procuramos mellorar o contexto da información aportada, incluíndo series históricas e indicadores referidos ao ámbito universitario cara a facilitar a avaliación por parte das partes interesadas e cumprindo así co principio de comparabilidade.

En canto a puntualidade, son sete anos nos que de xeito ininterrompido se publica esta memoria. Este ano conseguiuase publicar de novo no mes de novembro; o reto agora está en lograr publicala dentro do terceiro trimestre de cada ano.

3.3 A responsabilidade social nos procesos de ensinanza-aprendizaxe

A oferta formativa da Universidade de Vigo inclúe a responsabilidade social como eixe transversal en diferentes estudos de grao e posgrao, así como tamén conformando por si mesma o obxecto de estudo en programas académicos e cursos específicos.

GRAOS	Obxectivos
Grao en Dereito	Atención á discapacidade Responsabilidade social Prevenición do medio ambiente
Grao en Administración e Dirección de Empresas	Responsabilidade social
Grao en Dirección e Xestión Pública	Responsabilidade social
Grao en Educación Infantil	Atención á discapacidade Responsabilidade social
Grao en Educación Primaria	Atención á discapacidade Responsabilidade social
Grao en Educación Social	Atención á discapacidade Responsabilidade social
Grao en Traballo Social	Atención á discapacidade Responsabilidade social
Grao en Publicidade e Relacións Públicas	Responsabilidade social
Grao en Economía	Responsabilidade social
Grao en Comercio	Responsabilidade social
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	Responsabilidade social Prevenición de riscos laborais
Grao en Xeografía e Historia	Responsabilidade social
Grao en Belas Artes	Responsabilidade social
Grao en Linguas Estranxeiras	Responsabilidade social
Grao en Tradución e Interpretación	Responsabilidade social
Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	Responsabilidade social
Grao en Enfermaría	Atención á discapacidade Responsabilidade social
Grao en Fisioterapia	Atención á discapacidade Responsabilidade social
Grao en Actividade Física e do Deporte	Atención á discapacidade Responsabilidade social
Grao en Ciencias Ambientais	Responsabilidade social Prevenición do medio ambiente
Grao en Química	Atención á discapacidade Responsabilidade social Prevenición de riscos laborais Prevenición do medio ambiente

Grao en Química Industrial	Responsabilidade social Prevenção de riscos laborais Prevenção do medio ambiente
Grao en Consultaría e Xestión da Información	Responsabilidade social
Grao en Ciencias do Mar	Atención á discapacidade Responsabilidade social Prevenção do medio ambiente
Grao en Bioloxía	Responsabilidade social Prevenção do medio ambiente
Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	Responsabilidade social Prevenção de riscos laborais Prevenção do medio ambiente
Grao en Enxeñaría Agraria	Responsabilidade social Prevenção de riscos laborais Prevenção do medio ambiente
Grao en Enxeñaría Forestal	Responsabilidade social Prevenção de riscos laborais Prevenção do medio ambiente
Grao en Enxeñaría da Enerxía	Responsabilidade social Prevenção do medio ambiente
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	Responsabilidade social Prevenção de riscos laborais Prevenção do medio ambiente
Grao en Enxeñaría Eléctrica	Responsabilidade social Prevenção de riscos laborais Prevenção do medio ambiente
Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	Responsabilidade social Prevenção de riscos laborais Prevenção do medio ambiente
Grao en Enxeñaría Mecánica	Responsabilidade social Prevenção de riscos laborais Prevenção do medio ambiente
Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	Responsabilidade social Prevenção de riscos laborais Prevenção do medio ambiente
Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	Responsabilidade social
Grao en Enxeñaría Informática	Responsabilidade social
Grao en Organización Industrial	Responsabilidade social Prevenção de riscos laborais Prevenção do medio ambiente

MESTRADO	Obxectivos
Mestrado en dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos	Atención á discapacidade
Mestrado en intervención multidisciplinar na diversidade en contextos educativos	Atención á discapacidade
Mestrado en necesidades específicas de apoio educativo	Atención á discapacidade
Mestrado en investigación psicosocioeducativa con adolescentes en contextos escolares	Atención á discapacidade
Mestrado en administración integrada de empresas e responsabilidade social corporativa	Responsabilidade social
Mestrado en xestión do desenvolvemento sostible	Responsabilidade social Prevención do medio ambiente
Mestrado en innovación industrial e optimización de procesos	Responsabilidade social
Mestrado en enxeñaría de minas	Responsabilidade social Prevención do medio ambiente
Mestrado en contaminación industrial: avaliación, prevención e control	Prevención do medio ambiente Responsabilidade social
Mestrado en enerxía e sostenibilidade	Prevención do medio ambiente Responsabilidade social
Mestrado en prevención de riscos laborais	Prevención de riscos laborais
Mestrado en enxeñaría industrial	Responsabilidade social Prevención de riscos laborais Prevención do medio ambiente
Mestrado en acuicultura	Prevención do medio ambiente Responsabilidade social
Mestrado en bioloxía mariña	Prevención do medio ambiente
Mestrado en ciencias biolóxicas	Responsabilidade social Prevención do medio ambiente
Mestrado en investigación química e química industrial	Prevención do medio ambiente
Mestrado en oceanografía	Responsabilidade social Prevención do medio ambiente
Mestrado en investigación física, deporte e saúde	Atención á discapacidade
Mestrado en valoración, xestión e protección do patrimonio	Prevención do medio ambiente

Mestrado en creación, dirección e innovación na empresa	Responsabilidade social Prevenção de riscos laborais Prevenção do medio ambiente
Mestrado en ciencia e tecnoloxía agroalimentaria e ambiental	Prevenção do medio ambiente
Mestrado en dirección de PEMES	Responsabilidade social Prevenção de riscos laborais Prevenção do medio ambiente
Mestrado en dirección integrada de proxectos	Responsabilidade social Prevenção de riscos laborais
Mestrado en xestión e dirección laboral	Prevenção de riscos laborais
Mestrado en dirección pública e liderado institucional	Responsabilidade social
PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO	
Equidade e innovación en educación	Atención á discapacidade
Xeotecnoloxías aplicadas á construción, enerxía e industria	Responsabilidade social
Análise económico e estratexia empresarial	Responsabilidade social
Ciencia e tecnoloxía química	Responsabilidade social Prevenção do medio ambiente
Ecosistemas terrestres, uso sostible e implicacións ambientais	Responsabilidade social Prevenção do medio ambiente
Educación, deporte e saúde	Atención á discapacidade
Ciencias da educación e do comportamento	Atención á discapacidade
Investigación en tecnoloxías e procesos avanzados na industria	Responsabilidade social Prevenção de riscos laborais
Metodoloxía e aplicacións en ciencias da vida	Responsabilidade social
Ordenación xurídica do mercado	Responsabilidade social Prevenção de riscos laborais
Eficiencia enerxética e sustentabilidade en enxeñaría e arquitectura	Responsabilidade social Prevenção do medio ambiente
Deporte, educación física e actividade física saudable	Atención á discapacidade
Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión	Responsabilidade social Prevenção de riscos laborais Prevenção do medio ambiente

3.3.1 Materias impartidas en inglés

A Universidade de Vigo mantén o seu compromiso coa internacionalización e a mellora nas capacidades lingüísticas dos seus estudantes. Neste sentido, ademais da formación no Centro de Linguas, vaise artellando cada curso académico un número crecente de materias impartidas en inglés nas titulacións oficiais.

Queda excluída da seguinte táboa a docencia impartida no Grao en Linguas Estranxeiras da Facultade de Filoloxía e Tradución pola natureza mesma do grao, no que un 89 % das materias se imparten nunha lingua estranxeira (46 % en inglés, 14,7 % en alemán, 14,7 % en francés e 3,6 % en portugués).

Oferta de docencia de grao en inglés no ano académico 2015/2016

Centro	Nº de titulacións	Nº de materias	Nº de docentes		Horas impartidas en inglés
			Mulleres	Homes	
Fac. de Ciencias	1	1	0	1	28
Fac. De Ciencias da Educación	1	1	0	1	23
Fac. De Empresariais e Turismo	1	8	3	6	450
Escola superior de Enxeñería Informática	1	6	2	2	246,5
Fac. Ciencias Xurídicas e do Traballo	1	1	2	0	51
Escola de Enxeñería de Telecomunicación	1	10	2	12	448
Escola de Enxeñería Industrial	6	36	1	7	343
Escola de Negocios Afundación	1	6	2	1	840
Facultade de Bioloxía	1	2	0	2	11
Facultade de Ciencias do Mar	1	3	1	3	134
Fac. De Ciencias Económicas e Empresariais	1	8	5	4	208,5
Fac. Fisioterapia	1	1	1	0	20
Fac. De Química	1	1	0	3	91
Total	18	84	19	42	2894

Oferta da docencia de mestrado en inglés no ano académico 2015/2016

Centro	Nº de titulacións	Nº de materias	Horas impartidas en inglés
Esc. de Enxeñaría de Telecomunicación	1	16	450
Escola de Enxeñaría Industrial	1	12	482
Escola de negocios Afundación	1	5	48
Fac. De Bioloxía	1	1	224
Total	4	34	1204

3.3.2. Campus Virtual

As novas tecnoloxías contan cunha grande implantación na Universidade de Vigo, que pon a disposición do seu alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos, un bo número de servizos virtuais, coa finalidade de facilitar trámites ou, simplemente, de achegarse dun xeito sinxelo aos seus usuarios e usuarias.

http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/vida/virtual/index.html

Algúns dos servizos ofrecidos son os seguintes:

Faitic

É un espazo virtual feito á túa medida onde atoparás a gran maioría das materias das que te matricules. Así, faitic vaiche servir de apoio para as túas clases presenciais e de canle de comunicación cos teus profesores. A través de faitic poderás consultar ou descargar os apuntamentos que o profesor publique no espazo da súa materia, recibir avisos importantes, enviar mensaxes ao teu profesor, realizar entregas en liña de traballos para ser avaliados e moito máis.

Coma sempre, vaiche pedir un usuario e unha contrasinal. Cando accedas por primeira vez tanto o usuario como o contrasinal serán o DNI sen letra. En canto accedas, vai pedirche que modifiques o contrasinal para que sexa máis seguro.

App Uvigo

Non perdas ningunha noticia da Uvigo e baixa esta app. A través dela poderás consultar as túas notas e tamén recibir todos os avisos sobre bolsas, cursos...que se publican na web da Uvigo. Podes establecer as túas preferencias e filtrar os avisos, así que ti decides queres que che cheguen e cales non. Tamén atoparás máis información interesante como outras titulacións da Uvigo, directorio...

3.3.3. Innovación educativa

A Universidade de Vigo a invocación educativa a través da constitución de Grupos de Innovación Docente (GID), que son grupos de traballo estables de profesorado universitario que teñen como finalidade desenvolver accións dirixidas á formación, innovación e renovación do modelo educativo co obxectivo de favorecer a aprendizaxe do alumnado.

Este tipo de grupos permiten reflexionar sobre a práctica docente e constitúen un marco idóneo para impulsar o traballo cooperativo entre docentes de diferentes centros e ámbitos disciplinares que comparten obxectivos comúns.

A Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado promove esta iniciativa coa finalidade de xerar un impacto real que axude a transformar e a renovar o ensino na Universidade de Vigo.

http://vicprof.uvigo.es/vicprof_gl/formacion/innovacion/grupos/

3.3.4. Accións de titorización do estudantado

No que respecta á orientación aos/as estudantes por parte dos centros nos que están matriculados, cada curso académico se recollen no Plan de acción tutorial (PAT), as actuacións destinadas a favorecer a integración do alumnado na vida universitaria e atender as súas necesidades formativas e informativas. O PAT, co que contan todas as titulacións oficiais da universidade, transcende o modelo especificamente académico, preocupado pola transmisión de coñecementos e a adquisición de competencias polo alumnado, e aposta por un modelo educativo no que conflúen ademais funcións socioeducativas, como a atención á diversidade, a orientación á aprendizaxe ou a procura da igualdade de xénero. Contempla, en definitiva, o desenvolvemento persoal ademais do académico.

Por outra banda, por iniciativa dalgúns centros, a universidade conta cun programa de titorización de novo alumnado, no que estudantes veteranos con formación específica en técnicas de estudio, mentoring, liderado e intelixencia emocional axudan e asesoran ao estudantado que ingresa na titulación. Dado o éxito do programa cada curso académico esténdese a máis titulacións.

Por outra banda, por iniciativa dalgúns centros, a universidade conta cun programa de titorización de novo alumnado, no que estudantes veteranos con formación específica en técnicas de estudio, mentoring, liderado e intelixencia emocional axudan e asesoran ao estudantado que ingresa na titulación. Dado o éxito do programa cada curso académico esténdese a máis titulacións. Centros con programas de mentores implantados:


- Escola de Enxeñaría de Telecomunicación
- Facultade de Filoloxía e Tradución
- Facultade de Química
- Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

3.3.5. Calidade na docencia

Cada curso académico a Universidade de Vigo realiza enquisas de satisfacción coa actividade docente na que participan os distintos axentes involucrados na docencia de titulacións oficiais (alumnado, PAS e PDI)

O resultado das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais comprende a opinión que teñen tanto alumnos como profesores/as sobre a marcha das titulacións impartidas.

Índice de participación. Evolución histórica. Estudiantado.



	2010-2011	2011-2012	2012-2013	2013-2014	2014-2015	2015-2016
Estudiantes	18,35%	18,87%	16,27%	17,54%	25,17%	30,05%
Profesorado	36,28%	34,84%	31,43%	36,43%	44,42%	*

* A partir do ano 2014/2015 pasa a realizarse esta enquisa para o profesorado bianualmente.

Conclusiones

- Os resultados de participación presentan moita variabilidade entre os diferentes centros e titulacións.
- A pesar da darse unha estabilidade histórica nos resultados de participación en anos anteriores, tanto no profesorado como no estudiantado, este último ano houbo un incremento en ambos grupos.
- A participación é sistematicamente maior das mulleres, tanto no estudiantado como no profesorado.

Índices de satisfacción global 2015/2016

INDICES DE SATISFACCIÓN GLOBAL 2015/2016 (Valor de 1-5)

Grao de satisfacción do PAS	Grao de satisfacción do estudantado	Grao de satisfacción egresado/as
3,61	3.15	3,30


RESULTADOS POR INDICADORES

PAS	Valor (1 a 5)	Estudiantes	Valor (1 a 5)
Satisfacción global	3.61	Grao de satisfacción (xeral)	3,15
Satisfacción xeral sobre o centro e as súas titulacións	3,74	Obxectivos e competencias	3,47
Satisfacción coa comunicación	3,80	Orientación ao estudantado	2,74
Satisfacción cos recursos humanos	3,24	Planificación e desenvolvemento das ensinanzas	3,06
Satisfacción cos recursos materiais e servizos	3,62	Recursos materiais e servizos	3,35
Satisfacción coa xestión da calidade	3,46	Resultados	3,20
Satisfacción coa xestión das titulacións (xeral)	3,71	Xestión da calidade	2,91

Grao de satisfacción do estudiantado, PAS e persoas egresadas desagregado por sexo curso 2015-2016.

Escala 1 a 5.

Grado de satisfacción 2015/2016



A enquisa de satisfacción dende o curso 2014/2015 pasa a realizarse nunha escala 1 a 5. Para a consulta da evolución histórica recoméndase ver memorias de responsabilidade social de anos anteriores.

Como podemos observar na gráfica anterior, o grao de satisfacción é maior entre o PAS e o alumnado egresado. Tamén é maior en xeral entre as mulleres ca entre os homes.

3.4 A responsabilidade social na investigación e a transferencia do coñecemento

3.4.1. Grupos de investigación en áreas vinculadas a responsabilidade social

DISCAPACIDADE

- Equipo de psicoloxía evolutiva da educación (HI9)
- Equipo de tecnoloxías da información e a comunicación en educación (DO1/B, TICEDU)
- Equipo de investigación en diversidade educativa (DO2, EIDE)
- Equipo de Didáctica Especias (HI6)
- Diferentes perspectivas na Investigación sobre o Deporte: Xénero, Integración e Creatividade (HI6)

ERGONOMÍA	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo de enxeñería e deseño (EG2) • Equipo de repercusións orgánicas da actividade física (HI10)
ENFERMIDADES DEXENERATIVAS (ALZHEIMER, ELA, PARKINSON, DEMENCIAS, ETC.)	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo da saúde pública e neuroloxía (MP1)
AUTISMO	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo de análise e intervención psicosocioeducativa 2 (CC1)
LINGUA DE SIGNOS	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo de lingua de signos e lingua española (HI4) • Equipo de Tecnoloxías Telemáticas (TC1)
LINGUA DE SIGNOS	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo de lingua de signos e Lingua Española (HI4)
INVIDENTES	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo de motricidade para todos (DE4)
MAIORES E SAÚDE	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo de Intervención Educativa na Actividade Física para a Promoción da Saúde HealthyFit (HI22) • Equipo de Bioenxeñería e Cronobioloxía (SC4) • Equipo de investigación en deporte e saúde (HI20) • Equipo da saúde pública e neuroloxía (MP1) • Equipo de investigación en actividade física e saúde (DE3) • Equipo de motricidade para todos (DE4) • Equipo de Economía Sociedade e Territorio ECOSOT (EA7) • Saúde, Sexualidade e Xénero
ENVELLECIMENTO ACTIVO	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo de Bioenxeñería e cronobioloxía (SC4) • Equipo de Intervención Educativa na Actividade Física para a Promoción da Saúde HealthyFit (HI22)
MINORÍAS ÉTNICAS, POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo de análise e intervención psicosocioeducativa 2 (CC1) • Equipo de Economía Sociedade e Territorio ECOSOT (EA7) • Equipo Dereito do Traballo e da Seguridade Social (DT1) • Colaboración e Innovación para a Equidade Educativa e Social (CIES-UVigo)
PREVENCIÓN DA VIOLENCIA (XUVENIL, MALTRATO). MEDIACIÓN FAMILIAR	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo Psicología xurídica (PS1) • Saúde, Sexualidade e Xénero • Equipo de Dereito Procesual (DL1)
INMIGRANTES, MENORES, MAIORES, MULLERES	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo de intervención educativa de colectivos en risco social (L10) • Diferentes Perspectivas na Investigación sobre o Deporte: Xénero, Integración e Creatividade (HI6) • Equipo de Economía Sociedade e Territorio ECOSOT (EA7)

	<ul style="list-style-type: none"> • Saúde, Sexualidade e Xénero • Dereito Penal (DP1) • Equipo Tradución & Paratradución (T&P) (TI4) • Equipo de Dereito Civil (DC2/A) • Equipo de Avaliación de Políticas, Programas e Plans (L4) • Didácticas das Ciencias. Xénero, Teoría e H^a da Educación, do Pensamento e da Ciencia (DES) • Equipo de Teoría e Historia da Educación (TH1) • Equipo de Minorías e Cultura GLBT (ES4)
ACCESIBILIDADE DAS TIC EN PERSOAS CON DEFICIENCIAS, DISCAPACIDADES, MINUSVALÍAS. E-LEARNING	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo de tecnoloxías da información e a comunicación en educación (DO1/B, TICEDU) • Equipo de tecnoloxías para a sociedade da Información (ET1/A) • Equipo de Psicoloxía Evolutiva da Educación (HI9) • Diferentes Perspectivas na Investigación sobre o Deporte: Xénero, Integración e Creatividade (HI6) • Equipo de Tecnoloxía da Información e Comunicacions (E-TIC) (ET1/B)
RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA (RSC)	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo de dereito do traballo e da seguridade social (DT1) • Desenvolvemento Estratéxico: Organización e Territorios G4+ (OC1/A) • Equipo de Marketing- Vigo (I-MARK) • Contabilidade e auditoría (EF9) • Equipo de Investigación en Comunicación (CS1) • Equipo de Análise Económica (EA8/A)
ÉTICA	<ul style="list-style-type: none"> • Didáctica das ciencias. Xénero, teoría e historia da educación, do pensamento e da ciencia (DE5) • Equipo Tradución & Paratradución (T&P) (TI4)
COOPERACIÓN INTERNACIONAL	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo de Cooperación Xurídica Internacional (DI1) • Equipo de Economía Financeira 5 (EF5) • Desenvolvemento Estratéxico: Organización e Territorios G4+ (OC1/A)
BENESTAR	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo de Economía Sociedade e Territorio ECOSOT (EA7) • Group of Researchers in Empirical Economics- GRIEE (EA10)
PEGADA ECOLÓXICA	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo de economía aplicada (EA5) • MEDEA Iuris
DEPENDENCIA	<ul style="list-style-type: none"> • Group of Researchers in Empirical Economics- GRIEE (EA10) • Equipo de Psicoloxía Xurídica (PS1)
RISCOS LABORAIS	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo de Dereito do Traballo e da Seguridade social (DT1)

3.4.2. Proxectos de investigación e actividades de I+D

Boa parte da actividade investigadora e de transferencia de resultados de investigación da Universidade está directamente relacionada coa responsabilidade social. Cabe destacar os seguintes proxectos de investigación e as seguintes actividades de I+D:

Proxectos de investigación relacionados coa responsabilidade social 2016	Convocatoria
Implicacións xurídicas nas crises humanitarias provocadas por conflitos armados.	Estado
Insumos bioactivos para a agricultura e rehabilitación de solos contaminados.	Estado
Reconstrución do aporte orgánico aos sedimentos do Pacífico este ecuatorial durante a transición do Pleistoceno medio: implicacións do océano nos cambios climáticos.	Estado
Especialización e hibridación en peixes mariños: combinando estudos de xenómica, ecoloxía e comportamento fronte ao cambio global.	Estado
Alternativas ambientalmente repectuosas para polímeros e os seus aditivos químicos en medio acuático.	Estado
Catálises In-Silicio para o desenrolo de novas metodoloxías sintéticas sostibles.	Estado
Conflito de dereitos e produción normativa.	Estado
Desigualdade, segregación e exclusión social comprendendo as orixes e as consecuencias.	Estado
Deseño numérico de dispositivos flotantes para aproveitamento de enerxía das ondas: eficiencia e supervivencia.	Estado
Deseño numérico de estratexias integradas para a obtención de compostos bioactivos de orixe mariño.	Xunta
Viabilidade do aproveitamento integral dos bosques de castiñeiros da AGACA	Xunta
Climate adaptation to shifting stocks.	Europeo
	Tipo
Contratación I+D relacionada coa responsabilidade social 2016	
E-CORYDORA: desenvolvemento dun prototipo de equipo autónomo de dragado submarino e incorporación nun sistema integral de dragado sostible	Contratos
Incremento da seguridade alimentaria en mercados nacionais e internacionais a través do desenvolvemento de novas tecnoloxías e procesos sostibles e innovadores (ALISEG)	Contratos

Estudo de avaliación de impacto ambiental da concesión Alberta I.	Contratos
Estudo da viabilidade dun material composto sostible a base de materiais derivados de biomasa.	Contratos
Deseño de xestión dun sistema piloto de vermicompostaxe.	Contratos
Intervención arqueolóxica e de conservación básica no castro de Armea (Santa Mariña de Augas Santas, Allariz)	Contratos
Optimización do sistema de compostaxe replicado para o seu emprego como respirómetros dinámicos en bioresiduos e compost.	Contratos
MEDRAR: mellora na depuración de augas residuais en pequenos grupos de poboación.	Contratos
Valoración de residuos agroindustriais para a obtención de bioproductos de alto valor engadido.	Contratos
UFOREST: plataforma tecnolóxica, baseada no uso de UAV'S, para o apoio á decisión no ámbito forestal e medioambiental.	Contratos
Desenvolvemento e aplicación de ferramentas numéricas e experimentais para o deseño de novos sistemas anticontaminación de motores de automoción.	Contratos
Avaliación proxecto: Intéligent Suite: desenvolvemento dunha plataforma farmacoxénética dinámica para o tratamento da depresión (1207.002.15).	Informes
Avaliación proxecto: novo proceso produtivo de pulpa sostible para alimentación animal (1176.00215d).	Informes
Estudo da avaliación dos posibles efectos saudables derivados da inxesta de auga alcalina obtida mediante as xerras que comercializa a empresa.	Informes
Análise de lexiónela en augas de instalacións de risco.	Informes
Estudos da concentración de pole na atmosfera do sur de Galicia: estacións polínicas de Vigo e Ourense no ano 2016	Informes
Análise das augas para control de consumo.	Informes
Avaliación proxecto: desenvolvemento e implementación de solucións TIC innovadoras para unha xestión eficiente e sostible dos procesos asociados ao ciclo integral da auga (1429.001.16)	Informes
Avaliación proxecto 406.248: metodoloxía innovadora e sostible para a xestión e reciclado de palas de aeroxeradores.	Informes

3.4.3 Actividades de divulgación científica

A Universidade de Vigo durante o ano 2016 fomentou iniciativas de divulgación e comunicación que pretenden transmitir coñecementos e acercar á investigación ao público non especializado, e fomentar a participación cidadá no debate científico. Inclúense feiras, conferencias, obradoiros, exposicións, visitas guiadas, publicacións e materiais online divulgativos, etc.

O longo do ano 2016 realizáronse 60 actividades nas que participaron 14.800 persoas cun orzamento de 219.000 euros procedente de fondos propios e alleos, tanto públicos como privados.

Relación de actividades máis salientables:

Visita museos CYT

Días de achegamento da Química aos estudantes de educación secundaria

"Elas fan ciencia" Día internacional da muller na ciencia

Nanopartículas metálicas e as súas aplicacións

Memorial Toni Estany, Vielha, 15-17 xuño 2016

Entrevista en V Televisión, 2 xuño 2016

XVIII Foro dos recursos mariños e da acuicultura das rías galegas

Guía Orientacións para a xestión positiva da ruptura de parella

A parentalidade positiva. O mellor legado para os fillos e fillas. Guía para nais e pais

A parentalidade positiva. O mellor legado para os fillos e fillas. Guía para profesionais

7 Xornadas de parentalidade positiva para as familias

Diseño da páxina web parentalidade positiva

7 Xornadas de parentalidade positiva para os técnicos

IV Xornadas de formación en mediación

Divulgación científica na web

Taller cultivo de macromicetos

Obradoiro de iniciación á observación astronómica

Obradoiro de photoshop: edición dixital

Obradoiro de fotografía dixital

Obradoiro de gaita galega

Obradoiro de montaxe e mantemento de ordenadores

Obradoiro de deseño e creación de elementos gráficos

Obradoiro de iniciación á observación astronómica

Obradoiro de photoshop: edición dixital

Obradoiro de fotografía dixital

Obradoiro de gaita galega

Obradoiro de montaxe e mantemento de ordenadores

Obradoiro de deseño e creación de elementos gráficos

Curso extensión universitaria:

A sociedade da información (II): Formación e avaliación de competencias

Curso extensión universitaria:

A auga e o seu aproveitamento como recurso dinamizador sostible

Audiovisual Galego en Feminino: singularidade e diversidade

Curso extensión universitaria: Cociña: Ciencia e tecnoloxía

Sportnomics: deporte, dereito, economía e cinema

Curso extensión universitaria:

Turismo baseado na cultura da produción tradicional do viño, da cervexa e da sidra.

Experiencias únicas en lugares singulares

Curso extensión universitaria: Traballo social e servizos sociais ante os novos escenarios do benestar e a cuestión social

Día Mundial da Auga

Obradoiros extensión universitaria

Cursos extensión universitaria

Elaboración de material divulgativo sobre as diferentes aplicacións da biotecnoloxía (200 unidades)

Mergúllate no Océano

Campus Científicos de Verán

Xornadas "Bo uso e mal uso do mar"

Día Mundial dos Océanos

III Premio de creación de materiais e recursos docentes con perspectiva de xénero da Universidade de Vigo Antonia Ferrín Moreiras

Visitas alumnos centros de educación secundaria e bacharelato con charlas de orientación/divulgativas e realización de demostracións prácticas no laboratorio (17 visitas en total)

Visitas a centros de educación secundaria e bacharelato para impartir charlas de orientación/divulgativas (3 visitas en total).

Charla Orientación/divulgativa en EDUGAL (Feira Educación)

Conferencia "Como inflúe a Química na vida cotiá" no Club Faro de Vigo

Charlas temáticas da Ciencia

Semana da ciencia 2016

Olimpíada de xeoloxía 2016

Exposición itinerante "Recursos naturais de Galicia"

Ciencia en movemento

Xeolodia 2016

Participación en programas de radio e televisión para falar sobre políticas actuais sobre o cambio climático

Participación en prensa escrita para falar sobre políticas actuais sobre o cambio climático

Audiencia no Parlamento Europeo para analizar a proposta legislativa da Comisión Europea sobre a revisión do actual sistema de comercio de emisións para o período posterior a 2020

Participación en Moving for Climate Now para transmitir a urxencia de combater o cambio climático

Conferencia na Università di Siena sobre sustentabilidade: Second Goodwin Lecture on Sustainability

Publicación do blog de difusión de información da asociación Economics for Energy

3.5 Sistema loxístico de centros de investigación propios ou vinculados

A Lei orgánica de universidades (LOU), no seu artigo 40, establece a posibilidade de que as universidades creen libremente centros propios de investigación para que poidan cumprir diversas funcións estratéxicas dentro das mesmas cara á establecer os vínculos necesarios coa sociedade para poder transferir o coñecemento.

As súas función serían:

- Actuar como centros de apoio instrumental e de servizo ás actividades dos grupos de investigación.
- Permitir economías de alcance no uso de grandes infraestruturas e equipamento de alta tecnoloxía.
- Integrar e enfocar recursos e capacidades de investigación cara áreas de interese para a Universidade.
- Consolidar unidades de investigación que, apoiándose na actividade dos grupos de investigación, posibiliten o incremento da calidade da I+D+i.

3.5.1 Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI)

<http://webs.uvigo.es/cactiweb/>


O CACTI, adscrito á Vicerreitoría de Investigación, ten como misión prestar apoio científico e tecnolóxico a todos os labores de investigación e desenvolvemento que se realicen nos diversos ámbitos científicos da Universidade de Vigo.

Ten como obxectivo a adquisición, xestión e utilización centralizada de grandes equipamentos científicos coa vocación de proporcionar apoio científico tecnolóxico tanto a membros da comunidade Universitaria como aos Organismos Públicos de investigación (O.P.I.s), no ámbito nacional e internacional, e entidades privadas do noso entorno

O CACTI cubre os servizos máis punteiros da investigación científica: determinación estrutural, proteómica e xenómica, nanotecnoloxía e análise de superficies, microscopia electrónica, desenvolvemento sostible e seguridade alimentaria (campus de Vigo e Ourense), detección remota, taller de mecanizado e taller de electrónica e calibración. Así o CACTI, nas súas sedes de Vigo e Ourense, configúrase como un centro dotado dunha moi alta infraestrutura de investigación sen comparación no seu entorno xeográfico.

Facturación CACTI. Ano 2016

Cientes	Nº de usuarios/as	Importe	IVE	Total Facturación	% facturación	Nº de solicitudes	Importe medio por solicitude
Universidade de Vigo		152.552		152.552	61%	2.174	116
Outras univ. e org. públicos	36	44.658	6.234	50.892	18%		
Empresas	51	54.673	9.931	64605	22%		
Total		251.883	16166	268.049			



O corenta por cento servizos contratados ao CACTI foron realizados por organismos públicos e outras universidades ademais de por empresas o 61% restante foi feito pola propia comunidade universitaria.

3.5.2 CITI.

<http://www.citi.uvigo.es/gl/280-2/>

O Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI), situado en Ourense, é un centro creado no 2005 pola Universidade de Vigo en colaboración coa Xunta de Galicia.

O CITI busca potenciar o desenvolvemento do I+D+i nas empresas, mediante a creación de espazos de colaboración para favorecer e transferir coñecemento dende a Universidade ao

tecido empresarial a través do desenvolvemento de proxectos conxuntos de I+D+i relacionado co ámbito agroalimentario, biotecnoloxía, enerxía, medio ambiente e tecnoloxías da información.

A estrutura do CITI e a súa situación no parque Tecnolóxico de Galicia (TECNOPOLE), facilita a transferencia das tecnoloxías desenvolvidas no Campus de Ourense. O edificio é un elemento nuclear para a realización das tarefas de investigación, innovación e transferencia do coñecemento do campus ourensán, onde a universidade se relaciona coas empresas e desenvolve proxectos conxuntos a partir da transferencia do coñecemento adquirido, onde xorden ideas innovadoras sobre as que construír novas empresas.

O CITI está composto por catro edificacións cilíndricas e unha nave. Entre os catro módulos cilíndricos albérganse un total de 11 laboratorios, 3 plantas técnicas e a oficina de proxectos de I+D+i do Campus de Ourense. Como apoio á labor investigadora e a transferencia de coñecementos aos sectores produtivos, o CITI conta tamén cunha planta piloto.

Na actualidade os grupos de investigación da Universidade de Vigo con espazos o CITI son: Informática Gráfica, Biotecnoloxía Agroalimentaria, Seguridade Alimentaria e Toxicoloxía Ambiental, Investigación de Informática Aplicada e Sistemas Informáticos de Nova Xeración, Termofísica, Edafoloxía e Química Agrícola, Enxeñería Química, Microbioloxía e Valorización e Biomasa.

Durante a última etapa do ano 2015 instalouse, como fin de proceso de licitación do novo centro de cálculo do CITI, o hardware do mesmo. Trátase dunha serie de equipos coa pretensión de dar soporte a diversos grupos de investigación e mesmos a empresas.

Por outro lado, leváronse a cabo tarefas de actualización dos servizos aos usuarios, dende a nube como o servizo de directorio. Isto levou a que o persoal do CACTI (Ourense) se unida a rede de servizos do CITI.

Por último, desenvolveuse unha aplicación web para a Planta Piloto, a cal facilita a xestión da maquinaria, usuarios e tempos de uso, ademais de axudar ao proceso de facturación.

Arestora tres son as firmas que asentaron a súa sede no CITI: GLECEX S.L., e outras dúas, que son as gañadoras dos premios INCUVI- Emprende 2015 e INCUVI-Avanza 2016, outorgados pola Universidade de Vigo, son iBeeAgro, enfocada ao monitoraxe agrícola, e MeigaLabs, enfocada ao deseño e desenvolvemento de videoxogos.

3.5.3 Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT)

<http://www.ecimat.org/index.php?lang=gl>

A Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT) é un edificio modular, flexible e funcional que pon a disposición da comunidade universitaria e doutras institucións públicas ou privadas as instalacións axeitadas para o traballo con auga de mar e cultivos mariños, tanto a escala experimental como de planta piloto.

A transferencia de coñecemento acadado na actividade investigadora aos sectores produtivos constitúen un dos principais obxectivos da ECIMAT dada a actual demanda por parte dos sectores produtivos de traballos científicos relacionados con este ámbito.

A ECIMAT conta con tres unidades:


- Cultivos mariños
- Medio mariño
- Actividades subacuáticas

Dada a relevancia que o sector do mar ten na nosa comunidade, a existencia desta infraestrutura representa o compromiso de ofrecer os nosos equipamentos e servizos para tarefas de investigación en temas mariños a toda a comunidade universitaria e a axentes externos.

Facturación da ECIMAT. Ano 2016

Cientes	Nº de usuarios/as	Importe	IVE	Total Facturación	% facturación	Nº de solicitudes	Importe medio por solicitude
Universidade de Vigo		12.120	0	12.120	76%	81	197 €
Outras univ. e org. públicos	3	3.501	401	3.903	22%		
Empresas	2	3.201	671	3871	2%		
Total		15.942	469	16.410			

IMPORTE BRUTO-FACTURACIÓN E.C.I.M.A.T. 2016 ÁMBITO XEOGRÁFICO-NATUREZA



Durante o ano 2016 a facturación da ECIMAT aumentou notablemente; asináronse contratos de I+D por importe de 16.410 euros mentres que en 2015 os ingresos da ECIMAT foran de 10.983 euros.

Un 76% da prestación de servizos corresponde a usuarios propios da Universidade de Vigo e reportou uns ingresos de 12.120 euros (3.860 euros máis que no ano 2015).

3.5.4 CINBIO

<http://cinbio.es/gl/portada/>

O Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO), adscrito á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, é un centro de investigación multidisciplinar da Universidade de Vigo no que se traballa nas principais áreas de investigación en Biomedicina.

Desde o CINBIO trabállase na investigación básica, aplicada e clínica. Entre os profesionais implicados hai médicos, químicos, biólogos, bioestadísticos e enxeñeiros. O Centro facilita o intercambio de coñecementos, recursos e tecnoloxía entre os grupos e con organismos externos como outras Universidades, Centros de Saúde, Gobernos rexionais, locais e industrias relacionadas.

Obxectivos científicos do CINBIO

Desde o CINBIO trabállase na investigación básica, aplicada e clínica. Entre os profesionais implicados hai médicos, químicos, biólogos, bioestadísticos e enxeñeiros. O Centro facilita o intercambio de coñecementos, recursos e tecnoloxía entre os grupos e con organismos externos como outras Universidades, Centros de Saúde, Gobernos rexionais, locais e industrias relacionadas.

Entre os obxectivos científicos previstos dende o CINBIO destacamos:

- Posicionar e consolidarse como Centro de Excelencia en investigación biomédica, recoñecido a nivel internacional e internacional, desenvolvendo unha investigación interdisciplinar e de alto impacto. A aspiración e obter distincións como Centro de Excelencia Severo Ochoa ou Unidade de Excelencia María de Maeztu.
- Incremento da produción de calidade e cantidade de artigos científicos, elevando a media de impacto das revistas.
- Incremento da masa crítica do centro, estabilización dos grupos e da cualificación de investigadores e técnicos no campo da Biomedicina.
- Incremento do número de patentes licenciadas a nivel internacional e ingresos por contratos con empresas. Potenciación da cultura de valorización e protección da investigación realizada.
- Mellorar a presenza de persoal investigador do centro a nivel internacional, incrementar as colaboracións e o posicionamento en postos de toma de decisións no ámbito científico.
- Incrementar a captación de fondos a través de proxectos internacionais, nacionais e de colaboracións con empresas, fundacións e outras entidades.
- Mellorar a proporción de mulleres/homes nos postos de liderado e en comisións no centro.
- Incrementar o número de grupos que poidan ser considerados de referencia competitiva pola comunidade autónoma.

En canto aos servizos que ofrece o CINBIO atopamos os seguintes:

- Servizo de Bioexperimentación (SB-UVI) foi creado co fin de satisfacer a demanda das persoas investigadores do campo biomédico que empregan modelos animais.
- Servizos técnicos como son: cultivo celular e de laboratorio (BSL3); bioloxía molecular; Histoloxía e Microscopía; preparación de medios e esterilización; Microbioloxía e fagos; Unidade de Citometría de fluxo; Ultracentrifuga, SPR, Liofilizador, Envisión e análise instrumental e soporte metodolóxico (Bioestadística).
- Software.

Durante o 2016 asociáronse novos grupos de investigación ao CINBIO. Na actualidade está formado por dez grupos de investigación:

- Biomasa e Desenvolvemento Sostible
- Biomarcadores moleculares
- Química Coloidal
- Team Nano Tech
- Física Aplicada
- Xenómica Evolutiva
- Inferencia Estatística, decisión e investigación operativa.
- Endocrinoloxía e neurofisioloxía
- Inmunoloxía
- Química Orgánica
- Xenomas móbiles e enfermidades.
- Análise química e efectos fisiolóxicos de biotoxinas e contaminantes ambientais e alimentarios
- Sistemas Informáticos de Nova Xeración

Estes grupos de investigación encádranse en 5 áreas de investigación principais e 3 transversais:

- Cáncer.
- Inmunidade e Inflamación.
- Neurociencia.
- Biosaúde e envellecemento activo.
- Obesidade e enfermidades metabólicas.

Áreas horizontais:

- Bioestatística.
- Bioinformática.

Innovación: Novos métodos en prevención, diagnóstico e terapia

Número de investigadores

En total 180 investigadores/as dos que 98 son mulleres e 82 son homes.

Adicionalmente, entre o persoal de apoio ós servizos e unidades do centro:

- 1 Doutora especialista en Citometría.
- 1 Técnico de Laboratorio xeral.
- 1 Técnica de Anatomía Patolóxica para a Unidade de Histoloxía/Microscopía.
- 2 Xestoras.
- 3 PAS interino no Servizo de Bioexperimentación: 1 Veterinaria e 2 técnicas especialistas.
- 1 Técnica Superior de Apoio (PTA) para SPR. Co-financiado por Ministerio de Economía e Competitividade.
- 1 Técnico en Bioestadística/Bioinformática. Co-financiado polo Ministerio de Economía e Competitividade na Convocatoria de Emprego Xuvenil.

Proxectos de investigación

No ámbito internacional, dos 8 proxectos en curso durante o período académico 2016-2017 destacamos o *ERC Consolidator Grant* do Dr. David Posada do 7º Programa Marco e o novo proxecto *ERC Starting Grant* do Dr José M. Castro Tubío.

Ademais, na nova convocatoria europea RIA – Societal Challenge do Programa Horizon2020 o proxecto *EMI-TB* da doutora África González para o desenvolvemento dunha vacina para a tuberculose.

No ámbito nacional desenvolvéronse 29 proxectos nas principais convocatorias do Plan Nacional de I+D+i, tres deles iniciáronse no ano 2017 e permanecen aínda activos 24.

Desde o ámbito rexional os investigadores han desenvolvido 8 proxectos autonómicos ó longo do 2016, entre os exemplos máis destacados de financiamento do ano 2016 é a concesión da categoría de **Centro Singular de Investigación de Galicia 2016-2019** por parte da Xunta de Galicia. No ámbito rexional ademais da acreditación como Centro Singular de Investigación de Galicia, xa nomeada, coa convocatoria de *Consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento* foron considerados Grupo de Referencia Competitiva os seguintes líderes de grupos:

- Dr. Jacobo de Uña Álvarez de Bioestatística.
- Dra. África González Fernández de Inmunoloxía.
- Dra. Isabel Pastoriza de Química Coloidal.
- Dr. José Luís Legido Soto de Física Aplicada.

Proxecto INBIOMED

Esta agrupación, financiada pola Xunta de Galicia e coordinada polo Dr. Ángel Rodríguez de Lera levou a cabo 23 contratos durante o 2016:

Durante o 2016 xestionáronse 175.000€, divididos en catro partidas:

	2016	2015	2014
PERSOAL, contratos	128.174 €	292.000 €	266.000 €
FUNXIBLE-Gastos	37.726 €	38.125 €	74.700 €
VIAXES-DIETAS	6.100 €	11.600 €	7.300 €
REPARACIÓNS	3.000 €	8.275 €	2.000 €
TOTAL:	175.000 €	350.000 €	350.000 €

As prórrogas deste proxecto ofrecen un soporte financeiro e administrativo necesario para o desenvolvemento de proxectos de investigación biomédica integrados no novo CINBIO.

Proxecto BIOCAPS

O proxecto BIOCAPS foi aprobado no marco do 7º Programa Marco dentro do programa europeo de axudas rexionais (REG-POT) CAPACITIES, CSA – Support Action, Research Potential FP7-REGPOT-2012-2013-1, cun financiamento de 4.611.410 € e unha duración de 42 meses a partires do 1 de febreiro de 2013.

O proxecto BIOCAPS é coordinado por África González Fernández, catedrática de Inmunoloxía da Universidade de Vigo e directora do CINBIO. Este proxecto está destinado a axudar o Instituto Biomédico de Ourense, Pontevedra y Vigo (IBI) a acadar a excelencia científica.

Na web do BIOCAPS <http://webs.uvigo.es/biocaps/> móstranse as áreas de investigación incluídas dentro do proxecto, e os grupos e membros que as compoñen, tanto da Universidade de Vigo como do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, así como as actividades realizadas dende o seu comezo.

Outras actividades desenvolvidas no seo do proxecto Biocaps foron:

- Axudas para contratos a persoal investigador sénior/xestor do proxecto/xestor de transferencia/ técnico especialista en citometría de fluxo
- Axudas para adquirir equipamento científico
- Axudas para asistir a congresos diversos grupos biomédicos
- Axuda para publicar artigos científicos
- Talleres formativos para equipos
- Visitas de persoal investigador a centros titores europeos/invitación de persoal investigador
- Axudas para realizar o Día Internacional...
- Visibilidade do IBI: participación en actividades de difusión en prensa, radio, institutos, televisión, folletos informativos...

A conferencia final do proxecto BIOCAPS foi realizada en Xaneiro de 2016 no Centro Social NovaCaixaGalicia (Vigo).

As últimas actividades científicas realizadas baixo este proxecto foron:

- “Scientific Communication: Getting Started Writing & Speaking”. At the Centro Cultural “Marcos Valcárcel”, Ourense (13-14/01/2016)
- “Implementación Nuevas Directrices de la UE en el campo de la investigación con Animales”. Workshop at University of Vigo. (13/01/2016)

Contratos con empresas

Dende os grupos do centro xestionáronse 20 contratos de I+D e Servicios Tecnolóxicos dos cales 17 foron firmados nesta anualidade.

Actividades CINBIO

No ámbito da docencia, dos programas de doutorado relacionados coa biomedicina, 7 deles están coordinados por investigadores do CINBIO, defendéronse un total de 30 teses no curso 2016-2017 nese mesmo ámbito.

O Centro dispón de website propia <http://cinbio.es/> en inglés e galego, onde se actualiza periodicamente a actividade do centro e conta cun plan de comunicación interno co que se leva a cabo a difusión de noticias, ademais da difusión a través do servizo de comunicación da Universidade (DUVI). Entre os seminarios e charlas organizados no periodo podemos destacar:

- *The landscape of selection in somatic evolution and cancer*. Iñigo Martincorena .Trust Sanger Institute, Cambridge. 27 de outubro de 2016.
- *Citometría de Flujo: ¿qué es y para qué sirve?*. Alfonso Blanco. University College of Dublin, codirector de la Cytometry Society of Ireland. 2 de novembro de 2016.
- *Photonics-on-a-fiber: Sensors and Integrated devices at INESC TEC*. José Luis Santos and Dr. Luis Coelho. 3 de novembro de 2016.
- *Nanomaterials for Biomedicine*. Prof. Teresa Pellegrino. Istituto Italiano di Tecnologia, Italia. 3 de Novembro de 2016.
- *DODAB: MO liposomes for therapeutic cell transfection: a multidisciplinary approach*. Dra. Andreia Gomes. Universidade de Miño, Portugal .23 de novembro de 2016.

No ámbito divulgativo, os investigadores foron promotores e participaron nas actividades de tipo divulgativo:

- *Participación na Semana da ciencia. CINBIO: Xornadas de portas abertas: visita de estudantes de primaria e secundaria.*
- *Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia. Charlas a nenos en centros escolares e institutos.*
- *Participación nos cursos de maiores.*
- *Publicacións en revistas de divulgación científica.*
- *Participación en actividades divulgativas como “Pint of Science” (24 mayo 2016).*
- *Presentación de traballos en congresos.*

3.5.5 Centro de investigación tecnolóxica industrial (MTI)

<http://mti.uvigo.es/>

O Centro de Investigación Tecnolóxica Industrial (MTI), é un edificio estratéxico onde integrar distintas liñas de investigación do ámbito tecnolóxico. Ten como obxectivo dar apoio e dinamizar a investigación, transferencia de coñecemento e innovación no eido industrial, especialmente nos ámbitos da enerxía, medio ambiente, deseño e produción industrial, proporcionando equipamentos e infraestruturas específicas axeitadas.

O MTI albergará diferentes grupos de investigación das Escolas T. Superior de Enxeñeiros Industriais e da Escola de Enxeñeiros de Minas da Universidade de Vigo das áreas de Tecnoloxía Eléctrica, Tecnoloxía Térmica, Enxeñería Química, Enerxética e Ambiental, Investigación en Mecánica Aplicada, Electrónica Industrial, e Física Aplicada.

O edificio ten dúas partes ben diferenciadas. Una planta baixa con unha gran nave-taller, que acollerá aquelas investigacións con necesidades de espazos adaptados para grandes cargas, gran altura libre ou que produzan mais ruído. Nas plantas superiores sitúanse os laboratorios máis convencionais.

3.5.6 CITEXVI: Cidade Tecnolóxica de Vigo S.A

<http://www.citexvi.es/>

CITEXVI é unha sociedade anónima de dereito privado centrada na promoción e impulso das actividades de I+D+i. O seu obxectivo é atraer actores que favorezan o desenvolvemento tecnolóxico e crear un ecosistema multilateral de innovación, segundo un modelo de tripla hélice como estratexia de desenvolvemento local e da Comunidade Autónoma.

Os seus sectores estratéxicos son: telecomunicacións, tecnoloxías da información, enerxías e medio ambiente, ciencias mariñas, biomedicina e tecnoloxías agroalimentarias.

Este obxectivo concrétase acollendo e desenvolvendo plataformas de investigación a través da presenza física en CITEXVI de sedes, centros e laboratorios de I+D de empresas, centros tecnolóxicos de colaboración público/privada e laboratorios de investigación ligados a proxectos empresariais. Tamén acolle spin off universitarias, ás que presta servizos nas fases de preincubación e incubación.

A creación de emprego cualificado, por parte das entidades aloxadas, froito da promoción da cultura de innovación, redonda na mellora do nivel de vida da sociedade e na dinamización dos sectores empresariais, atrae investimentos, promove a creación de empresas, novas patentes e aumento da inversión en I+D.

O compromiso do CITEXVI co medio ambiente está sustentado na propia definición do proxecto construtivo e responde á estratexia de implantación de enerxías renovables que ten esta universidade. Estas actuacións permiten que CITEXVI non só presente un balance enerxético cero, senón tamén que contribúa ao sistema enerxético de xeración de enerxías renovables.

Desde a súa constitución, o CITEXVI acolleu, entre outros, os seguintes proxectos:

- Centro tecnolóxico de eficiencia e sustentabilidade enerxética.
- EnergyLab.
- Centro tecnolóxico das telecomunicacións de Galicia Gradient.
- Laboratorio europeo de referencia de biotoxinas mariñas AESAN.

- IMATIA: empresa dedicada á realización de proxectos de I+D+i relacionados coas novas tecnoloxías para o desenvolvemento de sistemas de información corporativos, administración electrónica, sistemas de información para a xestión da produción e loxística industrial e servizos de desenvolvemento a medida de software.

3.6 Especialización dos campus

3.6.1 Campus do Mar

A Universidade de Vigo obtivo a cualificación de Campus de Excelencia Internacional de ámbito rexional na convocatoria do programa de Campus de Excelencia Internacional do Ministerio de Educación, destinado a mellorar a calidade, visibilidade, competencia e atractivo das universidades españolas coa proposta do Campus do Mar.

Campus do Mar ten a finalidade de impulsar a colaboración con outras entidades mediante acordos a longo prazo nos ámbitos docentes de posgrao, de investigación, de innovación tecnolóxica e de transferencia do coñecemento, cos obxectivos preferentes de fortalecer un sector económico estratéxico para Galicia e de crear un polo científico-tecnolóxico do mar capaz de converterse nun referente a nivel internacional.

En decembro de 2015 o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte fixo pública a resolución sobre a Avaliación final dos proxectos seleccionados en 2010 no programa de Campus de Excelencia Internacional. Esta resolución sustentouse no informe elaborado pola Comisión Internacional sobre o progreso dos proxectos con respecto aos criterios de avaliación e indicadores establecidos no procedemento de seguimento. O proceso de avaliación tiña como obxecto verificar a procedencia do mantemento da cualificación como Campus de Excelencia Internacional dos diferentes CEIs. De acordo coa resolución, Campus do Mar mereceu a cualificación definitiva como Campus de Excelencia Internacional no contexto europeo.

Principais actividades desenvolvidas polo Campus do mar durante o curso 2015-2016

Coordinación do Proxecto

Elaboración do informe final de seguimento do proxecto: en setembro de 2015 entregouse o informe final do proxecto, no marco da avaliación dos Campus de Excelencia Internacional realizado polo Ministerio de Educación.

No marco da convocatoria de axudas para a consolidación de proxectos de excelencia das universidades, en réxime de concorrencia competitiva para o desenvolvemento e reactivación de proxectos de Universidades e Campus de Excelencia Internacional (CEI), da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, obtívose unha subvención de 166.845 para a realización de tres actuacións nos ámbitos do Impulso a Internacionalización, do Programa de

Doutoramento DO*MAR, no reforzamento da rede CEI.MARNET e do fomento da empregabilidade mediante as prácticas preprofesionais.

Deseño e posta en marcha dunha estrutura de gobernanza conxunta co polo portugués do Campus do Mar. Ao longo dos primeiros meses de 2016 tiveron lugar varias xuntanzas para debater o modelo organizativo do que dotarase o Campus do Mar de cara ao seu desenvolvemento no horizonte 2016-2020

Conectividade entre os socios

Campus Dixital do Mar: O Campus Dixital do Mar é un conxunto de servizos dixitais de e-colaboración, videoconferencia aplicada avanzada, teleensino e Web TV, deseñada co obxectivo de proporcionar aos integrantes do Campus do Mar un conxunto de “Espazos Dixitais”, que apoiem a súa labor Investigadora, Docente, de Transferencia e de Interacción coa contorna territorial. Para a prestación destes servizos conxuntamente cos servizos de videoconferencia AccessGrid e UVIGO-TV, renovouse o expediente de contratación 313/15, Servizos de Operación, Mantemento e Mellora Continua do Campus Multimedia da Universidade de Vigo cuxo contrato asinouse o 31 de agosto de 2016.

Mellora docente e adaptación ao EEES

Eixo estratéxico de internacionalización

- No ámbito da mobilidade de estudantes, convocáronse axudas de mobilidade para estudantes do programa de doutorado DOMAR destinadas a realización estadias de investigación en universidades e centros de investigación estranxeiros de recoñecido prestixio internacional (dez axudas realizadas entre outras nas universidades de York, Gothenburg, South Carolina, Rennes e Mar del Plata)
- Cooperación ao Desenvolvemento Campus do Mar-Cabo Verde: executouse a primeira anualidade da axuda obtida na convocatoria 2015 de axudas da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, para a execución de proxectos e de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación financiamento para o proxecto "Fortalecemento de institucións académicas e de investigación en Cabo Verde coma contribución ao desenvolvemento social, económico e ambiental do sector mariño". As principais actividades desenvolvidas inclúen o deseño e a execución de tres cursos de especialización (Estatística Pesqueira en marzo de 2016, Técnicas Estatísticas e análise multivariante en abril de 2016 e Escritura Científica en maio de 2016) e o obradoiro de Transferencia e Emprendedorismo con base no coñecemento en abril de 2016, así como o inicio de catro novas teses por doutorandos e doutorandas caboverdianas.

- ***Mellora Científica e Transferencia de Coñecemento***
- **Eixo estratéxico de investigación**
- Programa de Captación de Talento Post-Doctoral de Campus do Mar (FELLOWSEA), cofinanciado a través dunha acción Marie Curie, (COFUND) do 7ª Programa Marco, para a contratación, durante 36 meses, de 9 investigadores e investigadoras experimentadas, non residentes en España, para que desenvolvan a súa investigación nas institucións do Campus do Mar. O proceso de selección resolveuse en marzo de 2016.
- Dentro do programa de captación de talento xove, desenvolvéronse de novo os Campus Científicos de Verán, financiados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Un total de 120 estudantes chegados de toda España repartidos en 4 quendas dunha semana cada unha, desenvolveron diferentes proxectos científicos e tecnolóxicos nos laboratorios do Campus de Vigo e do Instituto Español de Oceanografía ao longo do mes de xullo de 2016. A formación complétase con conferencias, sesións teóricas, actividades culturais, deportivas e de lecer.
- No ámbito da mobilidade de estudantes, docentes e investigadores convocáronse axudas de mobilidade para estudantes do mestrado en oceanografía destinadas a realización de estadias noutras universidades da rede CEI.MARNET, financiadas polas axudas para a consolidación dos Campus de Excelencia.

Eixo estratéxico de transferencia

A Área de Transferencia de Tecnoloxía desenvolveu o seu Plan de Acción enmarcado dentro dos tres grandes eidos de actuación da Área: transferencia de tecnoloxía e resultados de investigación, fomento da cultura emprendedora e apoio á empregabilidade de estudantes, completándose actuacións en tres ámbitos: actividades de transferencia de tecnoloxías e resultados de investigación, actividades de fomento da cultura emprendedora (EMPRENDEMAR) e actividades de apoio á empregabilidade do estudantado.

Como actividades de transferencia de tecnoloxía e resultados de investigación temos as seguintes actuacións:

- Participación como socio promotor do proxecto 'Blue Growth' ('Crecemento Azul') liderado pola Autoridade Portuaria de Vigo, xunto coas consellerías de Mar e Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e o Consorcio de la Zona Franca de Vigo. Para o desenvolvemento do Plan Estratéxico do proxecto, celebráronse numerosos grupos de traballo en 15 áreas definidas por campos de actividade relevantes para o Porto e a súa contorna. Estas áreas están constituídas polos axentes (empresas, institucións e organizacións) considerados clave en cada unha das temáticas. O plan materialízase en 38 proxectos, cos seus correspondentes obxectivos, actividades, axentes, indicadores de rendemento e financiamento, e en 44 accións específicas que, non sendo susceptibles de conformar un plan de acción, deben levarse a cabo de cara á consecución dalgúns dos obxectivos establecidos nas Áreas de Traballo.

- Desenvolvemento do Grupo de Traballo Campus do Mar- Cluster TIC Galicia, para a posta en contacto da investigación desenvolvida no Campus do Mar con sector empresarial TIC de Galicia e os sectores mariños estratéxicos da Eurorrexión Galicia-N de Portugal. No primeiro trimestre do curso leváronse a cabo varias reunións no Campus Universitario de Vigo para o deseño de ideas de proxectos colaborativos e identificación de oportunidades de financiación, coa participación de representantes de GRADIANT, ATLANTIC, CITIC, CESGA, CITIUS e directivos de máis de 15 empresas TIC de Galicia con interese en áreas mariñas e marítimas, así como representantes de clústeres empresariais TIC. Así mesmo, leváronse a cabo varias reunións por videoconferencia con representantes de centros e clusters empresariais TIC de Portugal como INESC-TEC- Instituto de Enxenharia de Sistemas e Computadores, Universidade do Porto-Facultade de Enxenharia (FEUP) e o cluster TIC portugués TICE.PT-Associação para o Pólo das Tecnologías de Información , Comunicación e Electrónica.
- Colaboración na organización das “Xornadas sobre O papel das bandeiras de conveniencia no sector da pesca e normativa da UE”, en colaboración coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo no marco do Jean Monnet Module: Summer course crossing borders in the European Area of Justice: Civil, commercial and criminal matters, desenvolvidas o 15 de xuño de 2016 no Colexio de avogados de Vigo.
- Coordinación, xestión e participación en propostas de proxectos e solicitude a programas de financiación europeos e nacionais de I+D+i transferencia de tecnoloxía en diversas temáticas mariñas:
 - Proxecto AQUADIAMOND: Deseño dun programa de reforzo da capacidade de internacionalización da cadea de valor do sector acuícola baseado no incremento da competitividade, a cooperación e o desenvolvemento de servizos de apoio, liderado por CETGA e coa participación de 10 entidades empresariais, centros tecnolóxicos e universidades de Francia, Portugal y España e presentado á 1ª convocatoria Interreg V SUDOE 2014-2020 en novembro de 2015.
 - Proxecto “Network of Agrifood ecosystems in SUDOE space for the promotion of rexional socio-economic growth”, liderado pola Fundación Triptolemos e coa participación de CEIs, asociacións e clústeres empresariais, centros tecnolóxicos e universidades de Francia, Portugal e España, que presentado á 1ª convocatoria Interreg V SUDOE 2014-2020 en novembro de 2015.
 - Proxecto MARIINNTIC: Rede transfronteiriza para a promoción da innovación e o desenvolvemento de sectores mariños estratéxicos a través das TIC, liderado por CDM e coa participación de 12 socios de Universidades, centros tecnolóxicos, clústeres empresariais e empresas do sector mariño e TIC de España e Portugal, que foi presentado á 1ª Convocatoria POCTEP 2014-2020 en xaneiro de 2016.
- Proxecto ACUAENERGY, Desenvolvemento de solucións enerxéticas sostibles para a industria acuícola, liderado por CETGA, e integrado por 6 entidades de investigación, clústeres empresariais e pemes da Eurorrexión Galicia-N de Portugal e no que CDM participa como socio. O proxecto foi presentado á 1ª Convocatoria POCTEP 2014-2020 en xaneiro de 2016.

- Proxecto SEAFARMING 4.0: Innovación en acuicultura de precisión, liderado por CETGA e no que CDM participa como socio. O consorcio da proposta está formado por centros tecnolóxicos, Universidades e empresas da Eurorexión e foi presentado á 1ª Convocatoria POCTEP 2014-2020 no mes de xaneiro de 2016.
- Proxecto - REDEMAR- Rede de Investigación Transfronteiriça em Energias Renováveis Marinhas, liderado pola Facultade de Enxenharia da Universidade do Porto no que participan entidades de I+D e varias Universidades de Galicia e Norte de Portugal. O proxecto foi presentado en xaneiro de 2016 á 1ª Convocatoria POCTEP 2014-2020.
- Proxecto - OIPCA- As orixes da industria pesqueiro-conserveira atlántica (Andalucía, Algarve, Alentejo e Galicia): prevención de riscos naturais, conservación patrimonial e fortalecemento turístico, liderado pola Fundación CEIMAR para a intercolaboración de CEIs ibéricos do ámbito mariño. O proxecto foi presentado na 1ª Convocatoria POCTEP 2014-2020 como Proxecto Plurirrexional.
- Proxecto ATLANT2IC “A Technology-Led Approach and Network for Technology Transfer and Innovation through Clusters”, liderado polo Clúster empresarial inglés Mersey Maritime e Liverpool John Moores University e integrado por máis de 9 entidades agregadoras empresariais e de investigación mariña de Reino Unido, Francia, Noruega, Portugal, España e presentado na convocatoria europea de Espazo Atlántico en Xuño de 2016. O obxectivo principal do proxecto e construír un super-cluster transnacional sostible, orientado á innovación e á transferencia de tecnoloxía.

O segundo eixo de actuación da Área de Transferencia Tecnolóxica do Campus do Mar céntrase no Programa de fomento da cultura emprendedora, que nace co obxectivo de promover a creación de empresas de base tecnolóxica, xurdidas da actividade investigadora desenvolvida no seo do Campus do Mar. As principais actividades iniciadas no marco do Programa EMPRENDEMAR descríbense a continuación:

- Coordinación e xestión do proxecto Sherpa do Mar: Rede Transfronteriza para o impulso do emprendemento e o fortalecemento da competitividade das pemes e no sector mariño e marítimo, liderado polo Campus do Mar e no que participan Universidades, Centros de apoio ao emprendemento e incubadoras de empresas e entidades de I+D da Eurorexión. O proxecto foi presentado á 1ª Convocatoria POCTEP 2014-2020 en xaneiro de 2016.
- Proxecto EGAST: Centro de Evolución Gastronómica de Galicia e Norte de Portugal, liderado por CZFV e no que participan máis de 10 entidades de investigación, de apoio ao emprendemento e asociacións empresariais de Galicia e N de Portugal, entre os que se atopa CDM. O proxecto foi presentado á 1ª Convocatoria POCTEP 2014-2020.
- Deseño dunha nova Edición do Programa de Emprendemento mariño nas zonas costeiras EMPREAMAR-GALP, e presentación a 1ª convocatoria de financiación dos GALP en agosto de 2016, sendo o solicitante o Concello de Moaña. O obxectivo principal do proxecto é o fomento do emprendemento orientado ao aproveitamento sostible dos recursos mariños

endóxenos do territorio do GALP 7. Estrúctúrase en tres eixos principais: Formación para o emprendemento, casos de éxito-toma de contacto con empresas e concurso de proxectos-preincubadoras de empresas-asesoramento científico-técnico e empresarial.

- Participación do Proxecto de emprendemento mariño local EMPREAMAR, como exemplo de boas prácticas, na Sesión Técnica sobre Dinamización Empresarial do Congreso Ibérico-XV Congreso Nacional de Acuicultura, celebrado en Huelva o 15 de outubro de 2016. A coordinadora da área de transferencia presentou aos asistentes o proxecto, obxectivos, resultados acadados e previsión de futuro.

- Organización da 2ª edición do 3DayStartup Vigo-Mar, un evento para o fomento do espírito emprendedor universitario no eido TIC-Mar que tivo lugar entre o 6-8 de novembro de 2015. Os 38 estudantes de diferentes universidades do país asumiron o reto de crear una empresa de base tecnolóxica no ámbito mariño en 3 días. Os alumnos, elixidos entre cerca de 140 solicitantes, traballaron en equipo no desenvolvemento das súas ideas de negocio, co asesoramento persoal e altruista de máis de 20 mentores especializados en diversas áreas de coñecemento mariño.

Como actividades de apoio á empregabilidade do estudantado temos as seguintes actuacións:

- Como elemento central do Programa estase a desenvolver dun modo continuo a búsqueda de ofertas de traballo (contratos e becas) coa finalidade da actualización diaria da plataforma web de ofertas de emprego de ámbito mariño “MARJOB”. MARJOB dispón dun espazo en rede orientado ao sector empresarial a través do cal se poden difundir e xestionar as ofertas. Dende o lanzamento de MARJOB o 1 de marzo de 2013 publicáronse máis de 3000 ofertas de emprego nacionais e internacionais que deu lugar máis de 110000 visitas únicas á web.

- Proxecto Blue-FISGA “Filling the Skills Gap of Aquaculture Value Chain as a node to foster a sustainable blue economy in the Atlantic Iberian Coast” presentado á convocatoria Blue careers in Europe, o 31 de maio de 2016. O proxecto trata de potenciar o crecemento sostible e intelixente e a xeración de emprego da Eurorrexión Galicia-N de Portugal a través de formación en novos ámbitos da cadea de valor do sector da acuicultura, incluíndo a produción, os servizos asociados e a industria. O proxecto prevé establecer novos vínculos e sinerxias entre as institucións académicas e a industria, mellorando a comunicación entre as entidades para desenvolver novas programas formativos, cubrir carencias de coñecemento no ámbito local e rexional, incrementar a empregabilidade de estudantes e traballadores do sector da acuicultura e aumentar así como desempregados. O proxecto está liderado por CETMAR, e o consorcio está conformado por FOR-MAR–Centro de Formação Profissional

das Pescas e do Mar, o cluster empresarial mariño Fórum Oceano–Associação da Economía do Mar, o Centro Interdisciplinar de Investigación Marinha e Ambiental CIIMAR e o Campus do Mar.

Campus do Mar presentou un proxecto para Mellorar a empregabilidade dos estudantes de máster á convocatoria de axudas para a consolidación dos Campus de Excelencia do Ministerio de Educación que inclúe a implantación dun programa de prácticas profesionais nos centros e plataformas tecnolóxicas do Campus do Mar, e que supuso a convocatoria de dez axudas para prácticas profesionais en ANFACO, EnergyLab, Gradient e CETGA.

Transformación do Campus. Proxección Social e Cultura Científica.

Programa CampusMar Life. Durante o curso 2015-2016 continuouse coa actividade deste programa que pretende achegar á comunidade do Campus do Mar ao coñecemento do océano a través de accións deportivas, lúdicas e culturais. Desenvolvéronse as seguintes actividades deportivas (bautismos de vela, windsurf, surf, rafting, flyboard e kaiak baixo o nome de CampusMar Life-Augaventura e que se organizaron conxuntamente co Servizo de Deportes da Universidade de Vigo. Durante o curso 2015-2016 organizáronse as edicións de outono e primavera nos meses de outubro e abril. No mesmo senso desenvolveuse a Xornada “Bo uso e mal uso do mar”: Celebrada en Pontevedra o 26 de outubro de 2015 coorganizada polo Campus do Mar, a Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte e o Consello da Cultura Galega, constituíu un primeiro acercamento á toma de conciencia da importancia dos océanos para a vida na Terra e da interrelación entre estes e os seres humanos.

Dentro das actividades do programa de Cultura Científica atopamos o proxecto Mergúllate no Océano 2016, creado como unha actividade divulgativa que persigue o achegamento da cidadanía ás ciencias e tecnoloxías mariñas a través do traslado de laboratorios divulgativos a puntos estratéxicos da xeografía galega. En 2016 esta actividade Vigo, Cangas, Cedeira, A Illa de Arousa e Marín, nos meses de xullo e agosto. Igualmente celebrouse o Día Mundial dos Océanos: Campus do Mar sumouse o 9 de xuño á conmemoración do Día Mundial dos Océanos, organizando en colaboración co Concello de Moaña e a Asociación de Oceanógrafos de Galicia uns obradoiros na praia da Xunqueira na que os estudantes de primaria e secundaria do concello moañés, así como o público en xeral, puideron descubrir diferentes aspectos relativos á investigación mariña.

Escola Internacional de Posgrao

Programa de Doutoramento Marine Sciences, Technology and Management (DO*MAR)

No curso 2015-16, o Programa de Doutoramento DO*MAR recibiu 63 novos estudantes: 31 da UVigo, 15 da USC, 7 da UDC, 7 da UAveiro, 2 da UTAD e 1 da UMinho. O número total de estudantes do programa é de 185.

Os países de orixe destes novos estudantes inclúen 9 de Portugal, 3 de Brasil, 2 de Italia, 1 de Mauritania, 1 de Mozambique, 1 de México, 1 de EE.UU e 1 de Exipto.

Neste ano académico impartíronse 7 cursos de Formación Avanzada e 6 cursos de Formación Transversal.

3.6.2 Campus da Auga

O Campus da Auga pódese definir como unha sorte de proceso de especialización que quere converter ao Campus de Ourense en líder na investigación e na docencia en materias relativas á auga, medio ambiente e desenvolvemento sostible. Para cumprir esa misión o Campus da Auga armouse dun organigrama liderado polo Reitor e dirixido polo Vicerreitor do Campus de Ourense estruturado en cinco grandes áreas: Investigación, Internacionalización, Transferencia, Académica e Innovación Educativa-Divulgación Científica.

Especificamente, as actividades que se levaron a cabo dende cada unha das áreas do Comité de Dirección do Campus da Auga ao longo deste ano 2016 foron as seguintes:

➤ Dende a área de transferencia e emprendemento procedeuse á constitución da Unidade Conxunta coa Confederación de Empresarios de Ourense, articulada a través dun convenio específico, coa que se pretende buscar sinerxías en materia de emprendemento, formación, internacionalización e cultura da innovación.

➤ Dende a área de Investigación e captación de talento articulouse un proxecto institucional xunto coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil, a Axencia Portuguesa do Ambiente e a Universidade de Porto, titulado RISC Miño-Limia, co que concorrer aos POCTEP 2015. Este proxecto é a primeira iniciativa institucional en materia de proxectos de investigación que se executa no marco do Campus da Auga cunha metodoloxía de traballo top-down. Pero ao mesmo tempo, tamén se recibiron solicitudes dende diferentes grupos de investigación para contar co respaldo do Campus da Auga na presentación dos

seus proxectos, nomeadamente á Convocatoria dos POCTEP 2015, poñendo en práctica a metodoloxía bottom-up.

O Programa IPICA: O programa IPICA constitúe unha actuación a medio prazo enmarcada dentro do Plan estratéxico do Campus da Auga que ten por obxectivo principal atopar financiamento para os proxectos multidisciplinares de relevancia en temáticas da auga, presentados polo persoal investigador e que sexan seleccionados como proxectos institucionais do Campus da Auga.

A Vicerreitoría do Campus de Ourense contando coa achega económica da Excm. Deputación Provincial de Ourense, a partir do Convenio de colaboración anual subscrito entre ámbalas dúas institucións, convoca anualmente as “Axudas a grupos de investigación do Campus de Ourense Proxectos INOU”. O obxectivo deste programa é apoiar as investigacións que contribúan ao desenvolvemento social e económico da provincia de Ourense e ao coñecemento da súa realidade, así como a especialización do Campus de Ourense – Campus da Auga. Para iso fináncianse proxectos relacionados cos ámbitos socioeconómicos máis propios da provincia, como o turismo, a agricultura e gandería, o comercio, a xestión integral e o aproveitamento de recursos hídricos, especialmente os relacionados co termalismo, ou calquera outro sempre que se xustifique axeitadamente a súa relación coa provincia de Ourense, ou coa especialización do Campus da Auga.

Ao mesmo tempo pretende ser unha vía para que o persoal investigador a tempo completo máis novo, e que teñen máis dificultades para acudir a outras convocatorias, podan poñer en marcha os seus proxectos, contribuíndo tamén a reducir o desequilibrio entre homes e mulleres dedicados á investigación.

Proxectos INOU no ano 2016 :

- (Ciber) Bulling, Heteronormatividade e Etnocentrismo
- INOU16-01 | María Victoria Carrera Fernández | Facultade de Ciencias da Educación
- Proxecto Sancti Salvatoris: Investigación e posta en valor do xacemento do "Castelo de Mouresíños", na procura das orixes altomedievais da vila de Allariz
- INOU16-02 | Adolfo Fernández Fernández | Facultade de Historia
- Desenvolvemento de sistemas de microencapsulación para o cribado de metaxenotecas de augas termais da provincia de Ourense
- INOU16-03 | Clara Fuciños González | Facultade de Ciencias
- Estudo das variables implicadas no fracaso escolar en matemáticas dos estudantes ourensáns de educación primaria
- INOU16-04 | Valentín Iglesias Sarmiento | Facultade de Ciencias da Educación

- Ferramenta para a análise e xeración de bioimaxes mediante ablación láser con fonte de acoplamento indutivo
 - INOU16-05 | Hugo López Fernández | Escola Superior de Enxeñaría Informática
 - Recursos hídricos, ordenación do territorio e sustentabilidade ambiental: novidades lexislativas e xurisprudenciais
 - INOU16-06 | Laura Movilla Pateiro | Facultade de Dereito
 - Aproveitamento e valorización da palla de trigo mediante procesos verdes baseados no emprego de auga e líquido iónico
 - INOU16-07 | Susana Peleteiro Prieto | Facultade de Ciencias
 - Determinantes da vantaxe competitiva de Ourense como destino turístico termal
INOUI6-08 | Nuria Rodríguez López | Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo
 - Natureza e efectos xurídicos da contraprestación económica satisfeita pola subministración municipal de auga
 - INOU16-09 | Mónica Siota Álvarez | Facultade de Dereito
- Dende a área de Internacionalización, así como dende a área de Innovación educativa e divulgación científica, organizouse o “II Congreso Internacional da Auga. Inundacións e secas.
 - Como ven sendo habitual, dende a área de innovación educativa, promoveuse, en colaboración so técnico de cultura e co técnico de deportes do Campus de Ourense, a presenza do obxecto de especialización do campus nos diferentes eventos ou actividades organizadas no eido da cultura e no eido do deporte.

3.6.3 *Campus Crea*

No ano 2016 producíronse unha serie de fitos destacables no que ao desenvolvemento do proxecto de especialización CREA S2i – social and sustainable innovation – do Campus de Pontevedra se refire.

No eido das **relacións institucionais** compre destacar o acordo coa Xunta de Galicia que destinará un total de 1.774 metros cadrados en catro plantas do edificio administrativo na rúa Benito Corbal á Universidade de Vigo para a sede do CREA S2i, unha vez rematen as obras de rehabilitación do inmobile o cal supón un impulso maiúsculo ao proxecto de especialización ao poder contar con instalacións no corazón da cidade e fortalecer así a súa presenza.

Coa Deputación de Pontevedra asinouse por primeira vez un protocolo de colaboración, que contribuirá ao desenvolvemento económico e social e estará aberto a propostas tanto do campus de Vigo como de Pontevedra.

Co Concello de Pontevedra chegouse a unha bonificación do 95% no pago do IBI que reverterá nas actividades que se realizan dende os centros e no eido da especialización do campus dos que darei conta no que segue.

Na área académica avanzouse na posta en marcha do programa de doutoramento en creatividade e innovación social e sustentable coordinada dende o Comité de Dirección Técnica do CREA S2i pola profesora Alicia González Represas. Posteriormente, ese traballo concretouse coa comisión académica encabezada pola directora e secretaria, as profesoras Ana Belén Fernández Souto e María Isabel Míguez González respectivamente. Estes trámites comezaron en marzo e a finais de ano contábase coa aprobación do Consello Galego de Universidades.

Outro proxecto que comezou no 2016 da man desta área e da de comunicación e internacionalización así como coa axuda da adxunta ao Reitor, Regina Carreira, foi a alianza co Brooklyn College que se cristalizaron na presentación dunha solicitude dun Erasmus + KA107 para o intercambio de alumando e profesorado de tres mestrados de Pontevedra con títulos equivalentes da institución neiorquina.

Colaborouse igualmente conxuntamente coa área de igualdade da Universidade de Vigo na posta en marcha dos premios Ernestina Otero do Concello de Pontevedra.

En canto á área de emprendemento e transferencia compre salientar en primeiro lugar a terceira edición do Pont-Up Store coordinado polo grupo de G4plus do profesor Pedro Figueroa, que ano tras ano vai conseguindo máis apoios tanto a nivel institucional como do sector empresarial. Xunto coas sesións de formación en torno ao cooperativismo e a economía social, contou co habitual carpa na que se presentaron 36 proxectos de emprendemento de España e Portugal, seleccionados entre 115 solicitudes. Fóronse incorporando diversas iniciativas das entidades colaboradoras como o Concello de Pontevedra, a Deputación de Pontevedra ou AJE Pontevedra, entre outros. Seguimos pois na senda de converter o Pont Up no evento de emprendemento de referencia do sur de Galicia.

Os vínculos entre emprendemento e Universidade estanse consolidando na cidade, por unha banda a través do programa INCUVI no que colaboran AJE Pontevedra, Zona Franca de Vigo e SIGA 98, pero tamén se deu un paso importante con AEMPE (Asociación de Pequenas e Medianas Empresas de Pontevedra) ao poñer en marcha por primeira vez da man do Consello Social, do Concello de Pontevedra e da Deputación de Pontevedra as primeiras xornadas técnicas empresariais nas que se debateron temas como a innovación empresarial en Galicia, o control de horarios, o novo regulamento europeo en materia de protección de datos ou a recente sentenza do Tribunal de Luxemburgo respecto das diferencias na indemnización por despedimento entre contratos temporais ou indefinidos. Con AEMPE xa se viña colaborando na organización do EDUGAL, salón da oferta de educación e formación de Galicia.

Volvendo a actividades consolidadas, o concello segue apostando polo Grupo G4plus para elaborar o Observatorio Urbano que ofrece datos de carácter socioeconómico de Pontevedra e a súa contorna. Seguindo os preceptos de multidisciplinariedade, o profesor Figueroa decidiu incorporar unha trintena de docentes de diversas áreas para que colaboren no estudo de modo que esta

ferramenta se presenta como un proxecto modular con potencial de crecemento. En todo caso, trátase dun traballo a medio camiño entre a transferencia e a investigación.

Tamén cabe destacar no 2016 o papel da Escola de Enxeñaría Forestal neste apartado coordinado polo profesor Juan Picos, quen o ano pasado foi recrutado pola UE para abordar a mobilización de biomasa forestal.

No 2016, a Sociedade Española de Ciencias Forestais, organismo que reúne a investigadores, empresas e profesionais deste eido, elixiu o campus de Pontevedra para entregar os seus premios nacionais coincidindo co 25 aniversario da súa fundación que precisamente produciuse en Pontevedra.

Outro fito a destacar foi a presentación na vicerreitoría do campus do Informe de Resultados da Industria da madeira e o moble de Galicia da man de Juan Picos e de Elijer Ojea, presidente Confemadera. Tras múltiples anos de colaboracións puntuais, foi elaborado por primeira vez de xeito conxunto entre docentes da Escola de Enxeñaría Forestal e a Confederación Galega de Empresarios da Madeira, Confemadera Galicia, sendo a primeira vez que se recorre a unha institución de ensinanza superior para a elaborar un informe que é a referencia do sector en Galicia.

Por outra banda, a Escola tamén tivo un papel destacado no convenio asinado coa Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra para estudar a viabilidade de utilizar o chamado bioestabilizado, o compost de baixa calidade, na recuperación de solos degradados e que contará cun financiamento de 230.000 euros ao longo de tres anos. No marco do Plan Revitaliza chegouse a un acordo para instalar un composteiro no campus da Xunqueira, cun emprazamento previsto entre a Facultade de Ciencias Sociais e da Escola de Enxeñaría Forestal e que resulta consistente cos preceptos do programa Green Campus.

No 2016 a Escola de Enxeñaría Forestal converteuse no primeiro centro do campus en acreditar o seu sistema de garantía de calidade. Acolleu novamente o programa Ponte en Ciencia no que participaron 300 estudantes de primaria e no que estudantes de oito colexios expuxeron os seus experimentos a un xurado integrado por profesorado do campus.

No **apartado de investigación e captación de talento**, un dos eventos organizados conxuntamente coa área de comunicación e internacionalización foi o primeiro almorzo entre investigadores/as do campus de Pontevedra. Seguindo a filosofía de bottom up á hora de presentar proxectos de investigación no marco do CREA S2i, pretendíase aumentar o nivel de coñecemento das áreas de traballo dos/as investigadores/as do campus para explorar vías de colaboración e sinerxías. Froito deste tipo de encontros e a axuda da Área Técnica de Investigación, Desenvolvemento e Innovación así como dos e das Xestores/as de Innovación, xurdiron varias iniciativas de colaboración interdisciplinaria, por exemplo, dentro de algún proxecto FECYT da man do Campus do Mar e queda pendente a resolución de varias propostas tanto a fundacións privadas como aos INTERREG-SUDOE.

A actividade investigadora tamén se artella en torno a congresos e seminarios impulsados dende o CREA S2i para fomentar a visión inter e multidisciplinar como foi o caso do Social Media Day.

Acolleuse a cuarta edición do Congreso Internacional de Videoxogos e Educación para poñer en valor os videoxogos como ferramenta educativa e transmisor de coñecementos que veu acompañado dunha ‘Game Jam’ en Pontevedra.

No ámbito da xestión pública pública, o Observatorio de Gobernanza da universidade organizou o primeiro congreso internacional de estudos de Galicia en colaboración co Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI) co fin de analizar a política exterior de Galicia nos eidos institucional, económico, social e cultural así como potenciar nos actores políticos e sociais a importancia do factor exterior nunha contorna cada vez máis global.

Igualmente, a Fundación CEER e o Instituto Español de Estudos Estratéxicos (IEEM) elixiron Pontevedra para organizar a terceira edición do foro sobre xeopolítica no que expertos en seguridade analizaron, entre outros, o papel de España e Portugal nun mundo global.

A Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte entrou a formar parte da Rede de Escolas Unesco xunto a outros 10.000 centros educativos de 181 países e está a realizar campañas e actividades como a de ‘Un neno, un xoguete’ ou ‘Abriga o teu corazón’, pero tamén se fomentará a investigación participando, entre outros, no Congreso Internacional e Interuniversitario contra a pobreza infantil no mundo.

No eido da **cultura o CREA S2i** segue a fortalecerse como referente cultural na cidade e na súa contorna. Así, seguen iniciativas xa consolidadas como as Conversas na Uvigo da man do Diario de Pontevedra ou as Conversas con arte. No ámbito audiovisual, organizáronse tres ciclos de cine: Eloxio do Instante, A conversa sen fin e, como novidade, Panoramas en Taipei gracias ao contacto con representantes da Oficina Económica e Cultural de Taipei que optaron pola sede da vicerreitoría do campus para proxectar o devandito ciclo.

Mención especial merece a segunda edición do Festival Novos Cinemas no que dende o CREA S2i non so ofreceuse o obradoiro Mirar ao Río con Lois Patiño, senón que potenciouse o contacto cos profesionais do sector coa presenza de José Luis Guerin.

Tamén contouse con David Alayón, director de proxectos de innovación no grupo Inditex como charla central da Semana Internacional da Creatividade e da Innovación.

No eido musical se produciron importantes avances con diversos concertos de Jazz, entre outros de Naíma Acuña, pero tamén coa incorporación do Vertixe Ensemble Sonora e o ciclo Do Audible con catro dos seus nove concertos en Pontevedra.

Decidiuse colaborar cun dos principais eventos da axenda cultural pontevedresa se refire como é o Surfing the Lerez, organizando un coloquio da produtora musical Patricia Hermida e proxectando o filme de John Cameron Mitchell Hedwig and the Angry Inch Pechamos o ano cun concerto do pianista Josep Colom no Teatro Principal nun diálogo entre Mozart e Chopin. O recital completouse cunha videocreación realizada con fotografías de Juan de la Sota.

A finais do ano 2016, a Universidade de Vigo tamén asumiu a dirección da Cátedra Álvarez Ossorio coa Escola Naval Militar de Marín.

Outros dous fitos foron a décima edición do desfile Debut e a concesión do Premio da Policía Local polo compromiso coa educación viaria pola implicación do campus no ciclo ‘Cero Violencia Viaria’

No apartado do proxecto Green Campus e as infraestruturas, executáronse as obras de acondicionamento das salas de caldeiras da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, Belas Artes e Fisioterapia para o consumo de Gas Natural. O aforro varía entre un 10% a un 15% verbo do gasóleo, así como unha notable redución do impacto de CO₂. Plantáronse árbores na parcela da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte a modo de barreira natural coa colaboración de expertos da Escola de Enxeñaría Forestal.

En canto á accesibilidade se refire, reformouse o acceso á Facultade de Belas Artes e colocáronse portas automáticas nas Facultades de Ciencias da Educación e do Deporte, Fisioterapia, Belas Artes e na Escola de Enxeñaría Forestal co aforro enerxético implícito. Tamén se mellorou o acceso ao pavillón deportivo que agora ademais conta con ascensor para poder acceder ás bancadas. Finalizouse a construción do carril bici e está en proceso mellora de accesibilidade da parcela 1.

Tamén celebrouse por primeira vez a Semana Europea da Mobilidade na que pechouse ao tráfico o corazón do campus en prol da mobilidade sustentable e puxemos en marcha o taller Green Bike para o reciclaxe e arranxo de bicicletas de membros da comunidade universitaria.

Capítulo 4. Dialogando coas partes interesadas

Os grupos de interese ou partes interesadas da nosa institución son aquelas persoas ou entidades afectadas polo noso traballo e que a súa vez nos influen coas súas expectativas á hora de realizar o noso labor.

O alumnado representa o noso máis grande e importante grupo de interese e o obxectivo prioritario da nosa misión; por este motivo, alén das tarefas intrinsecamente académicas, a Universidade de Vigo promove, a través de diferentes programas, toda unha gama de actividades complementarias. Así mesmo, os traballadores/as da Universidade de Vigo representan os elementos que fan posible que tanto as tarefas académicas como de xestión permitan ofrecer os nosos servizos.

Estes dous grupos permiten atender a nosa misión que é a de ser promotora da creación e da difusión do pensamento crítico e do fomento da cultura entre a comunidade universitaria e a sociedade no seu conxunto. A comunidade local xunto coa sociedade xeral representan o outro grupo de interese ao cal debemos ter en conta, establecendo unha comunicación intensa e profunda con elas co fin de incorporar a súas expectativas e necesidades.

4.1 Orientación aos alumnos e alumnas

No ano 2014 creouse, dentro da estrutura de goberno da universidade, a Vicerreitoría de Estudantes, coa que se centraliza nun mesmo departamento ámbitos de actuación de gran transcendencia para o alumnado, como prácticas, emprego, emprendemento, bolsas, multilingüismo, formación transversal, e cuestións relacionadas coa vida académica do estudiantado. Dótase deste xeito á universidade dunha nova unidade estable e diferenciada de atención aos estudantes que, xunto coa Sección de Información, Orientación, Promoción do Estudante, Voluntariado e Discapacidade (SIOPE), completa a orientación ao alumnado en todos os aspectos relacionados coa vida universitaria.

A Universidade de Vigo, a través da SIOPE ofrece a todo o alumnado e ás persoas con titulación universitaria, así como a futuros universitarios e universitarias, unha información clara e completa sobre todo o relativo á vida universitaria. Ademais, ofrece atención nas áreas de orientación educativa, académica e psicopedagóxica.

Datos do Gabinete Psicopedagóxico no ano 2015-2016

	Ourense	Pontevedra-Vigo
Consultas recibidas	894	395
Accións formativas desenvolvidas	7	4
Nº participantes en accións formativas	330	20

Outra das liñas de traballo do SIOPE é a promoción do voluntariado e a integración na comunidade universitaria.

4.2 Bolsas

4.2.1 Bolsas de estudo do MEC.

Tipoloxía de Bolsas do MEC e distribución. Curso 2015-2016

	Solicitudes		Concedidas		Denegadas		Incidencias	
	Total	% Mulleres	Total	% Mulleres	Total	% Mulleres	Total	% Mulleres
Bolsas de grao e ciclos	8.139	59,02%	5.372	59,96%	2.762	57,17%	5	80,00%
Bolsas de mestrados	907	63,29%	513	63,94%	394	62,44%	0	0,00%
Total	9.046	59,45%	5.885	60,31%	3.156	57,83%	5	80,00%

Durante o curso 2015-2016 solicitáronse 9.046 de bolsas financiadas polo ministerio de Educación (992 máis que no ano anterior) concedéndose o 65,06% das peticións (fronte ao 65,27% do ano anterior).

Estudios	Tipo de bolsa	Importe concedido (€)	Importe concedido para bolsa económica (€)	Importe concedido para bolsa de matrícula (€)
Grao	Reciben contía fixa ligada á renda	6.880.457,12	5.942.022,68	938.434,44
	Reciben contía fixa ligada á residencia e/ou contía variable	5.537.294,6	3.916.064,56	1.621.230,04
	Reciben só bolsa de matrícula	632.763,97		632.763,97
	Total	13.050.515,69	9.858.087,24	3.192.428,45
Posgrao	Reciben contía fixa ligada á renda	672.058,26	481.771,71	190.286,55
	Reciben contía fixa ligada á residencia e/ou contía variable	958.289,97	492.127,7	466.162,27
	Reciben só bolsa de matrícula	13.699		13.699
	Total	1.644.047,23	973.899,41	670.147,82

4.2.2 Convocatorias de bolsas de estudo propias.

A Universidade de Vigo, un ano máis, mantén o seu compromiso coa igualdade de oportunidades a través dos programas de axudas para estudantes financiados co seu propio orzamento

Nº de solicitudes	3.318
% mulleres	55%
Nº de solicitudes concedidas	1.666
% mulleres	57%
Contía total das bolsas	2.114.929,01€
Contía media por bolseiro/a	1.269,47 €

Sobre un total de 3.318 solicitudes presentadas para a optar a unha bolsa propia da Universidade de Vigo foron aprobadas 1.666, un 50%.

	Nº de solicitudes		Concedidas		Contía total	Contía media por bolseiro/a
	Total	% mulleres	Total	% mulleres		
Axudas para estudantes da Universidade de Vigo en situación de dificultade económica sobrevida.	38	63%	3	0%	5.000,00	1.666,67
Bolsas Complementarias da Deputación de Pontevedra para Erasmus Estudos.	82	51%	82	51%	82.000,00	1.000,00
Bolsas Complementarias da Deputación de Pontevedra para Erasmus Prácticas.	8	25%	8	25%	8.000,00	1.000,00
Bolsas Complementarias para Erasmus da Deputación de Ourense.	49	59%	49	59%	13.999,79	285,71
Bolsas Complementarias para Erasmus do Centro Comercial Gran Vía.	4	25%	4	25%	5.032,00	1.258,00
Bolsas de Aloxamento para estudantes da Universidade de Vigo.	194	55%	109	55%	76.200,00	699,08
Bolsas de colaboración en accións de mellora da calidade nos centros da Universidade de Vigo.	102	58%	45	51%	46.321,35	1.029,36

Bolsas de colaboración na Sala de Exposicións da Facultade de Belas Artes de Pontevedra.	9	33%	2	0%	11.775,28	5.887,64
Bolsas de colaboración para a formación complementaria Comunicación-Internacionalización.	1	100%	1	100%	1.685,79	1.685,79
Bolsas de colaboración para a formación complementaria Comunicación-Redes Sociais.	1	100%	1	100%	3.114,01	3.114,01
Bolsas de colaboración para a formación complementaria do estudiantado coa Área de Normalización.	5	40%	2	100%	7.200,00	3.600,00
Bolsas de Colaboración. Igualdade de Xénero	1	0%	1	0%	2.260,96	2.260,96
Bolsas de Colaboración. Innovación Educativa.	5	20%	5	20%	7.129,27	1.425,85
Bolsas de Comedor propias da Universidade de Vigo.	1.146	56%	514	58%	257.000,00	500,00
Bolsas de Desprazamento de Mestrados universitarios oficiais.	24	54%	20	55%	5.500,00	275,00
Bolsas de formación complementaria na Oficina de Relacións Internacionais (O.R.I.)	3	67%	3	67%	14.597,85	4.865,95
Bolsas de formación complementaria no ámbito do desenvolvemento sostible na xestión ambiental.	34	38%	3	67%	8.460,16	2.820,05
Bolsas de formación complementaria nos programas do Plan de Sustentabilidade e Medio Ambiente (Plan SUMA)	35	54%	7	14%	21.360,36	3.051,48
Bolsas de formación complementaria nos sistemas informáticos.	227	45%	133	47%	358.115,67	2.692,60
Bolsas de formación na Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT)	7	57%	2	0%	13.500,00	6.750,00
Bolsas de formación no Centro de Apoio Científico Tecnolóxico a Investigación (C.A.C.T.I.)	9	78%	4	75%	26.250,00	6.562,50

Bolsas de formación no Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (C.I.T.I.)	9	89%	2	100%	17.775,00	8.887,50
Bolsas de mobilidade para estudantes do Máster en Oceanografía.	1	100%	1	100%	1.200,00	1.200,00
Bolsas de Posgraao da Fundación Carolina.	2	100%	2	100%	13.277,84	6.638,92
Bolsas Erasmus + Estudos.	772	55%	391	55%	563.387,00	1.440,89
Bolsas Erasmus KA2 Proxecto LSTI (República Checa).	8	50%	5	60%	2.641,75	528,35
Bolsas Erasmus+ Prácticas.	84	55%	65	55%	64.946,00	999,17
Bolsas Iberoamérica do Banco Santander.	64	56%	25	60%	75.000,00	3.000,00
Bolsas KA2 Proxecto ILPA (Budapest).	9	56%	5	80%	3.964,20	792,84
Bolsas Mobilidade doutoramento.	63	52%	50	46%	22.563,19	451,26
Bolsas Ourense Exterior.	9	44%	5	40%	21.091,78	4.218,36
Bolsas para a formación complementaria do Campus de Ourense para o apoio en labores de difusión das actividades.	3	33%	2	50%	5.302,20	2.651,10
Bolsas para a formación complementaria no Campus de Pontevedra para o apoio na difusión de actividades culturais e deportivas.	5	80%	2	100%	5.887,64	2.943,82
Bolsas para a formación complementaria nos sistemas informáticos de creación.	40	65%	4	25%	12.566,62	3.141,66
Bolsas para a integración de discapacitados.	7	43%	5	20%	9.982,18	1.996,44

Bolsas para a realización de prácticas en centros e plataformas tecnolóxicas.	33	48%	7	29%	10.640,00	1.520,00
Bolsas para realizar estancias de investigación para estudantes de doutoramento.	23	57%	10	50%	24.955,00	2.495,50
Bolsas programa de intercambio GE4 para estudantes de enxeñaría.	5	20%	2	50%	2.500,00	1.250,00
Bolsas Propias Mobilidade.	134	56%	55	58%	96.250,00	1.750,00
Premios de Excelencia de Doutoramento.	63	57%	30	60%	7.500,00	250,00

4.3 Prácticas e acceso ao mercado laboral

A realización de prácticas externas é unha ferramenta decisiva tanto na formación integral do alumnado como, dun xeito mais institucional, no desenvolvemento das relacións da propia Universidade de Vigo coa súa contorna mais próxima.

As prácticas achegan o alumnado á realidade profesional, facilitando a súa relación cos distintos sectores socioeconómicos e aumentando a súa empregabilidade, pois proporciona competencias, habilidades e coñecementos de carácter práctico indispensables na súa integración e desenvolvemento profesional.

Por outra banda, as relacións con empresas e institucións que se establecen a través das prácticas externas é un instrumento valioso para testar a formación que está a recibir o alumnado universitario e establecer accións de mellora, ademais de permitir identificar aqueles sectores económicos que presentan maior crecemento e dinamismo.

4.3.1 Prácticas realizadas polo noso alumnado durante o curso 2015-2016

Durante o curso académico 2015-2016 a Área de Emprego xestionou, a través da Fundación Universidade de Vigo, as prácticas académicas extracurriculares (as curriculares xestionáronse nos centros) realizadas polo alumnado nos tres campus.

Prácticas académicas


Número de alumnos/as en prácticas	Curso 2013-2014	Curso 2014-2015	Curso 2015-2016
Extracurriculares	1.145	1.123	1.269
Curriculares	3.312	3.473	3.654
Nº de convenios	669	1.974	1.996

Durante o curso académico 2015/2016, aumentou o número de alumnos que realizaron prácticas académicas curriculares e extracurriculares (146 e 181 máis que o ano anterior respectivamente).

Como se pode apreciar no cadro, a tendencia é a incrementar o número de alumnos/as que participan nestas prácticas e tamén a cantidade de empresas e institucións implicadas. Esta circunstancia é especialmente positiva dada a situación de retardación da actividade económica no país e en especial na contorna.

Alumnos/as en prácticas por ámbito/empresa.

Porcentaxe de alumnado por ámbito/empresa



Ámbito	Alumnos
Xurídico-social	617
Tecnolóxico	399
Científico	145
Arte e humanidades	53
Ciencias da saúde	55
Total	1.269

■ Xurídico-Social ■ Tecnolóxico ■ Científico ■ Ciencias da Saúde ■ Arte e Humanidades

Entre o ámbito xurídico-social e o tecnolóxico suman o 81% das prácticas extracurriculares que realizan os alumnos da Universidade de Vigo.

As prácticas extracurriculares realizáronse no curso académico 2015/2016 en 708 empresas, que se clasifican por sector de actividade e de acordo co seu CNAE do seguinte xeito:

CNAE	Empresas
Actividades profesionais, científicas e técnicas	355
Industria manufactureira	147
Comercio o por maior e o por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas	101
Construción	52

Actividades sanitarias e de servizos sociais	38
Información e comunicacións	155
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	93
Actividades administrativas e servizos auxiliares	77
Hostalaría	26
Actividades financeiras e de seguros	56
Educación	63
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	21
Transporte e almacenamento	16
Industrias extractivas	6
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	7
Actividades inmobiliarias	6
Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	7
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	2
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	1
Outros servizos	40
TOTAL	1.269

4.3.2 Orientación e información de emprego


A Área de Emprego e Emprendemento ten como principal misión estreitar os vínculos entre a Universidade e a sociedade en materia de emprego e facilitar o coñecemento mutuo das necesidades, requisitos e posibilidades de cada unha das partes. Consecuentemente, leva a cabo unha serie de accións que, a partir das necesidades detectadas, permiten ofrecer —de maneira continuada— novas oportunidades de inserción laboral e impulsar así a empregabilidade de estudantes e persoas egresadas desta universidade.

Entrevistas individualizadas

Durante o curso académico 2015/2016 realizáronse un total de 92 entrevistas individualizadas de orientación laboral.

Con respecto ás demandas solicitadas foron as seguintes: currículo (56), carta (47), saídas profesionais (53), ofertas de emprego e emprego público (86), información xeral sobre o mercado laboral (45), entrevista (38), prácticas en empresas (23), formación para o emprego (19), formación ocupacional (14) e probas psicotécnicas (3).

Número de entrevistas individualizadas.




Número total de entrevistas desagregado por ámbito, sexo e situación académica

Ámbito	Estudantes		Tituladas/os		Total
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	
Arte e humanidades	0	0	9	1	10
Ciencias da saúde	0	0	0	1	1
Científico	4	0	5	0	9
Tecnolóxico	1	12	3	9	25
Xurídico-social	1	10	23	10	44
Mestrados	0	2	1	0	3
Total	6	24	41	21	92


Ofertas de emprego

No relativo ás ofertas de emprego, durante o curso académico 2015/2016 a Área de Emprego e Emprendemento xestionou e tramitou ofertas de emprego para diferentes sectores. En total, tramitáronse 145 ofertas de emprego, 573 prazas difundidas e xestionáronse 292 currículos.

Ofertas de emprego por ámbito.



Ofertas de emprego por tipo de contrato.



Dentro do ámbito relativo as ofertas de emprego entre os días 30 de maio e 3 xuño desenvolveuse a FINDE.U feira virtual de emprego. Dentro desta feira cabe destacar que confirmaron a súa asistencia un total de 114 expositores virtuais, da cales 78 eran empresas con necesidades de contratación de persoal, 23 servizos ou puntos de información relacionados con emprego e mobilidade, dun total de 13 países participantes, no ámbito da rede EURES.

As ofertas de emprego deste evento foron un total de 370, das que derivaron un total 1.324 postos de traballo. Os países máis representativos, por postos de traballo, foron: Alemaña, Reino Unido, España, Portugal, Malta, Suecia, Noruega, Dinamarca, Holanda, Bélxica e Eslovaquia. Sendo os grupos profesionais máis representativos o relativo ás TICs e a enfermería, cun un 32% e un 25,3% do total, respectivamente.

As candidaturas ás ofertas de emprego e prácticas foron un total de 4.435 e as entrevistas da axenda da plataforma foron un total de 49.

Bolsas de prácticas en empresas/institucións

No relativo ás bolsas de prácticas en empresas/institucións, durante o curso académico 2015/2016 a Área de Emprego e Emprendemento difundiu 55 convocatorias e tramitáronse 45 currículos.

En canto á avaliación do servizo prestado por parte dos axentes empregadores, recibíronse 56 respostas, onde a valoración (de 1 a 5) é de media 4,32.

Formación para o emprego

Durante o curso académico 2015/2016 a Área de Emprego e Emprendemento organizou varias formacións e ademais, coorganizou con diversos organismos outros tantos cursos.

Emprendemento-autoemprego

Para fomentar o espírito emprendedor no colectivo universitario, a Universidade de Vigo, a Cidade Universitaria e a Fundación Universidade de Vigo convocaron, en decembro de 2015, a 5.º edición dos premios Incuvi-Emprende. Nesta edición logrouse por segundo ano ofrecer de maneira conxunta espazos nos tres campus da Universidade de Vigo.

Por primeira vez convocáronse os premios INCUVI-Avanza coa colaboración da Zona Franca de Vigo, do Centro de Investigación, Transferencia e Innovación de Ourense (CITI) e da Confederación de Empresarios de Ourense (CEO) ofrecendo un programa de aceleración dun ano de duración a proxectos gañadores de tidas as edicións de INCUVI-Emprende. Entregándose un premio no campus de Vigo e outro no campus de Ourense.

Eures

Dentro do plan de actividades 2016 de Eures Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal levouse a cabo por vez primeira un programa de prácticas transfronteirizas para estudantes da Universidade de Vigo dotadas cunha bolsa económica de 400 € por mes e estudante que se desenvolveron entre os meses de xullo e agosto. Ofertáronse 10 prazas de prácticas, sendo 8 as empresas acollidas ao programa, e un total de 23 solicitudes do alumnado.

Outras accións

Entre o 25 e o 29 de abril de 2016 desenvolveuse e a International Staff Training Week organizada en colaboración coa vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais na que participaron 45 profesionais universitarios no ámbito do emprego de universidades de máis de 20 países Europeos.

4.3.3 Inserción laboral

A Universidade de Vigo, preocupada pola transición das persoas egresadas ao mercado laboral, elabora os seus propios estudos patrocinados polo Consello Social, e colabora con entidades externas como a ACSUG ou o INE na realización de enquisas e informes nos que se avalíe a inserción laboral das mesmas. Preséntanse de seguido os resultados dos informes publicados, hai que ter en conta que para os estudos de inserción laboral é preciso deixar transcourir certo tempo, de aí que se publiquen nesta memoria os datos das persoas egresadas no curso 2010/2011.

	Traballa			Traballa en algo relacionado coa súa titulación		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Enxeñaría	70,40%	69,20%	72,10%	68,60%	67,90%	69,80%
Ciencias	51,70%	49,00%	51,60%	48,40%	40,40%	49,70%
Ciencias da Saúde	65,60%	77,40%	63,00%	64,00%	77,40%	61,00%
Ciencias Económicas	63,80%	63,50%	65,50%	59,80%	59,80%	61,00%
Ciencias Xurídicas	59,10%	53,90%	61,10%	53,30%	49,50%	54,60%
Ciencias da Educación	57,90%	53,10%	59,00%	54,10%	48,10%	54,50%
Ciencias Sociais	63,20%	89,40%	58,90%	57,00%	86,80%	53,40%
Artes	40,90%	10,50%	50,10%	38,90%	10,50%	47,70%
Humanidades	70,50%	66,00%	71,80%	66,40%	66,00%	67,00%
TOTAL UVIGO	62,20%	61,50%	63,20%	58,90%	58,40%	59,40%

Tempo en atopar o primeiro emprego desde a obtención da titulación

	Menos de 1 mes	Entre 1 e 3 meses	Entre 3 e 6 meses	Entre 6 e 12 meses	Máis de 12 meses	Tempo medio (en meses)		
						Total	Homes	Mulleres
Enxeñaría	12,10%	22,50%	18,80%	30,30%	16,30%	8,68	11,22	8,77
Ciencias	24,70%	24,70%	4,80%	9,90%	35,90%	9,65	0,66	12,64
Ciencias da Saúde	26,40%	17,70%	9,70%	15,20%	31,00%	9,23	1,36	11,43
Ciencias Económicas	19,20%	20,20%	17,80%	12,00%	30,80%	10,14	7,3	11,07
Ciencias Xurídicas	33,80%	14,50%	22,10%	14,50%	15,20%	5,83	4,06	5,77

Ciencias da Educación	33,60%	20,50%	10,10%	15,60%	20,20%	7,25	7,47	7,28
Ciencias Sociais	24,30%	25,50%	10,30%	18,40%	21,60%	7,65	6,79	7,5
Artes	23,90%	9,80%	5,50%	14,10%	46,80%	13,12	15,56	12,81
Humanidades	38,90%	23,30%	11,00%	13,70%	13,20%	5,31	5,49	4,17
TOTAL UVIGO	27,60%	20,70%	13,10%	14,70%	23,80%	8,14	6,69	8,37

4.4 Internacionalización e mobilidade.

Unha característica relevante da actual formación universitaria é a mobilidade de estudantes. Este aspecto resulta fundamental para a formación integral dos nosos alumnos e alumnas, do mesmo xeito que os programas de prácticas profesionais.

Na Estratexia de internacionalización da Universidade de Vigo, aprobada en 2014, a mobilidade é un aspecto clave da internacionalización e da modernización da educación superior, así como unha das principais ferramentas para continuar a construír o Espazo Europeo de Educación Superior. O obxectivo xeral deste programa é estender a oferta de mobilidade dende unha perspectiva global e de excelencia.

Así mesmo, no ano 2013 aprobouse o Plan de internacionalización lingüística. Este documento ten como finalidade dotar a comunidade universitaria das competencias plurilingües e pluriculturais que se precisan para responder con eficacia aos retos dunha sociedade globalizada e culturalmente diversa.

Tamén foi aprobado o Regulamento de mobilidade internacional, que organiza e consolida o marco normativo en materia de mobilidade entre países. Trátase de facilitar ao alumnado/a, ao PAS e ao PDI a posibilidade de realizar parte dos seus estudos ou do seu traballo en institucións estranxeiras de ensino superior e de garantir o pleno recoñecemento destas actividades.

4.4.1 Datos de mobilidade nacional e internacional durante o curso 2015-2016

Durante o curso 2015/2016 un total de 656 estudantes da Universidade de Vigo participaron en programas de mobilidade internacional, de estudos ou prácticas.

A ORI potenciou a recepción de estudantes de todas as nacionalidades, xestionando a mobilidade de 626 estudantes estranxeiros (404 mulleres e 224 homes): 484 no Campus de Vigo, 52 en Ourense e 92 en Pontevedra.

De entre os programas internacionais, a maior parte corresponde ao programa Erasmus +. Durante o curso académico 2015-2016, un total de 483 estudantes, 264 homes e 219 mulleres, da Universidade de Vigo cursaron parte da súa formación noutros centros de educación superior en

Europa: 296 estudantes procedían do Campus de Vigo, 97 de Ourense e 90 de Pontevedra. As preferencias son Italia, Polonia e Alemaña.

No mesmo período, un total de 48 estudantes (32 mulleres e 16 homes) gozaron dunha bolsa propia da Universidade de Vigo en países extracomunitarios: 8 do Campus de Ourense, 16 do Campus de Pontevedra e 24 do Campus de Vigo. Brasil con 12 estadias e Chile con 8 destacan como países preferentes, seguidos de Arxentina e México. Ademais, 6 estudantes da Escola Naval de Marín realizaron unha estadia anual en EUA.

Verbo da mobilidade de estudantes en prácticas, en 2015/2016 un total de 60 estudantes (36 mulleres e 24 homes) participaron no programa Erasmus Prácticas. A duración media das estadias foi de 3,5 meses. Destacan como destinos preferidos: Reino Unido con 13 estadias, Portugal con 10, Alemaña con 8, Irlanda e Polonia con 5 estadias cada unha.


Con respecto a outros convenios, a ORI (Oficina de Relacións Internacionais) tramitou a documentación dun total de 5 alumnos (4 mulleres e 1 homes) que realizaron prácticas extracurriculares por convenio durante o curso 2015-2016. As empresas/institucións coas que se firmaron estes convenios foron: RIUSA II S. A. (México), Eurostars Budapest Center (Hungría), Tabacón Grand Spa Thermal Resort (Costa Rica), En Espanol (Irlanda) e Power Research & esting Company (Polonia).

No marco do programa ISEP, 11 estudantes, 6 homes e 5 mulleres, cursaron estudos en universidades norteamericanas, 9 do campus de Vigo e 2 de Pontevedra.

No marco do programa de bolsas Santander Grao un total de 25 alumnos/as (9 homes e 16 mulleres) dos cales 10 proceden do campus de Pontevedra, 6 de Ourense e 9 de Vigo, gozaron destas bolsas na correspondente convocatoria.


No marco do proxecto financiado pola Unión Europea «Erasmus Mundus GreenIT for the Benefit of Civil Society» a Universidade de Vigo enviou 1 estudante a Casablanca. Mentres que no programa Emundus Greentech WB 2 estudantes, das titulación de enxeñería de minas e de económicas, foron a Saraxevo.

Mobilidade internacional do estudantado.



SICUE é un programa de mobilidade nacional que permite que un estudante universitario realice parte dos estudos nunha universidade española distinta á súa, con garantías de recoñecemento académico, aproveitamento e adecuación ao seu perfil curricular.

Mobilidade nacional do estudantado.



Mobilidade do PDI

Durante o curso 2015-2016, un total de 95 docentes realizaron estadias no estranxeiro en programas de intercambio, 59 mulleres e 36 homes.

Co programa Erasmus, foron 93 docentes, 59 mulleres e 34 homes, os que se desprazaron a universidades europeas para impartir docencia. Un total de 12 do Campus de Ourense, 18 de Pontevedra e 63 do Campus de Vigo. Portugal, Italia, Francia e Polonia foron os destinos preferentes.

No marco do proxecto financiado pola Unión Europea «Erasmus Mundus GreenIT for the Benefit of Civil Society» enviouse un PDI home a Abdelmalek Essaâdi University de Marrocos.

No marco do programa Emundus GreenTech WB un PDI home trasladouse a Dzemal Bijedic University of Mostar en Bosnia Her Bosnia-Herzegovina.

Co programa Iacobus un total de 23 membros do PDI realizaron estadias en universidades do norte de Portugal: 13 mulleres e 10 homes.

Mobilidade do PAS

O persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo que desexe ampliar a súa formación no estranxeiro pode facelo a través da mobilidade do PAS a institucións de ensino superior no marco do programa Erasmus-STT, co que se pretende fomentar a formación do persoal e a internacionalización da institución.

Durante o curso 2015-2016, 4 membros do PAS realizaron estadias de mobilidade, 2 mulleres e 2 homes.

No marco do programa Iacobus (tres convocatorias durante o curso) un total de 5 membros do PAS realizaron estadias en universidades do norte de Portugal: 3 homes e 2 mulleres

TOEFL (Test of English as a Foreign Language)

A Universidade de Vigo está acreditada polo ETS para a realización do Test of English as a Foreign Language™ (TOEFL), exame que mide a capacitación de non nativos para utilizar e entender a lingua inglesa de forma oral ou escrita no ámbito académico. É un requisito para a admisión na maioría das universidades norteamericanas. Está recoñecido por máis de 5.000 institucións de educación superior, universidades e axencias de certificación de 90 países.

Realizáronse convocatorias en setembro, novembro, decembro, xaneiro, febreiro, maio e xuño, cun total de 11 estudantes examinados, algo máis que no curso anterior.

4.4.2 Plan de internacionalización lingüística da Universidade de Vigo

http://estudiantes.uvigo.es/estudiantes_gl/linguas/plan/

Unha das apostas mais interesantes do Plan de internacionalización da Universidade de Vigo é a promoción do plurilingüismo na nosa institución. Con este obxectivo, incluído xa no antigo plan estratéxico, perséguese promover a docencia noutras linguas para favorecer, entre outros fins, a competencia profesional de todo o persoal, mellorando a visibilidade do seu labor e a súa

movibilidade, a cooperación con institucións de educación superior dentro e fóra de Europa, a captación de alumnado estranxeiro e a posibilidade de que o noso alumnado se animen a moverse a outras universidades.

Para acadar este obxectivo creouse a Comisión de Internacionalización Lingüística como o instrumento de participación e debate para promover a implantación das distintas iniciativas recollidas nel e establecer os obxectivos da institución en materia de internacionalización lingüística.

O Centro de Linguas da Fundación Universidade de Vigo é o ente instrumental necesario para dinamizar este proceso.

Para que nestes momentos se produzan incrementos significativos nas cifras de movibilidade, a comunidade universitaria necesita acadar un nivel de competencia lingüística axeitado noutras linguas diferentes do galego e o castelán, e fundamentalmente en inglés.

Asemade, o marco actual de desenvolvemento do EEES tras a súa implantación urxe que se apliquen políticas encamiñadas á mellora das competencias lingüísticas do estudantado, pero tamén ofrece unha oportunidade única, xa que na contorna do novo sistema de aprendizaxe van ser máis valorados os períodos de estudos en institucións de ensino superior doutros países.

Centro de Linguas (CDL). Curso 2015-2016.

O Centro de Linguas da Fundación Universidade de Vigo naceu no ano 2004 para atender as necesidades lingüísticas da comunidade universitaria aínda que está aberto a calquera persoa de dentro ou fóra da universidade.

A docencia impártese no tres campus da Universidade de Vigo e en distintos centros asociados por profesorado con titulación universitaria e especializado no ensino de idiomas.

Os cursos do Centro de Linguas adáptanse ás directrices do Consello Europeo en materia de niveis de lingua e procedementos de avaliación, segundo se especifica no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER). Os certificados de acreditación de nivel axéitanse polo tanto ao estándar de recoñecemento internacional.

Matrícula do CDL


No curso 2015-2016 o número de alumnado matriculado no Centro de Linguas distribuíuse do seguinte xeito: 1.179 estudantes nos cursos cuatrimestrais, 277 nos alumnos/as nos cursos de verán, 747 estudantes en exames de acreditación de niveis, exame DELE, HELA, TOEFL e tamén 408 alumnos/as noutros cursos específicos. En total matriculáronse 2.611 estudantes no curso 2015/2016.

Disponse de datos para clasificar por sexo a 1.456 alumnos/as. Un 56 % do alumnado son mulleres e un 44 % homes.

Cursos de idiomas

Durante o curso 2015-2016, impartíronse cursos cuatrimestrais e intensivos de verán dos seguintes idiomas: alemán, alemán para estudantes de enxeñaría, español para estranxeiros, francés, italiano, inglés, inglés para estudantes de enxeñaría, inglés para alumnado do Conservatorio e outros interesados, conversa en inglés, portugués, preparación do First Certificate in English, preparación do CAE de Cambridge, lingua e cultura persa, iniciación á docencia do español como lingua estranxeira (en colaboración co Instituto Cervantes), así como cursos intensivos de Inglés A2, B1 e B2.

Alumnado de cursos por lingua 2015-2016



Acreditacións:

O Centro de Linguas é membro de ACLES (Asociación de Centros de Linguas en Ensinanza Superior), de CERCLES (European Confederation of Language Centres in Higher Education) que avalan os exames de acreditación de nivel B1 (inglés, francés e alemán), B2 e C1 (inglés) que se realizan no Centro de Linguas.

Este ano por primeira vez os cursos cuatrimestrais de Inglés B1, B2, C1 outorgan acreditacións CertAcles.

O CDL é centro examinador do DELE (Diploma do Español coma Lingua Estranxeira) avalado polo Instituto Cervantes e do IELTS (International English Language Testing System) que é o principal exame de lingua inglesa a nivel mundial.

O Centro de Linguas, ademais de dirixirse ao público en xeral, colabora especialmente coa Universidade de Vigo na realización de exames de acreditación necesarios para a comunidade universitaria, como por exemplo alumnado que participa en programas de intercambio en colaboración coa ORI, alumnado de mestrado, etc.

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos de libre elección ou ECTS da Universidade de Vigo, cando se cursen idiomas que non formen parte do plan de estudos do/a estudante.

HELA (Higher Education Lecturing Accreditation) e cursos para a docencia en inglés

En colaboración coa Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Institucionais e no marco do Plan de internacionalización lingüística, deseñouse o exame HELA, que fixa os criterios e procedementos para a acreditación para a docencia en inglés.

Esta proba complementábase coa organización de cursos específicos destinados ao profesorado da Universidade de Vigo centrados nas competencias necesarias para a impartición de docencia en lingua inglesa.


4.5 Persoal da Universidade de Vigo

O cadro de persoal laboral da Universidade de Vigo esta constituído polo persoal docente e investigador (PDI), o persoal de administración e servizos (PAS) e o persoal investigador (persoal en formación predoutoral e posdoutoral e polo persoal contratado con cargo a proxectos de investigación). Representan un dos grupos de interese prioritarios para a nosa institución xa que son os que procuran o servizo máis directo e importante aos nosos/as estudantes.

Consideramos que unha das maneiras de ser máis eficientes como institución é promover que o traballo que desenvolve o noso persoal sexa da máxima calidade, deste xeito a Universidade de Vigo trata de aproveitar o seu talento, fomentando as súas capacidades e cumprindo o principio de igualdade de oportunidades, nun ambiente de traballo motivador e enriquecedor. Entendemos que este é un dos xeitos máis importantes de compromiso co noso alumnado e coa sociedade.

Tipo de persoal	Total	% mulleres	% estranxeiros/as	% fixo
PDI	1.376	40%	1,31%	76%
PAS	702	60%	0,14%	73%
Persoal investigador	919	52%	4%	0%
TOTAL	2.997	48%	5%	52%

En 2016 traballaron na Universidade de Vigo 2.997 persoas, 1 menos que no ano anterior (o 48% deste total son mulleres).



Neste último ano o número de PAS que traballan na universidade aumentou lixeiramente (4 máis) mentres que o número de PDI diminuíu en 8 persoas (en Equivalencia a Tempo Completo, ETC) , mentres que o de persoal investigador diminuíu en 16 persoas.

4.5.1 Persoal docente e investigador (PDI)

A súa función prioritaria é a docencia e os labores de investigación e transferencia, así como a asistencia ao estudante e atender as necesidades de xestión. O PDI está composto por funcionarios/as e por persoal contratado: PDI funcionario e PDI laboral. O reparto por categorías do total do PDI (non en ETC), é o seguinte:

Persoal docente e investigador (PDI) segregado por categoría e sexo. Ano 2016


	Total	Mulleres	Doutoras/es	Total ETC
Catedrático/a de universidade	132	35	132	131,27
Titular de universidade	576	223	576	574,49
Catedrático/a de escola universitaria	22	7	22	21,13

Titular de escola universitaria	68	21	11	68,00
Contratados doutores/as	246	129	246	246
Titular de universidade interino/a	4	3	4	4
Titular de escola universitaria (laboral)	6	3	1	5,27
Axudantes	1	0	0	1
Axudantes doutores/as	39	22	39	39
Asociados/as	251	85	57	53,89
Eméritos/as	7	2	7	7
Lectores/as	4	3	1	1,84
Interinos/as	15	11	7	2,91
Visitantes	5	4	4	5
TOTAL	1.376	548	1.107	1.160,80

Respecto do ano 2015, o número de PDI en equivalencia a tempo completo diminuíu en 8 persoas.

Comparativamente co ano 2015, en 2016 houbo un incremento de contratación de PDI nas áreas de ciencias da saúde, sociais e xurídicas e artes a humanidades e un leve descenso en artes e humanidades e enxeñería.


PDI por categoría e idade.



Por ramas científicas, as mulleres son maioría no ámbito da saúde e nas artes e humanidades onde representan o 58% e o 51% respectivamente case idénticas ao ano anterior; nos restantes ámbitos o número de mulleres aumentou en un punto porcentual en ciencias e en enxeñería. Mentres se mantén constante en ciencias sociais e xurídicas.

Aínda así, con un 40% atopámonos moi preto da media española onde o porcentaxe de mulleres no PDI é do 40,9%.

Persoal docente e investigador segregado por área de coñecemento e xénero. Ano 2016



4.5.2 Persoal de administración e servizos (PAS)

O PAS representa un elemento clave no funcionamento eficaz da universidade xa que presta un apoio imprescindible á comunidade universitaria facilitando múltiples tarefas de xestión.

	Ano 2015			Ano 2016		
	Total	% mulleres	% fixo	Total	% mulleres	% fixo
Persoal laboral	330	41%	79%	333	41%	78%
Persoal funcionario	360	78%	90%	362	78%	89%
Persoal eventual e altos cargos	8	25%	0%	7	29%	0%
TOTAL	698	60%	84%	702	60%	73%


Para dar servizo funcional á Universidade de Vigo, en 2016- esta institución contou con 702 persoas (4 máis que no ano anterior) das cales o 60% son mulleres.

Tamén é salientable sinalar que o 78% do PAS funcionario son mulleres. Sen embargo, soamente un 29% pertencen ao persoal eventual ou altos cargos.

PAS funcionario por categoría profesional e xénero

	2015		2016	
	Total	% mulleres	Total	% mulleres
Grupo A1	10	40%	10	50%
Grupo A2	68	75%	67	75%
Grupo C1	205	78%	204	78%
Grupo C2	76	88%	81	86%
Grupo E	1	0%	—	—
TOTAL	360	78%	362	78%


PAS funcionario, eventual e altos cargos por grupo de idade.



PAS laboral por categoría profesional e xéneros

	2013		2014		2015		2016	
	Total	% mulleres	Total	% mulleres	Total	% mulleres	Total mulleres	%
Grupo I	58	52%	59	51%	62	50%	63	51%
Grupo II	12	67%	13	62%	10	60%	12	67%
Grupo III	143	35%	150	37%	155	37%	155	37%
Grupo IV	102	40%	105	37%	103	39%	103	38%
TOTAL	315	41%	327	40%	330	41%	333	41%

PAS laboral por grupo e idade.



4.5.3 Outro persoal investigador. Ano 2016

Este grupo esta composto polo persoal en formación predoutoral e postdoutoral e polo persoal contratado con cargo a proxectos de investigación.

	Total	% mulleres	% estranxeiros/as
Persoal de programas de investigación	329	58%	4%
Persoal contratado con cargo a proxectos	484	48%	5%
Bolseiros/as investigación e proxectos	65	54%	2%
Persoal técnico de programas de investigación	41	61%	2%
TOTAL	919	52%	4%

Respecto do ano anterior, o persoal investigador diminuíu en 16 persoas.

4.6 Beneficios sociais

A Universidade de Vigo, comprometida co seu persoal, mantén varios programas de beneficios sociais, co obxecto de contribuír ao benestar e á mellora da calidade de vida dos membros da comunidade universitaria.

Ademais dos pagos salariais, o persoal da nosa universidade ten outros beneficios sociais de diferentes tipoloxías que no ano 2016 deu como resultado a seguinte distribución e importe:

Con cargo ao capítulo 1

Nº persoas beneficiarias	Conceptos	Importe total (€)
426	Acción Social	178.238,21
277	Compl. I.L.T.	423.006,70
10	CPT	6.038,39
38	Gratíf. xubilación anticipada	367.141,40
50	Indemnización	20.981,99
16	Prestación de accidentes	25.716,54
182	Prestación de enfermidade	471.857,38
5	Gratificación por xubilación	117.825,10

Con cargo ao capítulo 6

Nº persoas beneficiarias	Conceptos	Importe total (€)
1	Acción Social	763,25
19	Compl. I.L.T.	11.716,14
717	Indemnización	141.866,80
3	Prestación de accidentes	4.004,67
10	Prestación de enfermidade	17.917,07

Exencións de matrícula na universidade do persoal propio e doutras universidades. Ano 2015-2016

2015-2016	UVIGO	USC	UDC
Nº persoas	222	53	30
Importe total	165.481,93 €	32.499,55€	15.631,80€

O persoal beneficiado por este concepto na Universidade de Vigo representa o 10,17% do cadro de persoal.

Convocatoria de Acción Social 2016

	Solicitudes	Concedidas	Importe repartido
AXUDA 1 minusvalía	56	49	25.639,38 €
AXUDA 2 coidado de familiares	183	173	46.582,02 €
AXUDA 3 estudos	541	440	46.419,99 €
AXUDA 4 tratamentos saúde	689	689	64.584,33 €

Anticipos de salario

Nº anticipos concedidos	PDI	PAS	% mulleres	Contía total
34	10	24	50%	66.704,50 €


Intercambio vacacional 2016

Nº solicitudes verán	177
Nº solicitudes Nadal e Semana Santa	77
Solicitudes admitidas (total)	126
Solicitudes admitidas (mulleres)	70

4.7. Formación do persoal

4.7.1 Formación PDI


2016 PLAN DE FORMACIÓN (PDI) MATRICULA



Durante o ano 2016 invertéronse 29.509 € en 593 horas de formación para o PDI. O 12% desta formación foi impartida de modo virtual.

4.7.2 Formación PAS

Participantes Formación Interna PAS




Custo formación interna PAS


Campus	Totais
Ourense	7.503 €
Pontevedra	6.355 €
Vigo	42.054 €
Virtual	6.000 €
Videoconferencia	5.745 €
TOTAL	67.657 €

En formación interna do PAS, no ano 2016 invertéronse 9.916 € menos que no ano anterior.

Participantes por área e campus



Participantes de formación externa PAS.




Custo formación externa PAS

Área	Total (€)
Biblioteca	507 €
Calidade	4.697 €
Económica	1.721 €
Habilidades	5.652 €
Idiomas	10.534 €
Informática	1.455 €
Investigación	830 €
Laboratorios	30.746 €
Prevención de riscos	611 €
Xurídico Procedimental	8.009 €
TOTAL	64.761 €

No ano 2016 o gasto en formación externa do PAS aumentou en 10.098 € respecto do ano anterior.

Nº de cursos por área e campus





4.8 Programa de prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde

A Universidade de Vigo ten concertada a actividade de vixilancia da saúde coa entidade Universal Prevención y Salud, Sociedad de Prevención S.L.U.

Accidentes de traballo durante o ano 2016:

ACCIDENTES <i>En misión</i> 2 <i>In Itinere</i> 6 Lugar de traballo 32 Total	BAIXA	Sen baixa	27
		Con baixa	13
	CAMPUS	Ourense	7
		Pontevedra	1
Vigo		32	
SEXO	Muller	30	
	Home	10	
COLECTIVO	Investigador/a	10	
	PAS	24	
	PDI	6	



En cumprimento da Lei 31/1995 do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e en concreto do seu artigo 19 sobre formación de traballadores, o SPRL (Servizo de Prevención de Riscos

Laborais) realizou un total de 13 cursos de formación dirixidos ao PDI e o PAS e repartidos en 26 edicións ao longo do ano 2015 nos que participaron un total de 287 persoas.

Cursos	Nº edicións	Matriculados
Primeiros auxilios	8	85
Drogas a substancias tóxicas no ámbito laboral	1	5
A voz como ferramenta de traballo	1	6
Hábitos saudables: obesidade	1	8
Riscos eléctricos	1	1
Curso de PRL para PDI	1	3
Manipulación manual de cargas	1	1
PRL nivel básico	1	3
Loita contra incendios	1	23
Formación básica para equipos alarma e evacuación	2	30
Desfibrilación externa semiautomática	1	8
Formación en emerxencias	6	101
Muller e saúde	1	13

4.9 Promovendo a igualdade de xénero e a integración.

Avance nas políticas de integración social universitaria

Dentro dos elementos de responsabilidade social están aqueles que favorecen a integración de todas as persoas que pertencen á comunidade universitaria.

Cara a materializar este compromiso coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, na Universidade de Vigo existe a Unidade de Igualdade como instrumento de xestión política responsable da incorporación transversal do principio de igualdade efectiva entre os homes e as mulleres en todos os ámbitos da comunidade universitaria.

Tamén existe unha unidade que atende as persoas con necesidades específicas ou de apoio educativo coordinada baixo a dirección do vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais.

A Universidade de Vigo móstrase tamén sensible a outras diferenzas, tales como as relativas á condición sexual ou outras que, mais alá das de xénero, precisan dunha atención e normalización que non impidan un saudable desenvolvemento da vida universitaria nin das persoas involucradas.

4.9.1 Igualdade de xénero

Tendo en conta que a igualdade como valor incorpórase na propia da misión da institución, debe ser un marco de referencia que oriente as aspiracións e os comportamentos, á vez que debe trasladarse á praxe da vida universitaria. Por ese motivo a Universidade de Vigo constituíu a Unidade de Igualdade no ano 2006 por acordo do Consello de Goberno, como instrumento de

xestión político responsable da incorporación transversal do principio de igualdade efectiva entre os homes e as mulleres en todos os ámbitos da comunidade universitaria

A Unidade de Igualdade ten encomendada a tarefa de promover medidas que garantan o acceso en igualdade de condicións á investigación e aos estudos universitarios, ao traballo e á promoción profesional das mulleres e dos homes na Universidade de Vigo, así como realizar o seguimento do desenvolvemento e cumprimento da lexislación e dos plans e medidas que se adopten na materia.

En relación a ese seguimento, esta serie de memorias, así como noutros informes da Universidade de Vigo, ofrece datos desagregados relativos a presenza da muller na nosa institución.

https://uvigo.gal/uvigo_es/administracion/igualdade/informes/

O I Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo rematou a súa vixencia no ano 2014 polo que o primeiro semestre de 2015 dedicouse especialmente a elaborar o seu informe de avaliación. Foi un traballo exhaustivo de recollida e tratamento de información que concluíu cun informe de resultados e serviu ademais para achegarnos a unha diagnose da igualdade de xénero na institución amosando as debilidades e fortalezas neste campo. O informe pode ser consultado neste enderezo:

http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/igualdade/plan/

O Consello de Goberno aprobou na súa sesión do 15 de abril de 2016 o II Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo (2016/19) cunha vixencia temporal de 4 anos. O plan caracterízase por estar adaptado á realidade, é integrador, transversal, participativo e dinámico. Estruturase en catro eixos que a súa vez conteñen obxectivos estratéxicos e operativos. A partir dos cales se concretan as 85 accións que se consideran necesarias para acadalos.

Os catro eixos que conforman este segundo plan son:

- Cultura da igualdade na Universidade de Vigo.
- Proxección social da Universidade de Vigo con perspectiva de xénero.
- Docencia, investigación e transferencia do coñecemento con perspectiva de xénero.
- Condicións socio laborais con perspectiva de xénero.

O II Plan de Igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo (2016/2019) pode ser consultado no seguinte enlace:

http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/administracion/igualdade/plan/

Xornadas de investigación

O 15 de xullo de 2016 realizouse en Santiago a «IV Xornada Universitaria Galega en Xénero», XUGeX, organizada polas tres universidades galegas e na que participou persoal docente e investigador de todas elas. Esta edición dedicouse á integración da perspectiva de xénero na docencia e nela se presentaron 15 comunicacións e 20 pósters. A conferencia inaugural foi

impartida pola catedrática emérita da Universitat Autònoma de Barcelona, Marina Subirats e titulouse «O que a Universidade nos debe ás mulleres».

Acto institucional do 8 de marzo

Como vén sendo habitual dende hai 3 anos, o día 8 de marzo, «Día Internacional das Mulleres» realizouse o acto institucional da Universidade de Vigo no que o reitor fixo entrega do cuarto premio *wiguala* que lle foi concedido á Asociación Universitaria de Ciencias da Educación (AUCE) do Campus de Ourense. No mesmo acto, impartíuse a conferencia titulada «*Xénero e orde sociosexual: unha viaxe transcultural*» e unha alumna do Grao de Dereito leu o manifesto do alumnado.

Axudas convocadas pola Unidade de Igualdade

Para o ano académico 2014-2015 a Unidade de Igualdade levou a cabo, a través das súas convocatorias de axudas, varias actividades para impulsar a perspectiva de xénero na docencia e sensibilizar en materia de igualdade en colaboración con toda a comunidade universitaria.

Actividade de sensibilización contra a violencia de xénero

A campaña institucional *Espazos de igualdade. Paisaxes de liberdade* foi posta en marcha co gallo do 25 de novembro «Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres». Repartíronse carteis con este lema para que marcasen os diferentes espazos de convivencia como liberados de calquera tipo de desigualdade. A propia páxina web da Universidade de Vigo empregou o deseño do cartel no seu frontal para visibilizar o seu rexeitamento á violencia contra as mulleres.

Así mesmo, en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade colocáronse puntos informativos nos tres Campus. Estaban dirixidos especialmente ao alumnado e neles ofrecíase material e información para previr ás mozas de calquera tipo de violencia nas súas relacións de parella e fomentar relacións afectivo-sexuais igualitarias. Repartiuse tamén material propio da Universidade de Vigo como as chapas co lema *Abrazo armado pola igualdade* e un tríptico de sensibilización sobre como detectar e previr o acoso sexual e por razón de sexo na Universidade de Vigo divulgando o protocolo de actuación para estes casos co que conta a institución dende o ano 2014.

En datas próximas á sinalada tivo lugar no Campus de Ourense a «Xornada de sensibilización para a prevención do acoso sexual e a promoción da igualdade de xénero no ámbito universitario»

Actividades de visibilización

A Unidade de Igualdade ten como unha das súas prioridades contribuír á visibilizar as manifestacións artísticas das mulleres e a súa incursión na sociedade da contorna máis próxima así como recoñecer á ciencia feita por mulleres. A Unidade de Igualdade segue a ter como unha das

súas prioridades contribuír á visibilizar e recoñecer o labor das mulleres e as súas achegas ao coñecemento universal e o desenvolvemento social Por iso, patrocinou as seguintes actividades:

- programa de apoio á creación feminina «Alt.procrea en feminino» no Festival de Teatro da cidade de Vigo. As creadoras que participan neste proxecto son Nuria Sotelo, Louisa Merino, Matarile Teatro, Mercé de Rande, Iris Heitzinger & Edita Braun compañía.
- Colaboración co Festival Sinsal Illa de San Simón para a promoción e visibilización do talento feminino realizado entre os días 22 e 24 de xullo de 2016 onde actuaron artistas femininas como Juana Molina, Eska ou Sktkar Gudasz.
- Edición do calendario para o ano 2016 «Mulleres que son historia» do que se fixeron 200 copias e do que hai unha versión descargable na web da Unidade de Igualdade.
- Durante o primeiro cuadrimestre do curso 2015-16 convocouse, en colaboración co Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO) a bolsa de produción ARTISTAS que se lle concedeu á alumna Xisela Franco e que inaugurará a súa exposición individual no vindeiro mes de setembro.

Actividades de formación

Durante este ano académico a Unidade de Igualdade organizou en colaboración co Servizo de Persoal de Administración e Servizos as seguintes actividades formativas :

- “A Construción de xénero: formas de violencia invisibilizadas na vida persoal e profesional”.
- “Traballar en espazos de igualdade” (Campus de Ourense).

Dentro do programa de formación permanente do profesorado, en colaboración coa Área de Formación e Innovación Educativa, organizouse o curso “Claves para unha docencia sen sesgos de Xénero” (campus de Ourense e Vigo) específico para persoal docente e investigador.

Por último, en colaboración co Servizo de Prevención de Riscos Laborais, organizouse a campaña informativa “Muller e saúde” de catro horas de duración.

Recursos para impulsar a perspectiva de xénero

Na páxina web da Unidade está dispoñible a *Bibliografía básica de xénero e teoría feminista* editada no ano 2015 e a *Guía de apoio para introducir a perspectiva de xénero na docencia da Universidade de Vigo* publicada no último trimestre do ano 2014.

Premios

A cuarta edición dos premios ANTONIA FERRÍN MOREIRAS de creación de materiais e recursos docentes con perspectiva de xénero foi concedido ao traballo «O xénero nos ollos. Estratexias para educar con (e pese ás) fotografías dos materiais curriculares»

Durante o mes de novembro resolveuse a segunda convocatoria dos Premios EGERIA de introdución da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e de máster. Os traballos

gañadores foron «Estereotipos de xénero nas expectativas de futuro da mocidade en situación de desprotección e conflito social» (Máster) e «Piropos: ¿afagadores? ou ¿práctica que mantén os estereotipos de xénero?» (Grao).

Programa Stella

A través do programa de mobilidade Stella, a Unidade de Igualdade recibiu durante unha semana ao coordinador de Extensión Universitaria da Universidade de Guadalajara (México), que observou como desenvolve a súa labor a Unidade, e tomou nota das accións levadas a cabo como orientación para a posta en marcha dunha unidade semellante na súa universidade.

4.9.2 Conciliación da vida familiar e laboral

Situación administrativa por conciliación familiar. Ano 2016


	PAS	PDI	TOTAL	% MULLERES
Excedencia por coidado de fillos	2	0	2	100%
Excedencia voluntario por agrupación familiar	0	1	1	100%
Permiso paternidade	7	20	27	0%
Permiso por parto	7	22	29	100%
Redución xornada	44	166	210	53%

Durante o ano 2016, iniciaron adaptación de xornada 1 muller e continuaron coa que tiñan concedida en anos anteriores 10 mulleres e 2 homes.

A Universidade de Vigo pon a disposición dos seus traballadores dúas escolas infantís (en Pontevedra e Ourense) para nenos e nenas de 0 a 3 anos. Acolleron nas súas instalacións 107 nenos e nenas dos que o 62% son alleos a comunidade universitaria.

Ademais, a través do proxecto Campus Camp, a nosa institución facilita ao persoal o coidado dos fillos e fillas durante os períodos de vacacións. Durante o ano 2015, 199 nenos e nenas puideron gozar deste servizo.

Campus Camp. Histórico de participación. Nº de nenos/as



4.9.3 Medidas de apoio á inserción de persoas con necesidades específicas de apoio.

A Universidade de Vigo, sensible á inserción e preocupada pola integración das persoas con necesidades específicas na nosa comunidade, promove varios programas que favorezan a súa plena integración tanto laboral como académica.

Número de persoas pertencentes á comunidade universitaria con algún tipo de discapacidade. Ano 2015-2016

	Grao (15/16)	Mestrado (15/16)	Doutoramento (15/16)	PAS (2016)	PDI (2016)
Total	18.059	2.156	1397	702	1376
Con discapacidade	157	18	4	24	18
Homes	80	12	2	11	13
Mulleres	77	6	2	13	5
De estudos de ciencias sociais e xurídicas	68	12			6
De estudos de enxeñaría e arquitectura	33	3	1		6
De estudos de artes e humanidades	27	2	2		2
De estudos de ciencias da saúde	20	1			2
De estudos de ciencias	9		1		2

A Universidade de Vigo, co ánimo de apoiar aos estudantes con algún tipo de necesidade educativa específica, e fomentando unha completa igualdade de oportunidades e a súa completa integración na vida universitaria, pon en marcha o Programa de Integración de Universitarios con Necesidades Especiais (PIUNE).

http://extension.uvigo.es/extension_gl/diversidade/piune/

Mediante este programa os estudantes poderán recibir:

- Atención, acollida e asesoramento polo Servizo de Extensión Universitaria en coordinación co gabinete psicopedagóxico da universidade.
- Soporte ao estudo (adaptacións curriculares, recursos técnicos de apoio...).
- Acompañamento en actividades diversas por voluntarios da Uvigo.

Durante o curso 2015-2016 a universidade asinou diferentes convenios de cooperación con colectivos implicados con persoas con capacidades diferentes.

Algúns deles foron:

- Convenio específico colaboración entre a Universidade de Vigo e a Asociación de familiares de familiares de enfermos de Alzheimer (AFAGA).

- Convenio de cooperación educativa entre as Asociacións de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Lugo (AFALU).
- Convenio de cooperación educativa entre Down Vigo, Asociación para a síndrome de Down e a Universidade de Vigo para realizar prácticas académicas externas.
- Convenio de Cooperación educativa entre Federación Provincial de Asociacións de Persoas con Discapacidade de Pontevedra (COGAMI- PONTEVEDRA) e a Universidade de Vigo para realizar prácticas académicas externas.
- Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Asociación Down Ourense para a realización dun programa específico para a integración laboral de persoas con discapacidade.
- Convenio de cooperación educativa entre a Universidade de Vigo, fundación ONCE para a cooperación e inclusión de persoas con discapacidade e a asociación para o emprego e a formación de persoas con discapacidade (FSC INSERTA), para a participación de estudantes universitarios con discapacidade na realización de prácticas académicas externas.
- Convenio de cooperación entre a Consellería de Política Social e a Universidade de Vigo para o financiamento da “Aula de formación aberta. Programa para Maiores”.

4.10 Reforzando os dereitos dos membros da comunidade universitaria

Hai varias canles para que a cidadanía participe na decisións da institución, así como na mellora do servizo prestado:

4.10.1. Representación na xestión ordinaria da universidade a través dos seus órganos de goberno

A participación e a representación dos colectivos con vinculación á universidade (persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos, e alumnado) está prevista no marco normativo básico que regula a institución e que establece os mecanismos de participación electoral, como electores e elixibles, para a elección de membros dos órganos de goberno e comisións. Constitúe esta a forma principal de participación, xa que a través dos órganos e comisións os representantes dos estudantes e do persoal, participan nas decisións relacionadas co funcionamento ordinario da universidade.

No seo dos centros da Universidade de Vigo, os estudantes, sen mingua dos dereitos individuais dos representantes, poderán crear delegacións de alumnos/as das que formarán parte, polo menos, os representantes dos estudantes do centro nos órganos de goberno da universidade.

Claustro

O Claustro universitario é o máximo órgano de representación e control da comunidade universitaria.

O Claustro da universidade de Vigo estará composto por douscentos cincuenta e catro (254) membros :

- O reitor/a, que o presidirá, o secretario/a xeral e o/a xerente.
- 128 representantes do profesorado numerario doutor (51 %)
- 23 representantes do restante persoal docente e investigador (9 %)
- 75 representantes do alumnado (30 %)
- 25 representantes do persoal de administración e servizos (10 %)

Consello Social

O Consello Social está integrado por un máximo de 31 membros:

- Reitor, a secretaria xeral e o xerente da UVigo.
- En representación do Consello de Goberno da Universidade: un profesor, un estudante e un representante do persoal de administración e servizos.
- En representación dos intereses sociais: o presidente do Consello Social, seis membros designados polo Parlamento de Galicia, seis membros designados pola Xunta de Galicia, un membro designado por cada un dos sindicatos máis representativos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, catro membros designados polas organizacións empresariais máis representativas dos sectores estratéxicos da economía galega na área de influencia da universidade; un membro designado pola Asociación de Antigos Alumnos; un membro designado polos colexios profesionais a través da súa entidade asociativa máis representativa e un membro designado por cada unha das tres corporacións municipais onde se localizan os campus.

Consello de Goberno

É o órgano de goberno da Universidade e está composto por 56 membros con voz e voto:

- O reitor/a, que o preside, o secretario/a xeral, o/a xerente
- 15 membros designados polo reitor/a, entre os que debe haber representación de todos os sectores da comunidade universitaria
- 20 membros elixidos polo Claustro dos que 8 son estudantes
- 15 membros elixidos polo Claustro entre decanos/as, directores/as,...
- 3 membros do Consello Social que non sexan membros da comunidade universitaria

Consello de campus

É o órgano colexiado de coordinación e representación do campus. Está composto por:

- a) O presidente, que será o reitor da Universidade.
- b) Un vicerreitor.
- c) Todos os decanos ou directores dos centros do Campus.

- d) Cinco profesores, elixidos por e entre os claustrais do mesmo sector e Campus, dos que polo menos un non sexa funcionario. Garantirase que haxa polo menos un representante de cada ámbito científico presente no Campus, no caso de que haxa candidatos.
- e) Cinco estudantes, elixidos por e entre os claustrais do mesmo sector e Campus, entre os que haberá polo menos un por cada ámbito científico presente no Campus, no caso de que haxa candidatos.
- f) Os dous membros do persoal de administración e servizos do Campus máis votados nas eleccións ao Claustro no Campus correspondente.

Consello do Campus de Pontevedra

Consello do Campus de Ourense

Xunta de Centro

É o órgano colexiado de representación e de decisión do Centro. Está composta por:

- a) Equipo decanal ou directivo
- b) Todo o profesorado con vinculación permanente á Universidade, que constituirá o 51% da Xunta
- c) Unha representación do PDI sen vinculación permanente que será o 9% da Xunta
- d) Unha representación do alumnado, que será o 30%
- e) Unha representación do PAS que será o 10%

Os membros electos serán renovados cada 2 anos. Pódese consultar os membros na web de cada Centro

Xunta de Titulación

Son os órganos encargados de elaborar, aprobar e modificar as propostas de plan de estudos. A súa composición é análoga en proporcións as Xuntas de Centro.

Consello de Departamento

É o órgano colexiado de representación e decisión do departamentos. Está composto por:

- a) Tódolos doutores/as membros do departamento
- b) O resto do PDI a tempo completo
- c) Un 20% do PDI a tempo parcial non doutor, sempre que non supere o 10% do total dos membros
- d) Unha representación do alumnado, que será o 25% do total dos membros, e a metade serán de terceiro ciclo
- e) Unha representación do PAS que será o 9% do total dos membros.

Os membros electos serán renovados cada 2 anos. Pódese consultar os membros na web de cada Departamento.

Tribunal de Garantías

O Tribunal de Garantías é o comisionado do Claustro da Universidade de Vigo para a defensa dos dereitos dos membros da comunidade universitaria. Está composto por 9 membros dos que 2 son estudantes.

Comisión de calidade do centro

É o órgano de planificación e seguimento do Sistema de Garantía interno de calidade do Centro. O número de membros establécese no Manual de calidade do centro.

4.10.2 Tribunal de Garantías

https://www.uvigo.es/uvigo_gl/organizacion/organos/tribunal_garantias/

O Tribunal de Garantías é unha institución singular, específica e inconfundible dentro do sistema institucional universitario. É unha institución de garantía á que se lle encomenda a defensa dos dereitos dos membros da comunidade universitaria. Así mesmo constitúe un factor de impulso e mellora á hora de lograr unha administración máis xusta e eficaz. Investiga como funcionan os órganos administrativos, os administradores, nas súas relacións cos administrados a fin de detectar retrasos, silencios, arbitrariedades, irregularidades ou mala fe. Polo tanto é un procedemento de escoita dos grupos de interese da universidade.

O Tribunal de Garantías está facultado para admitir calquera queixa ou reclamación que lle sexa presentada en que estea a ser denunciado o incumprimento da legalidade ou calquera dano aos intereses lexítimos da persoa denunciante nas relacións coa Universidade de Vigo, aínda que non haxa infracción estrita da legalidade.

No exercicio das súas funcións, o tribunal actuará formulando suxestións, propostas e recomendacións aos responsables inmediatos dos servizos da universidade, aos responsables máximos universitarios e á persoa ou persoas implicadas sobre as medidas que se deberían adoptar para eliminar as deficiencias ou problemas observados, e, igualmente, achegando posicións das partes en conflito. Neste sentido as atribucións do Tribunal de Garantías converxen, nun sentido amplo e práctico, coa implantación da responsabilidade social universitaria na Universidade de Vigo.

Durante o 2016 estivo composto por oito membros, 4 homes e 4 mulleres.

A función deste tribunal abarca fundamentalmente tres áreas de actuacións:

- a) Supervisión, comprobación e inspección do funcionamento da administración universitaria, facendo que se cumpra a normativa e se respecten os dereitos e os intereses lexítimos das persoas.
- b) Mediar entre as partes a fin de construír canles de comunicación e diálogo, facilitar avinzas e acordos, e previr, desactivar ou resolver conflitos
- c) Recomendar, propoñer e promover cambios e melloras no conxunto do sistema universitario.

Entre as entidades ás que pertence o Tribunal de Garantías cómpre destacar as seguintes:

- a) Conferencia Estatal de Defensores Universitarios de España (CEDU), da que o Tribunal de Garantías é membro fundador.
- b) European Network of Ombudsmen in Higher Education (ENOHE).
- c) Red de Defensores, Procuradores y Titulares de Organismos de Derechos Universitarios Mexicanos (REDDU). Trátase da organización máis activa no contexto de toda a área latinoamericana, o que facilita o enlace e a comunicación cos defensores de toda a rexión.
- d) Rede de Defensores Universitarios de Galicia (REDUGA).

4.10.3 Caixa de queixas, suxestións e parabéns

<https://seix.uvigo.es/uv/web/qsp/>


As queixas e suxestións son mecanismos activos de participación cidadá, que serven de gran axuda ás administracións públicas para mellorar a calidade do servizo público prestado. O procedemento permite a cidadanía trasladar de xeito áxil e simple á Administración, os motivos da súa insatisfacción, así como as propostas de mellora que considere oportunas.

A principios de 2015 os Centros da Universidade de Vigo aproban o novo Procedemento de queixas, suxestións e parabéns que forma parte do Sistema de Garantía interna de centros, e que se axusta ao establecido no procedemento en funcionamento no ámbito de xestión.

En marzo do ano 2015, habilítase o sistema de Queixas, Suxestións e Parabéns nos centros (proprios e adscritos) e departamentos, substituíndo os sistemas que xa estaban funcionando en cada centro. A finais do ano 2015 implántase o sistema nos centros de investigación propios da Universidade de Vigo como (CACTI, ECIMAT, CINBIO e CITI). Deste xeito a Universidade dótase dun sistema único (coa soa excepción da Biblioteca Universitaria) aplicable a todas as unidades e actividades da mesma.

No ano 2016 recibíronse a través da caixa de queixas, suxestións e parabéns un total de 480 QSP, das que un 9 %, son clasificadas como “non clasificable” ao corresponder á Biblioteca Universitaria.

Clasificación interna




Clasificación interna	QSP
Queixa	257
Suxestión	68
Parabén	39
Reclamación	8
Demanda	4
Solicitud	63
Non clasificable	41
Total xeral	480

A clasificación das QSP por tipo de usuario/a indica que a maior parte son estudantes de grao/1º e 2º ciclo que representan o 53% do total das QSP recibidas, seguidos do PDI con un 15 % do total.


Tipo de usuario/a	QSP
Estudiante de grao ou 1º e 2º ciclo	198
Estudiante de mestrado ou doutoramento	37
Estudiante doutros estudos propios da Universidade de Vigo	9
Persoal de administración e servizos (PAS)	28
Persoal docente e investigador (PDI)	57
Empresa	1
Outro tipo de usuario externo	32
Outro tipo de usuario interno	14
Total xeral	376

Clasificación por tipo de usuario/a



Segundo o procedemento o tempo de resposta é de 15 días hábiles dende o rexistro da QSP. No ano 2016 das 376 QSP rexistradas, respondéronse no mesmo día 2 QSP, o maior porcentaxe de resposta foi entre un e cinco días onde se responderon 215 QSP, 36 QSP foron respondidas fora de prazo. Polo tanto, foron respondidas en prazo o 90%, das cales un 57% tiveron resposta entre un e cinco días.

Tempo de resposta



INDICADORES

Tempo medio resposta	6
% respondidas en prazo	90%
Pendente de resposta	0


Tempo de resposta	QSP
No mesmo día	2
De 1 a 5 días	215
De 6 a 10 días	79
De 11 a 15 días	44
Máis de 15 días	36
Total xeral	376

As QSP segundo os motivos que levan ao usuario ou usuaria ou parte interesada a facela poden afectar a:

- **Procesos:** se afecta a trámites, prazos ou a documentación requirida durante o proceso de atención.
- **Persoas:** se ven provocada pola cualificación e profesionalidade do persoal que o atendeu ou polo trato persoal recibido.
- **Instalacións:** se se refiren a orde, limpeza, sinalización, facilidade de acceso ou á localización das instalacións ou medios virtuais.
- **Prestacións:** se afecta ao resultado obtido e se existe coincidencia entre o produto ou servizo prestado e as necesidades e expectativas do usuario.
- **Solicitud:** se se refiren a peticións de información.

No ano 2016 a maioría das QSP afectan as prestacións, 146 que representan un 39 % do total.

Motivo




Motivo	QSP
Prestacións	146
Procesos	53
Instalacións	67
Persoas	110
Total xeral	376

■ Instalacións ■ Persoas ■ Prestacións ■ Procesos

A clasificación das QSP por forma de resposta indica que a maioría dos peticionarios elixen como forma de resposta o correo electrónico, que representan ó 66 % do total das QSP recibidas. Os peticionarios que non desexan respostas representan o 33% do total, este porcentaxe engloba tanto as QSP con identificación como as QSP anónimas.

Forma de resposta



Forma de resposta	QSP
Correo electrónico	249
Correo postal	5
Non desexo resposta	122
Total	376

■ Correo electrónico ■ Correo postal ■ Non desexo resposta

4.10.4 Canles de comunicación coa sociedade

A universidade mantén varias canles de comunicación abertas a través das que informar tanto aos membros da comunidade universitaria como á sociedade en xeral das súas actividades, eventos e resultados. Dada o alto impacto que moitas das actividades teñen no entorno económico, social e cultural, a difusión do coñecemento xerado a través da actividade académica, investigadora e de

extensión universitaria, ten unha especial relevancia para a sociedade. As principais canles de comunicación son:

- Web institucional
- Redes sociais
- DUVI diario dixital
- Boletín dixital mensual da novas relacionadas coa Responsabilidade social
- App Uvigo! Aplicación para móbil de avisos

5. *Transparencia e sustentabilidade na xestión económica*

Neste capítulo infórmase ás partes interesadas sobre o desempeño económico en xeral, do grao de cumprimento do seu orzamento e dos resultados económicos obtidos pola Universidade de Vigo durante o exercicio.

A institución elabora anualmente un resumo da memoria económica, un documento que a súa vez emana da Conta anual do exercicio 2016. Estes documentos conteñen e amplía moita da información exposta neste apartado e pode ser consultado no seguinte enlace:

http://xerencia.uvigo.es/xerencia_gl/economica/

A Universidade de Vigo procura que o principio de transparencia na xestión sexa unha conduta real da institución, dirixido a garantir un comportamento legal, ético e responsable socialmente.

5.1. *Xestión orzamentaria e situación económico-patrimonial da Universidade de Vigo*

O orzamento da Universidade de Vigo recolle as obrigas que, como máximo, pode recoñecer a institución, así como os dereitos que se prevén liquidar durante o correspondente exercicio, e apróbase en equilibrio, cumprindo cos principios da sustentabilidade financeira e consonte o teito de gasto establecido para dito exercicio.

O orzamento inicial do exercicio 2016 aprobouse por un importe de 160.586.524 euros, un 3,8 % menos que o do exercicio precedente. Na primeira columna do cadro 1 recóllense os créditos iniciais por capítulos aprobados no orzamento de 2016.

Orzamento de ingresos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2016 (€)

Capítulos	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	16.626.500	536.938	17.163.438
IV. Transferencias e subvencións correntes	116.500.524	1.510.527	118.011.051
V. Ingresos patrimoniais	336.000	1.916	337.916
OPERACIÓNS CORRENTES	133.463.024	2.049.381	135.512.405
VI. Alleamento de investimentos reais	0	0	0
VII. Transferencias e subvencións capital	22.791.000	130.450	22.921.450
OPERACIÓNS DE CAPITAL	22.791.000	130.450	22.921.450
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	156.254.024	2.179.831	158.433.855
VIII. Variación de activos financeiros	4.332.500	9.653.490	13.985.990

IX. Variación de pasivos financeiros	0	0	0
OPERACIÓN S FINANCEIRAS	4.332.500	9.653.490	13.985.990
TOTAL	160.586.524	11.833.321	172.419.845


Ao longo do exercicio realizáronse modificacións orzamentarias que supuxeron un incremento de 11.833.321€ sobre o orzamento inicial. Na segunda columna do cadro detállanse por capítulos as modificacións orzamentarias realizadas e que veñen significando unha diminución do 14,10% con respecto ao exercicio precedente.

Na terceira columna reflíctense os créditos definitivos, que resultan de engadir aos créditos iniciais as modificacións de crédito. Supoñen unhas previsións definitivas de ingresos de 172.419.845 €, un 0,36 % inferior que o do exercicio precedente.

No que respecta ás modificacións, a partida máis importante é a referida á variación de activos financeiros, que reflicte a incorporación de remanentes procedentes do exercicio 2015.

Orzamento de gastos inicial e definitivo da Uvigo por capítulos. Ano 2016 (€)

Capítulos	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos
I. Gastos de persoal	95.040.900	1.190.986	96.231.886
II. Gastos correntes en bens e servizos	28.014.935	1.8803.125	29.818.060
III. Gastos financeiros	375.000	0	375.000
IV. Transferencias correntes	6.275.250	1.061.396	7.336.646
V. Fondo de continxencia	300.000	-133.300	166.700
OPERACIÓN S CORRENTES	130.006.085	3.922.207	133.928.292
VI. Investimentos reais	27.440.439	7.911.114	35.351.553
OPERACIÓN S DE CAPITAL	27.440.439	7.911.114	35.351.553
OPERACIÓN S NON FINANCEIRAS	157.446.524	11.833.321	169.279.845
VIII. Activos financeiros	140.000	0	140.000
IX. Pasivos financeiros	3.000.000	0	3.000.000
OPERACIÓN S FINANCEIRAS	3.140.000	0	3.140.000
TOTAL	160.586.524	0	172.419.845



A diferenza entre os créditos iniciais e os créditos definitivos vén dada polas modificacións de crédito realizadas. No seguinte cadro amósase a evolución do orzamento inicial e definitivo da universidade e das modificacións orzamentarias no período 2011 a 2016.

Evolución do orzamento e as súas modificacións 2011-2016 (€)

	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Presuposto inicial	167.903.853	162.969.745	163.216.352	159.655.119	165.203.557	160.586.524
Modificacións orzamentarias	14.506.050	15.825.462	12.912.462	9.977.541	13.496.339	13.776.339
Xeracións de crédito	1.388.059	6.766.906	1.621.282	2.972.563	4.203.536	2.179.831
Incorporación de remanentes	13.117.991	9.059.556	11.291.225	7.004.978	9.292.803	9.653.485
Transferencias de crédito	5.702.449	2.494.981	453.119	4.935.103	280.000	80.000
Orzamento definitivo	182.409.903	178.796.207	176.128.858	169.632.660	178.979.896	172.419.845

Evolución do resultado orzamentario

A universidade mantén nos últimos anos unha liña de estabilidade nos ingresos, cun aumento no ano 2016 do 1,81% respecto do ano anterior.


Evolución dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2011 a 2016(€)

	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Ingresos (dereitos recoñecidos)	155.204.321	148.355.503	151.150.166	146.593.087	151.027.720	153.759.723
% variación anual	-1,75%	-4,41	1,88 %	-3,01%	3,03%	1,81%

A institución continúa esforzándose para equilibrar as súas contas e axeitar os seus gastos as súas disponibilidades financeiras.

Evolución dos gastos (obrigas recoñecidas). Anos 2011 a 2016 (€)

	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Gastos (obrigas recoñecidas)	154.660.658	148.728.461	142.360.844	147.443.760	155.009.911	149.968.829
% variación anual	-8,91 %	-3,84%	-4,28%	3,57%	5,13 %	-3,25%



Balance de situación da Universidade de Vigo

O balance é o estado económico-financieiro onde se amosa a situación patrimonial da universidade a 31 de decembro de 2016. Os datos amosan a solidez da posición da Universidade de Vigo.

Balance de situación da Uvigo 2016-2015 (€)

DESCRICIÓN	Exercicio 2016	Exercicio 2015
A) ACTIVO NON CORRENTE	209.095.164,90	216.190.641,01
I. Inmobilizado intanxible	560.205,38	474.919,53
II. Inmobilizado material	202.392.029,94	209.533.668,69
III. Investimentos inmobiliarios	340.000,00	340.000,00
IV. Investimentos financeiros a longo prazo en entidades do grupo	5.788.551,94	5.827.675,35
V. Investimentos financeiros a longo prazo	14.377,64	14.377,64
B) ACTIVO CORRENTE	71.793.198,44	68.071.659,11
III. Debedores e outras contas a cobrar	40.277.591,96	38.870.169,78
V. Investimentos financeiros a curto prazo	564.989,03	537.301,66
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	30.950.617,45	28.664.187,67
TOTAL ACTIVO (A+B)	280.888.363,34	284.262.300,03
A) PATRIMONIO NETO	247.622.111,35	247.856.649,03
I. Patrimonio	268.318.132,87	268.318.132,87
II. Patrimonio xerado	-48.576.227,87	-47.131.969,37
III. Outros incrementos patrimoniais ptes resultados	27.880.206,35	26.670.455,53
B) PASIVO NON CORRENTE	16.458.232,51	18.725.973,41
I. Provisións a longo prazo	8.356.981,71	8.871.914,95
II. Débedas a longo prazo	8.101.250,80	9.854.058,46
C) PASIVO CORRENTE	16.808.019,48	17.679.677,68
I. Provisións a curto prazo		153.158,37
II. Débedas a curto prazo	2.007.352,85	3.006.139,37
IV. Acredores por operacións de xestión	5.391.684,20	5.413.246,29
V. Axustes por periodificación	9.408.982,43	9.107.133,29
TOTAL PASIVO (A+B+C)	280.888.363,34	284.262.300,12

5.2. Relación económica coas partes interesadas

Conta do resultado económico patrimonial da Uvigo 2016-2015 (€)

DESCRICIÓN	Exercicio 2016	Exercicio 2015
1. Ingresos tributarios e cotizacións sociais	150.041,45	7.355,73
2. Transferencias e subvencións recibidas	130.710.229,90	136.425.105,23
3. Ventas netas e prestación de servizos	17.259.758,66	19.329.209,30
6. Outros ingresos de xestión ordinaria	5.131.335,00	4.190.018,72
<i>A) TOTAL INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA</i>	<i>153.251.365,01</i>	<i>159.951.688,98</i>
8. Gastos de persoal *	105.046.439,93	103.454.706,18
9. Transferencias e subvencións concedidas	5.853.140,65	5.633.186,48
11. Outros gastos de xestión ordinaria	33.710.393,93	34.352.143,37
12. Amortizacións de inmovilizado	9.678.308,35	9.227.607,69
<i>B) TOTAL GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA</i>	<i>154.288.282,67</i>	<i>152.667.643,72</i>
I. Resultado da xestión ordinaria (A-B)	-1.036.917,66	7.284.045,26
13. Deterioro do valor e resultados polo alleamento do inmovilizado non financeiro e activos	497.567,96	-70.245,67
14. Outras partidas non ordinarias	186.218,81	178.096,48
II. Resultado das operacións non financeiras (I-13+14)	-353.130,89	7.3913896,07
15. Ingresos financeiros	52.827,67	209.734,56
16. Gastos financeiros	-324.065,32	-401.007,58
20. Deterioro do valor, baixas e alleamento de activos e pasivos financeiros	-576.361,94	1.660.819,96
III. Resultado das operacións financeiras (15-16-20)	-847.599,59	1.469.546,94
IV. Resultado neto do exercicio (II+III)	-1.200.730,48	8.861.443,01

* Inclúe o gasto de persoal investigador

No referido aos gastos de persoal, o seu importe acadou no 2016 96.072.942 €, o que supón un incremento do 2,92% en relación ao exercicio 2015.

Gasto de persoal (obrigas contraídas). Anos 2016 e 2015 (€)

Denominación	2016	Importe da variación s/ 2015	% de variación s/ 2015	2015
Altos cargos e persoal eventual	474.861	25.738	5,73%	449.123
Funcionarios	52.538.809	1.176.618	2,29%	51.362.191
Laborais	10.918.794	451.673	4,32%	10.467.121
Outro persoal	18.134.166	703.294	4,03%	17.430.872
Incentivos ao rendemento	766.000	9.793	1,30%	756.207
Gastos sociais	13.240.311	357.024	2,77%	12.883.287
TOTAL	96.072.942	2.724.141	2,92%	93.348.801

No referido ao gasto en bens e servizos correntes, o importe final é de 24.578.491€, cun decrecemento porcentual dun 4,31 % como se pode ver na seguinte táboa. Os maiores aumentos en termos absolutos danse na partida de material, subministracións e outros.

Gasto en bens e servizos correntes (obrigas contraídas). Anos 2016 e 2015 (€)

Denominación	2016	Importe da variación s/ 2015	% de variación s/ 2015	2015
Arrendamentos	335.437	-98.664	-22,73%	434.101
Reparacións e conservación	2.861.785	369.545	14,83%	2.492.239
Material, subministracións e outros	19.815.009	-1.22.163	-5,96%	21.070.172
Indemnizacións por razón de servizo	1.517.279	-117.286	-7,18%	1.634.565
Publicacións	48.981	-5.236	-9,66%	54.217
TOTAL	24.578.491	1.106.804	-4,31%	25.685.295

O gasto en transferencias correntes acadou un importe de 5.754.114€, cun aumento porcentual do 3,69% . Debemos salientar que segue a manterse a liña de traballo e a aposta da institución polo programa propio de bolsas e axudas. Malia todo, o esforzo feito pola nosa institución non é quen de compensar a caída das axudas estatais.

Gasto en transferencias correntes. Anos 2016 e 2015 (€)

Denominación	2016	Importe da variación s/ 2015	% de variación s/ 2015	2015
Transferencias a entidades públicas e privadas	2.496.782.	44.782	1,83%	2.452.000
Transferencias a familias e institucións sen ánimo de lucro (bolsas e subvencións)	2.353.977	-44.338	-1,85%	2.398.315
Transferencias ao exterior (intercambios Erasmus, LIG...)	903.355	204.290	29,22%	699.065
TOTAL	5.754.114	207.734	3,69%	5.549.380

O capítulo de investimentos no ano 2016 chega aos 20.413.416 €, cun decrecemento porcentual dun 22,17 % con respecto ao 2015:

Gasto en investimentos (obrigas recoñecidas). Anos 2016 e 2015(€)

Denominación	2016	Importe da variación s/ 2015	% de variación s/ 2015	2015
Investimentos asociados ao funcionamento dos servizos	5.092.732	-5.422.409	-51,57%	10.515.141
Gasto en investimentos de carácter inmaterial	15.320.684	-391.669	-2,49%	15.712.353
TOTAL	20.413.416	-5.814.079	-22,17%	26.227.494

As bibliotecas están ao servizo de toda comunidade universitaria e abertas a toda a sociedade en xeral. O gasto dedicado á adquisición de recursos ascendeu no ano 2016 a 2.373.755€, unha cifra moi similar á do ano anterior.

O gasto de persoal asignado ás bibliotecas foi de 3.617.510 €, importe menor co do exercicio anterior.

Descrición	Ano 2016	Ano 2015
Total gastos en recursos de información (euros)	2.373.755	2.388.613
Compra de monografías en papel	298.065	315.238
Compra de monografías audiovisuais	Sen datos	Sen datos
Subscripción de publicacións periódicas papel	305.311	292.957
Gasto en compra de material (non libros)	Sen datos	35.188
Gasto en monografías electrónicas de pago con licenza	40.767	1.442.416

Gasto en publicacións periódicas electrónicas de pago ou con licenza	1.501.571	302.814
Gasto en bases de datos de pago ou con licenza	228.041	129.312
Gasto en información electrónica	1.770.379	173.502

Custe en persoal das bibliotecas (€)

Descrición	Ano 2016	Ano 2015
Custe de bibliotecarios/as	1.377.494	1.313.150
Custe de auxiliares de biblioteca	2.000.081	2.000.081
Custe de estudantes bolseiros/as	5.280	5.280
Custe de persoal especializado	145.887	145.887
Custe de persoal administrativo	88.768	89.202
Total custe del persoal (euros)	3.617.510	3.553.600

5.3. A contratación administrativa

Os aspectos máis relevantes da contratación pública correspondente aos distintos tipos de contratos administrativos (obras, subministracións, asistencia / consultaría / servizos, xestión de servizos públicos e contratos de carácter privado) do exercicio 2016 aparece reflectida nos cadros a seguir:

Comparativo do volume de contratación nos exercicios 2016/2015.

	2016	2015	Diferenzas (valor absoluto)	Diferenzas (porcentuais)
Importes de licitación	7.094.943	17.957.941	-10.862.998	-60,49%
Número de expedientes	18	70	-52	-74,29%

A continuación amósase un resumo das adxudicacións, distinguindo por tipos de contrato e a súa vez polos procedementos e formas de adxudicación. Neste exercicio dáse un maior peso dos expedientes tramitados por procedemento aberto, que superan en número aos procedementos negociados.

Resumo por tipo e procedemento de adxudicación no exercicio 2016.

Tipo de Contrato	Obras	Servizos	Subministracións Privados	Administrativos especiais	Compra pública precomercial	Total
Procedemento aberto	2	8	2	1	0	14
Procedemento negociado	2	1	1	0	0	4
Total	4	9	3	1	0	18

A información anterior complementábase cos datos económicos contidos no seguinte cadro, no cal obsérvase que as baixas producidas acadaron un importe de 1.188.621 €, un 16,75 porcentual verbo dos importes de licitación.

Resumo por tipo, importes e ratios principais no Exercicio 2016

Tipo de Contrato	Obras	Servizos	Subministracións	Privados	Adm. especiais	Central Madrid	Compra pública precomercial	Total
Importe de licitación	3.938.812,44	2.616.130,79	540.000	1.400	0	0	0	7.096.343,23
Importe de adxudicación	3.094.671,06	2.244.798,08	443.485,15	0	123.367,38	0	0	5.907.721,67
Diferenzas (valor absoluto)	-844.141,38	-371.332,71	-96.514,85	0	123.367,37	0	0	-
Diferenzas (porcentuais)	-21,43%	-14,19%	-17,87%	0%	0%	0%	0%	-16,75%

Finalmente recordar que nos datos comentados non se inclúe información relativa aos denominados contratos menores regulados no Real decreto legislativo 3/2011, de 14 novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.


5.4 Responsabilidade na cadea de aprovisionamentos

O seguinte cadro recolle as cifras de facturación atendendo á procedencia dos provedores. Consideramos provedores locais aos das provincias de Pontevedra e Ourense, onde teñen sede os campus da Universidade de Vigo; estes representan máis do 48% do número de provedores e facturan 15.087.717 €, o que representa un 46% do total. Estes datos supoñen una cifra case idéntica á do ano anterior en canto a volume e un lixeira perda en número de provedores

ÁMBITO	Exercicio 2016			Exercicio 2015		
	Nº Proveedores	Total facturado	% facturado	Nº Proveedores	Total facturado	% facturado
Local	1.289	15.087.717	46,42%	1.415	15.449.192	39,23%
Autonómico	288	4.487.663	13,81%	289	6.662.332	16,92%
Estatal	761	11.738.664	36,12%	749	14.926.056	37,90%
Estranxeiro	342	1.189.112	3,66%	359	2.345.951	5,96%
Totais	2.680	32.503.157	100,00%	2.812	39.383.530	100,00%

Atendendo á orixe xeográfica a Universidade de Vigo fornécese nun 60% do contratado con provedores galegos, que en número representan o 64,96 % do total.

% facturado por orixe do provedor



Durante o exercicio 2016 a Universidade de Vigo tivo relación con 2.812 provedores externos, que lle facturaron en total 39.383.530€. O importe medio por provedor é de 12.128€, sendo o tramo de facturación de entre 1.000 a 10.000€ o que absorbe a parte máis importante do orzamento cun 36%.

Facturas recibidas

Concepto	Ano 2016	Ano 2015
Número total de provedores	2.680	2.812
Número total de facturas	28.841	28.776
Importe total facturado	32.503.158 €	39.383.530 €
Importe medio por factura	1.127 €	1.369 €
Importe medio por provedor	12.128 €	14.006 €
Nº medio facturas por provedor	11	10,23

Tramos	Ano 2016		Ano 2015	
	%	%	%	%
	Facturas	Importe	Facturas	Importe
De 0 a 100 €	38%	1%	40%	2%
De 101 a 1000 €	46 %	14%	44%	14%
De 1001 a 10.000 €	14%	36%	14%	35%
De 10.001 a 50.000 €	1%	26%	2%	22%
Máis de 50.000 €	0%	23%	0,40%	27%
Total	100%	100%	100%	100%

5.5 Indicadores económico-financieros e entidades participadas

Como complemento ao resto da información contida na memoria, nesta sección recóllese unha mostra dos indicadores que reflicten dun xeito sintético a situación orzamentaria, financeira e patrimonial da Universidade de Vigo no exercicio 2016.

Indicador de endebedamento

Este indicador representa a relación entre a totalidade do pasivo esixible (corrente e non corrente) respecto do patrimonio neto máis o pasivo total da entidade. Resulta de dividir a suma do *pasivo corrente* máis o *pasivo non corrente* entre o *pasivo corrente* máis o *pasivo non corrente* e o *patrimonio neto* (33.266.251,99 € / 280.88.363,84€), sendo o resultado 0,12. No relativo a este índice, todo valor por debaixo da unidade representa unha boa relación de endebedamento: canto menor sexa o valor do cociente, mellor será a situación. O resultado de 0,12 evidencia unha elevada solvencia e estabilidade financeira na institución

Indicador de cash flow

Este indicador reflicte a medida na que os fluxos netos de xestión de caixa cobren o pasivo da entidade, e é resultado de dividir o pasivo non corrente sumado ao pasivo corrente entre os fluxos netos de xestión (33.266.251;99 € / 25.477.011,67 €), sendo o resultado 1,31. Este dato indica capacidade adicional para xerar liquidez e atender ao pasivo, a Universidade segue a atender as súas obrigas e os prazos de pago son os axeitados.

Indicador de cobertura de gastos correntes

Este indicador pon de manifesto a relación existente entre os gastos de xestión ordinaria e os ingresos da mesma natureza, e resulta de dividir os *gastos de xestión ordinaria* entre os *ingresos de xestión ordinaria* (154.288.282,70 € / 153.251.365,01 €), sendo o resultado 1. Este indicador reflicte a fortaleza da Universidade para atender os gastos correntes.

Indicador de execución do orzamento de gastos

Indica a proporción dos créditos aprobados no exercicio que deron lugar ao recoñecemento de obrigas, e é produto de dividir as *obrigas recoñecidas netas* entre os *créditos totais* (149.968.828,83€ / 172.419.844,91 €), sendo o resultado 0,87. Este resultado recolle unha porcentaxe de execución do orzamento de gastos normal consonte á planificación realizada.

Indicador de realización de pagamentos

Este indicador reflicte a proporción das obrigas recoñecidas no exercicio da que o pagamento se realizou no mesmo, con respecto ao total de obrigas recoñecidas, e resulta de dividir os *pagamentos realizados* entre as *obrigas recoñecidas* (155.207.072,14 € / 155.218.186,04 €), sendo o resultado 0,99. Este resultado demostra a capacidade da Universidade para atender as súas obrigas nuns prazos moi razoables e, en calquera caso, respectando o indicado na normativa europea e española en relación aos prazos de pago.

Indicador de esforzo en investimento

Establece a proporción que representan as operacións de capital realizadas no exercicio con respecto á totalidade dos gastos orzamentarios realizados nel. Resulta de dividir as *obrigas recoñecidas netas dos capítulos 6 e 7* do orzamento de gastos entre o *total de obrigas recoñecidas netas* (20.413.415,50 € / 149.968.828,83 €). O resultado (0,13) amosa a tendencia da Universidade a diminuír o seu esforzo en investimento, produto de varias causas: a planificación establecida no documento orzamentario cara ao reequilibrio das contas da Universidade e o ritmo seguido nos gastos asociados a proxectos de investigación institucionais ou dos grupos da universidade, sen prexuízo dunha diminución das achegas do Estado e da Xunta no eido da I+D.

Indicador de execución do orzamento de ingresos

Mostra a proporción que sobre os ingresos orzamentarios previstos supoñen os ingresos presupostarios netos, isto é, os dereitos liquidados netos. Resulta de dividir os *dereitos recoñecidos netos* entre as *previsións definitivas* (153.759.723,30 € / 172.419.844,91 €). O resultado (0,89) amosa a prudencia da Universidade na estimación de ingresos do exercicio.

Entidades participadas

Conforme se establece no artigo 84 da Lei orgánica de universidades «as entidades nas que as universidades teñan participación maioritaria no seu capital ou fondo patrimonial equivalente quedan sometidas á obriga de render contas nos mesmos prazos e procedemento que as propias universidades», neste apartado citamos as entidades participadas pola Universidade de Vigo, sobre as cales dispoñen de información no citado Resumo da conta anual do exercicio 2015:

- Cidade Universitaria, S.A. (CUSA).
- Cidade Tecnolóxica de Vigo, S.A. (CITEXVI).
- Fundación Universidade de Vigo (FUVI).

Capítulo 6. A Universidade de Vigo e o medio ambiente

6.1 Obxectivos e balance de actuación. Curso 2015-2016

A OMA é o servizo responsable da política ambiental da Universidade de Vigo (Uvigo). Coordina e promove as liñas de conservación ambiental que se aplican nos tres campus (Vigo, Ourense e Pontevedra).

Entre as súas funcións están asesorar a comunidade universitaria en materia ambiental, intervir en actuacións que poidan producir impactos ambientais e promover accións que aumentan a calidade ambiental:

- Uso sustentable dos recursos naturais e materiais primas, reducindo os consumos e a produción de residuos.
- Fomento da educación e sensibilización ambiental.
- Conservación dos ecosistemas naturais dos campus e da diversidade biolóxica.

6.2 Xestión ambiental: manexo de recursos, materias primas e residuos

6.2.1 Seguimento do sistema de xestión ambiental.

Trala implantación no ano 2011 do sistema de xestión ambiental nos Servizos de Deportes e Bibliotecas Centrais en cada un dos tres campus da Uvigo (Vigo, Ourense e Pontevedra), a OMA, en colaboración cos responsables ambientais designados para cada centro, continúa atendendo os compromisos marcados no programa de xestión ambiental para cada ano e elabora e mantén actualizada toda a documentación do sistema (manual, procedementos, instrucións, anexos, formatos e rexistros). Periodicamente mantéñense reunións coa alta dirección da Uvigo e, acordadas e consensuadas coa Xerencia, planifícanse e márcanse actuacións e metas ambientais de acordo coa mellora continua e coa política ambiental da universidade. Estes fitos teñen relación co seguimento e control dos consumos, xeración de residuos, de emisións, de vertidos e ruído, identificación e avaliación de aspectos ambientais, cumprimento legal, establecemento de obxectivos, formación ambiental do persoal, comunicacións internas e externas, seguimento e medición de parámetros de seguimento ambiental, definición de actuacións ante emerxencias ambientais, xestión de non-conformidades, accións correctivas e preventivas, planificación de auditorías e revisión.

Cada ano ten lugar unha auditoría interna de revisión previa a auditoría do órgano certificador do sistema, quen emite e avalía a renovación dos certificados do sistema baixo a norma UNE-EN ISO 14001. Os certificados iniciais foron outorgados no verán de 2012, e tras cada auditoría revísanse, atendendo e corrixindo as desviacións e non-conformidades detectadas, para que o órgano certificador poida confirmar o seu correcto funcionamento e expedir a correspondente

revisión/renovación. Este ano 2015 tivo lugar a auditoría trianual de renovación de certificados, superada en setembro, con renovación para o seguinte trienio ata o ano 2018.

En colaboración coa vicerreitoría do campus de Pontevedra, estase a abordar para todo ese campus un sistema de seguimento e xestión ambiental dentro do marco do Programa Green Campus, coordinado pola entidade Adeac. En colaboración con esta institución márcanse procedementos de actuación para definir os instrumentos e metodoloxía coa que abordar a redución do impacto ambiental do campus, en colaboración coa comunidade universitaria e a súa contorna.

6.2.2 Recollidas de residuos perigosos dos laboratorios e servizos da Uvigo

Ao longo do ano coordináronse e supervisáronse as recollidas de residuos perigosos a través de xestor autorizado, realizadas nos distintos centros, laboratorios e talleres dos tres campus, dando cumprimento a tódalas obrigas e trámites legais que esixe a normativa relativa á xestión deste tipo de residuos (Lei 22/2011, Lei 10/2008, RD 833/1988, RD 952/1997).

As cantidades de residuos perigosos (RP) que se retiraron nas distintas recollidas durante o curso 2015-2016 foron:

	outubro 2015	marzo 2016
Total RP (kg)	9.968	10.052

Lévese ó día o rexistro telemático deste tipo de residuos coa autoridade competente e a preceptiva comunicación documental coa administración e os xestores autorizados. Dende a OMA aténdese a demanda de recipientes, etiquetas identificativas e pictogramas que o persoal da UVigo precisa nos centros para a recollida destes residuos. Recompílanse datos sobre as recollidas para a elaboración de informes anuais e a planificación dos Estudos de Minimización correspondentes. Cómprese anualmente coa elaboración do Autodiagnóstico Ambiental (enviado ao órgano autonómico ambiental), coa enquisa anual do INE, e coa enquisa do Ministerio do Interior sobre Substancias Químicas Catalogadas.

6.2.3 Recollida de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE)

Trabállase na recollida, almacenamento, transporte e xestión do material informático obsoleto e avariado de tódolos centros da Uvigo, que previamente requiren da súa baixa no inventario do Servizo de Patrimonio. Colabórase co Gruvi (Grupo de Reciclaxe Informática da Universidade de Vigo) na selección do material informático e electrónico potencialmente reutilizable, trasladándoo ao seu taller. Este material é reconstruído ou recuperados os seus compoñentes, e en convocatorias públicas periódicas destínase en campañas de doazón a institucións e entidades sen ánimo de lucro. O ratio en peso de material recuperado con respecto ao total desbotado foi dun 12%.

RAEE retirados no curso 2015-2016

	Reutilizados / GRUVI	Xestor autorizado
CPU	102	159
Monitores	33	45
Impresoras + scaners	18	111
Caixas con material variado	-	39
Outros equipos eléctricos	-	50
TOTAL	153	404

A cantidade total xestionada foron uns 7.472 kg de residuos desta tipoloxía.

Os restos de material non aproveitable recóllense para o seu envío a xestor autorizado.

6.2.4 Residuos SANDACH (subprodutos animais non destinados ao consumo humano).

Debido á actividade dalgúns laboratorios, aparece un residuo especial que debe ser xestionado especificamente a través dun xestor autorizado. A este tipo de residuos corresponden os animais mortos (ratos, peixes, etc.) xerados pola investigación e experimentación nas facultades de Ciencias, dos que se está a producir unha cantidade de arredor de 200 kg anuais.

6.2.5 Recollida de fluorescentes e lámpadas de baixo consumo.

Coa entidade Ambilamp, que conforma un sistema de xestión integrado de residuos procedentes de lámpadas fluorescentes e de baixo consumo, a Uvigo ten asinado un convenio polo que esta entidade recolle gratuitamente este tipo de residuos nos campus. Para isto puxo a disposición da Uvigo unha serie de colectores especiais localizados en zonas centralizadas de cada campus, onde se van dispoñendo adecuadamente este tipo de residuos para a súa posterior recollida e xestión pola entidade. No curso 2015-2016 non se procedeu a ningunha recollida dos colectores centralizados no campus, xa que aínda non se completou a súa capacidade.

6.2.6 Elaboración de informes de certificación enerxética dos edificios

En colaboración co Departamento de Obras e Infraestruturas e a Unidade Técnica, a OMA está facendo unha primeira aproximación na elaboración dos informes preceptivos que require a normativa para a certificación enerxética dos edificios. Dentro do Plan SuMA (sustentabilidade ambiental) a OMA ten persoal encargado da recollida de datos de consumos e características construtivas e xeométricas dos edificios, cos cales poder calcular os valores requiridos para elaborar os informes para as súas cualificacións enerxéticas.

6.2.7 Control e estudo de consumos na Universidade

Dende a OMA lévase o seguimento e toma de datos de determinados consumos non automatizados, como son os consumos parciais de auga dos edificios do Campus de Vigo. A recollida de datos da instalación de paneis solares do Campus de Ourense e a centralización de datos do resto de consumos que se lles solicita a todos os administradores de centros, con varios fins: rexistros do sistema de xestión ambiental, estudos de pegada ecolóxica e de carbono, detección de fugas, rendementos etc.

Dende o Plan SuMA acometéronse distintas actuacións neste ámbito:

- Cubrir periodicamente o formulario electrónico de control de consumos e facturación de enerxía eléctrica en baixa e media tensión cos datos facilitados polas subministradoras, que inclúe ademais da enerxía activa consumida a enerxía reactiva e os excesos ou defectos de potencia contratada respecto á rexistrada. Permite comprobar as facturas e é unha ferramenta de control e recollida de datos con resumos e gráficos para unha rápida visualización.
- Estudos económico de cambios de tarifas eléctricas nos distintos centros.
- Estudos de optimización de potencia nos distintos centros.

6.2.8 Traballos de colaboración coa Unidade Técnica da Uvigo

- Seguimento e control de consumos de enerxía eléctrica nos tres campus.
- Análise e proposta de medidas de aforro e eficiencia enerxética.
- Revisión e actualización da folla de cálculo para introdución de datos de facturas eléctricas.
- Creación da nova folla de cálculo para a xestión integrada dos consumos de combustible, auga e enerxía eléctrica dos tres campus.
- Estudo comparativo de tarifas eléctricas para determinados centros.

6.2.9 Colaboración na elaboración dos plans de prevención e sinalización dos centros e elaboración de campañas de prevención de riscos laborais e ambientais

En colaboración co Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Uvigo, a OMA apoia este servizo na identificación e descrición de riscos ambientais para os plans de prevención, implantando esta información nos planos de cada edificio e en pósteres e trípticos que se distribúen entre talleres, laboratorios e puntos de información dos diferentes centros.

6.3 Accións en favor da sensibilización e formación medioambiental.

6.3.1 “Universidade é Natureza” e “Ruta das Árbores” (itinerarios ambientais guiados polos campus)

12º ano do Programa de Educación Ambiental "Universidade é Natureza" dirixido a estudantes de centros de distintos niveis de ensino obrigatorio, dos colexios e institutos do Concello de Vigo e arredores. Tamén teñen acceso a estas rutas membros da comunidade universitaria e persoas alleas a esta, organizados en grupos de visita. Estas visitas de educación ambiental tamén teñen lugar no campus de Ourense e o seu obxectivo é dar a coñecer a grande variedade de especies de fauna e flora presentes nos campus, algunhas consideradas senlleiras polo seu porte, rareza ou idade. Durante este curso participaron no programa arredor de 748 alumnos e 32 profesores, pertencentes a 8 institucións, nun total de 16 saídas de campo.

6.3.2 Convocatorias das bolsas (2015/2016) de formación complementaria para estudantes da Uvigo e participación nos programas de voluntariado

Dentro do ámbito do Desenvolvemento Sustentable e a Xestión Ambiental convocáronse 2 bolsas de formación para estudantes de pos-grao, coa intención de que colaboren en activades incluídas nas liñas de traballo da Oficina de Medio Ambiente. Na convocatoria para a formación do alumnado nos Programas do Plan SuMA (Plan de Sustentabilidade e Medio Ambiente da Uvigo) asignáronse 5 bolsas para os distintos programas: Eficiencia enerxética e sustentabilidade (ESE), Instalacións singulares de I+D (ISI), Medio natural e patrimonial (CONTORNOS) e Reciclaxe e reutilización de residuos (R3). 1 delas desenvólvese en Ourense e outra en Pontevedra.

Os perfís dos candidatos para as convocatorias enmárcanse dentro do ámbito de formación no que se desenvolverá cada bolsa (Medio Ambiente e Natureza, Enerxías sustentables e eficiencia enerxética, Aproveitamento de residuos procedentes de aparellos eléctricos, e Prevención de Riscos Laborais e Ambientais).

En relación con estas mesmas tarefas, a OMA a través do Servizo de Extensión Universitaria da Uvigo, acolle voluntariados para acometer tarefas de apoio dentro das liñas ambientais marcadas, que na maioría dos casos lles serven ás persoas interesadas para cubrir créditos de libre elección.

6.3 Accións en favor da conservación do medio natural.

6.4.1 Unidade de Xardinería, conservación das zonas verdes, infraestruturas relacionadas e traballos asociados de repoboación e mantemento das plantacións

Nos campus faise un traballo constante ó longo do ano na xestión da conservación de zonas verdes e traballos complementarios relacionados. En función da climatoloxía, da evolución vexetativa das diferentes cubertas vexetais e do calendario universitario, planifícanse as tarefas de conservación co obxectivo de aumentar a calidade ecolóxica, tentando incrementar a biodiversidade e o potencial ornamental e paisaxístico das zonas verdes:

- Recollida e xestión de residuos vexetais producidos nos traballos de conservación de zonas verdes: triturado e compostaxe para posterior utilización en traballos de restauración de solos, acolchado de plantacións, etc. Aprox. 25 m³ de compost maduro e 100 m³ de triturado de pólas de poda.
- Plantación de novas arbores e arbustos.
- Mellora ambiental da contorna de Enxeñaría de Minas e Telecomunicación.
- Instalación dun xardín interior no patio norte da Torre Cacti.
- Restauración da cuberta vexetal en 700 m² na contorna do Cítexvi, empregando o compost maduro producido.
- Restauración do outeiro antrópico de Fontefría: plantación de estaquiñas de arbustos e plantas para a estabilización/consolidación de noiros. Instalación de barreiras para o control do escoamento.
- Xestión dos traballos de instalación dunha *horta urbana* no campus das Lagoas-Marcosende; proxecto desenvolvido entre a asociación *Amigos da Terra* e a *Universidade de Vigo*.
- Coordinación e supervisión da corta dos piñeiros (*Pinus pinaster*) e poda das especies frondosas na franxa de seguridade das liñas eléctricas de alta e media tensión que cruzan o campus.
- Corta dos piñeiros (*Pinus pinaster*) do Monte das Pedreiras, favorecendo a medra de frondosas e da matogueira atlántica.
- Coordinación e supervisión cos técnicos da Xunta de Galicia no tratamento e control de cancro (*Cryphonectria parasitica*) en castiñeiros (*Castanea sativa*) na zona do Souto e da Cumieira.
- Actualización do inventario e catálogo da flora do campus das Lagoas-Marcosende co fin de ir implementando o banco de datos coa clasificación da flora deste campus.

No Campus de Pontevedra:

- Colaboración e coordinación na eliminación de exemplares de robinias e substitución por outras frondosas.
- Colaboración na restauración paisaxística da parcela-1.

No campus de Ourense desenvolvéronse varios traballos dentro deste apartado:

- Creación de *pasos xaponeses* en camiños consuetudinarios na Biblioteca, Edificio de Dereito e Banco de Santander.
- Recuperación do estanque de *Prado Lonia* impermeabilizándoo cunha capa de arxila.
- Transplántanse 2 *Acer platanoides* por obras na piscina.
- Prepáranse acodos para asegurar especies arbóreas e plantar en *xardín ambiental* e *Prado Lonia*.
- Séguese cos traballos de posta en coñecemento e potenciación dos valores naturais do campus (rutas ambientais e a sinalización de especies)

- Apéanse 32 lamagueiros (*Populus*) de *Prado Lonia* e inocúlanse os tocóns con distintas especies de fungos para crear un *xardín de cogumelos*.
- Plántase árbores de baixo porte para substituír *Populus* apeados.
- Elimínanse niños de procesionaria dos piñeiros do campus sur.
- Seméntase preparado de *Lactarius deliciosus* para inducir a micorrización de *Pinus pinea* de *Prado Lonia*.
- Transplántase *Cedrus brevifolia* por construción do novo edificio do *Campus da Auga*.

6.4.2 Control e erradicación de fauna invasora

Séguese coa captura de cangrexo roxo americano, tartarugas de Florida e carpíns na lagoa de Humanidades do campus de Vigo, para o control da súa poboación, e faise o seguimento no resto das lagoas para constatar que non se estenderon a outras zonas. En Ourense, dentro do mantemento de estanques, xestiónase a eliminación de carpín dourado no Parque Ambiental do estanque do campus novo.

6.4.3 Estudo dos recursos hídricos do campus das Lagoas-Marcosende de Vigo

Inventario dos principais recursos hídricos subterráneos (pozos) e superficiais (lagoas) do campus das Lagoas-Marcosende de Vigo. Existe un protocolo de control e seguimento do estado e calidade destes, a través da medición de variables características (profundidade, pH, condutividade e temperatura), que se realiza periodicamente. Isto permite un coñecemento das variación das reservas de auga nos distintos puntos do campus, co fin de facer un uso racional delas.

6.5 A pegada ecolóxica da Universidade de Vigo

<http://webs.uvigo.es/oma>

O obxectivo da nosa sociedade de progreso debería ser conseguir un desenvolvemento sustentable, é dicir, satisfacer as necesidades presentes sen comprometer a capacidade das xeracións futuras para satisfacer as súas. Por este motivo, é necesario avaliar as actividades humanas en función do impacto que producen sobre o medio e os recursos naturais. Con este fin idéanse distintos indicadores que permiten medir o consumo de recursos e o nivel de degradación provocado no medio.

Neste apartado daremos conta do impacto ambiental, calculado como pegada de carbono ou pegada ecolóxica, da nosa institución. O estudo no tempo da pegada de carbono é unha ferramenta axeitada para identificar as actividades que precisan melloras, ou nas que é posible introducilas de cara á redución de GEI e, deste xeito, conseguir que a Universidade de Vigo estea nun proceso de mellora ambiental continua.

Tendo en conta que a meirande parte das universidades analizan a súa pegada ecolóxica medida en hectáreas de terreo produtivo equivalente, unha vez calculada a pegada de carbono da Universidade

de Vigo aplicarase un factor de conversión de toneladas de dióxido de carbono a hectáreas de terreo produtivo equivalente, de xeito que se poida comparar o resultado co das outras universidades.

Posteriormente, para calcular a pegada ecolóxica empregárase o factor de conversión de 0,34 gha/tCO₂/a (Global Footprint Network 2017) para transformar as emisións de dióxido de carbono en hectáreas globais equivalentes. Ademais, ao resultado deben engadirse as hectáreas de superficie construída. Deste xeito, calcúlase a pegada ecolóxica tendo en conta dous factores: i) emisións de CO₂ e ii) superficie construída.

A metodoloxía empregada neste informe para o cálculo da pegada de carbono está baseada no Protocolo de Gases de Efecto Invernadoiro (WRI & WBCSD 2004), unha norma internacional recoñecida a nivel mundial. Tendo isto en conta, o informe está estruturado en cinco etapas:

- Obxectivos do estudo
- Definición e alcance do sistema
- Inventariado dos aspectos ambientais
- Avaliación da pegada de carbono
- Interpretación dos resultados

Para o cálculo da pegada ecolóxica determínase a superficie necesaria para fixar as emisións producidas pól as actividades diarias, mediante a seguinte ecuación:

$$\text{Pegada ecolóxica (ha/ano)} = \frac{\text{Emisións (Tm CO}_2\text{)}}{\text{Carbono fixado (Tm CO}_2\text{/ha/ano)}}$$

O estudo da pegada de carbono ten un importante interese e utilidade, debido a que pon de manifesto un compromiso de mellora continua da Uvigo de cara á redución de emisións e á eficiencia enerxética. Así mesmo, actúa como instrumento de divulgación e sensibilización social da comunidade universitaria, fomentando prácticas máis sustentables no exercicio e uso das actividades desta institución.

Emisións e pegada ecolóxica da Universidade de Vigo no ano 2016


<i>Emisións totais (Tm CO₂)</i>	<i>Pegada ecolóxica (ha/ano)</i>	<i>Pegada ecolóxica (ha/persoa/ano)</i>
19.749	3.791	0,176

Emisións totais (Tm CO₂) da Uvigo por fonte de emisión e por campus. Ano 2016.

	Electricidade	Gasóleo C	Outros natural (Gas e residuos)	Mobilidade	Papel	Edificación	TOTAL
Vigo	3.094	1.675	112	8.137	116	2.360	15.494
Pontevedra	382	262	68	2525	31	618	3.886
Ourense	867	431	69	1307	40	780	3493
Total	4.343	2.367	249	11.969	187	3.758	22.873

Estas cifras supoñen un aumento de 2.938,3 Tm de CO₂ emitidas pola nosa universidade respecto ao ano anterior, 2015 (19.934,70 Tm de CO₂).



En canto á evolución da pegada de carbono na Universidade de Vigo é fundamental ter en conta que no ano 2016 prodúcese unha actualización moi importante dos factores de emisión empregados. Este cambio metodolóxico implica unha variación nos resultados que tende a aumentar as emisións de CO₂ asociadas a diferentes variables.



A principal fonte de CO₂ da Uvigo, con 52% das emisións anuais, é a mobilidade, polo que as variacións no número de desprazamentos ou nos hábitos de transporte dos usuarios xera cambios na pegada de carbono.

A continuación preséntanse as fontes de emisión, valorando os datos de consumos e emisións dos últimos anos:

Porcentaxe de emisións globais de CO₂ por fonte de emisión e por campus. Ano 2016



Durante o período 2011-2015 os valores da pegada de carbono por persoa non variaron de forma significativa, sendo sempre as emisións inferiores á tonelada de CO₂ por persoa.

En termos absolutos obsérvase unha tendencia negativa nos valores de emisión; pasouse do máximo histórico en 2009, con 23.686 toneladas, ao mínimo do mesmo período en 2015, con 19.934 toneladas de CO₂.

A pegada de carbono do ano 2016, expresada en toneladas de CO₂ por persoa diminuíu con respecto o ano 2009. Isto é debido en boa medida aos proxectos de eficiencia enerxética e prácticas

máis sustentables acometidas pola Universidade de Vigo no exercicio das súas actividades ao longo destes anos.

6.6 Boas prácticas cara á redución

Existen varios mecanismos que permiten a compensación das emisións dunha organización. Estes mecanismos implican reducir ou evitar emisións de CO₂ a través de proxectos destinados a tal fin. A UVIGO podería compensar as súas emisións ou parte delas contribuíndo a un destes proxectos por medio dos mercados voluntarios de carbono.

Aínda con isto, para unha organización como é a universidade, o máis simple é propoñer e tomar medidas que mitiguen as súas emisións. A pegada de carbono é moi útil neste senso, xa que permite recoñecer as fontes de GEI máis significativas e os cambios das súas emisións no tempo, para poder tomar medidas axeitadas que reduzan as emisións dun xeito eficaz.

No marco das medidas máis salientables acadadas pola Universidade de Vigo para diminuír as súas emisións pódese destacar a instalación de diversas fontes de enerxías renovables ao longo dos anos: solar térmica e fotovoltaica (Polideportivo de Ourense, Citexvi, Escola de Enxeñaría Industrial en Vigo, e a Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación en Pontevedra), xeotérmica (Unidade Administrativa de Ourense, e Biblioteca Central, Cacti e Citexvi) e caldeiras de biomasa (Servizo de Deportes de Vigo).

A partir do ano 2015 comezouse un proceso de ampliación da rede de gas natural nos centros e instalacións da Universidade de Vigo, ata o momento presentes soamente nas Escolas de Enxeñaría Industrial e de Estudos Empresarias da sede cidade de Vigo. Durante o ano 2016 adaptáronse as caldeiras de gasóleo C ao emprego de gas natural nas facultades de Fisioterapia e Belas Artes en Pontevedra, nos Pavillóns 1 e 2 do Polideportivo de Ourense e na facultade de Filoloxía e Tradución de Vigo. Así mesmo, planéase realizar o mesmo procedemento durante os vindeiros anos no Edificio de Ciencias Experimentais, nas Escolas de Enxeñaría Industrial, Minas e Telecomunicacións, e na Facultade de Ciencias Empresariais e Económicas no campus das Lagoas-Marcosende de Vigo. No ano 2016 realizáronse tamén melloras na eficiencia enerxética dos edificios como a substitución de luminarias por outras de menor consumo, e de illamento térmico e caldeiras, que levaron consigo un investimento de arredor de 212.000 €

Ademais das instalacións realizadas, a Universidade de Vigo traballa noutros eidos relativos á sensibilización e implantación de boas prácticas ambientais e á mellora dos hábitos de comportamento da comunidade universitaria. Unha das áreas onde máis traballos deste tipo se desenvolveron foi no ámbito da mobilidade, principal fonte de emisións de GEI da Universidade de Vigo.

Entre as accións concretas debe destacarse o «Programa Tp: transporte», un dos sete programas xerais do Plan SuMA (Plan de Sustentabilidade e Medio Ambiente). A súa finalidade é analizar a mobilidade na Universidade de Vigo e propoñer accións e medidas de mellora para acadar unha mobilidade cada vez máis sustentable. Neste programa atópanse as seguintes actuacións e estudos realizados:

- «Móvete no circular»: servizo de transporte dentro do propio campus.
- «Cheo por favor»: promove o uso compartido de coche coa finalidade de reducir o transporte privado.

Tamén se está a desenvolver un programa de recollida de teléfonos móbiles en desuso. Os obxectivos principais do programa é reciclar elementos útiles e dispor adecuadamente os materiais tóxicos, evitando a contaminación do medio natural.

A Oficina de Medio Ambiente colabora tamén no proxecto EcoRAEE co obxectivo de avaliar a análise do ciclo de vida (ACV) do proceso de reutilización dun RAEE e comparalo posteriormente coa ACV do proceso de reciclaxe. Este proxecto aposta pola reutilización fronte á reciclaxe, e trata de demostrar que aumentar a vida útil dos aparellos eléctricos e electrónicos é unha solución viable económica, técnica e ambientalmente para este tipo de residuos, que representan o 4% do total do lixo xerado en Europa.

Na OMA de Ourense naceu unha plataforma de intercambio de material que actualmente abarca a toda a comunidade universitaria. É unha base de datos dinámica coa que se pretende que os obxectos (mobiliario, material de oficina e informático, libros, etc.) que actualmente non teñen utilidade, pasen a outras persoas/centros/entidades que si lles dean uso.

Capítulo 7. Compromiso coa sociedade

7.1 Transferencia social e cultural

7.1.1 Participación da comunidade universitaria en actividades de responsabilidade social

A maiores da implicación nas titulacións oficiais, a Universidade de Vigo realiza un gran número de actividades de sensibilización e formación no marco da cooperación e a solidariedade, e da dimensión económica, social e medioambiental englobadas no termo responsabilidade social.

Deste xeito fai realidade o seu compromiso coa sociedade na procura dun desenvolvemento social, económico, cultural e ambiental sostible e equilibrado a través a ampla proxección que estas actividades teñen no entorno local e social da universidade.

De entre as 183 actividades relacionadas coa responsabilidade realizadas e documentadas no ano 2016, á marxe das mencionadas noutros apartados desta memoria, cabe destacar as máis de 800 intervencións feitas polas unidades de voluntariado de Fisioterapia ou as 85 medidas para naturalizar o principio de igualdade de xénero en todas as fases da actividade universitaria. Todas estas actividades quedan recollidas no boletín mensual publicada na sección de RSU do Portal de Transparencia.

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/48>

7.1.2 A responsabilidade social nas actividades de extensión universitaria.

Dentro do organigrama institucional, a Vicerreitoría de Extensión Universitaria ten como obxectivo básico promover a participación da comunidade universitaria en actividades complementarias que fomenten a formación integral dos nosos/as estudantes.

O Servizo de Extensión Universitaria, dentro da Vicerreitoría, estrutúrase en tres áreas diferenciadas: área de cultura, o S.I.O.P.E. (Sección de Información, Orientación, Promoción do Estudante, Voluntariado e Discapacidade) e Área de Deportes.

Á hora de elaborar o calendario de actividades ofertadas por esta vicerreitoría un dos criterios para a adxudicación das iniciativas son as actividades formativas relacionadas coa sensibilización da sociedade e da comunidade universitaria; deste xeito vaise valorar na memoria técnica a calidade das actividades propostas para desenvolver en relación á sensibilización social e da comunidade universitaria ao respecto dos aspectos que se indican a continuación: espectáculos e outras actividades destinadas a desenvolver a concienciación e sensibilización no que toca ao comercio xusto, a compra ética e responsable, o desenvolvemento sustentable e a valoración social dos grupos con discapacidade ou en risco de exclusión social.

No punto 3 da meta estratéxica número 7 da Universidade de Vigo faise referencia a necesidade de «incrementar a proxección exterior desta institución a través da extensión universitaria».

Desta maneira a Vicerreitoría de Extensión Universitaria promove canaliza, apoia e fomenta a participación da comunidade universitaria en actividades complementarias.


Número de actividades de extensión universitaria e asistencia. Curso 2015-16

	TOTAL		Ourense		Pontevedra		Vigo	
	actividades	asistentes	actividades	asistentes	actividades	asistentes	actividades	asistentes
Curso	21	621	7	216	5	171	9	234
Obradoiro	34	443	13	143	9	124	12	176
Aulas	6	120	5	108			1	12
Obradoiros programa de maiores	51	344	21	85			30	259
Outras actividades	5	119			5	119		
Total	117	1647	46	552	19	414	52	681


Estes datos amosan un aumento no número de persoas que participaron nas actividades organizadas pola Vicerreitoría Extensión Universitaria, 1.647 (402 máis que en 2015) nun total de 117 actividades realizadas (54 máis que no ano pasado). A diferenza que no ano anterior, no maior número de actividades tiveron o formato de obradoiro, no ano 2015 a maior parte das actividades foron obradoiros do programa de maiores, mentres que a maior concorrencia de público foi para o formato de curso (case un 38%).

Sendo que o Campus de Vigo e o que conta con mais alumnos a maior participación nas actividades de Extensión Universitaria concentrase neste campus (41%).

Participación por campus.



Número de participantes segundo o seu perfil.



Actividade cultural da Universidade de Vigo

Dende Extensión Universitaria, durante o curso académico 2015-2016, téñense organizado unha grande variedade de actividades culturais nos tres campus. Entre elas destacamos:

- Programacións musicais variadas.
- Concursos, incluído premio Universidade de Vigo
- Exposicións, unha delas no marco da semana de cine submarino.
- Teatro e artes escénicas.
- Cine e proxeccións audiovisuais, incluída a semana de cine submarino.
- Aulas e obradoiros.
- Cursos de extensión universitaria de contido variado.
- Actividades e concertos corais.
- Conferencias e mesas redondas.
- Eventos deportivos

Títulos propios e formación complementaria relacionados coa responsabilidade social

Curso Complementario	Nº de matriculados
Inclusión educativa da discapacidade auditiva: practica da lingua de signos (II)	45
Prevenición de riscos laborais, nivel básico (V edición)	66
Conselleiro de seguridade no transporte de mercadorías perigosas	15

Curso de Formación	
Coordinador de seguridade e saúde en obras de construción (IV)	7
Cursos/actividades de formación do persoal	
Responsabilidade social (PAS)	21
A universidade como axente de cooperación para o desenvolvemento (PAS)	11
Muller e saúde	22
A construción de xénero: formas de violencia invisibilizadas na vida persoal e profesional	20
Transparencia e bo goberno	20

7.2 Promovendo a colaboración cos axentes sociais

O establecemento de redes de colaboración é un aspecto fundamental da responsabilidade social, xa que permite establecer redes de comunicación cos *stakeholders* ademais de facer máis sustentable os recursos da universidade.

A pertenza da Universidade de Vigo a diferentes redes e plataformas específicas sobre responsabilidade social (Rede UNIRSE, RSE Galicia...) evidencian a nosa implicación e compromiso coa responsabilidade social en xeral, e coa responsabilidade social universitaria en particular.

Convenios de colaboración asinados con diversos axentes sociais

A Universidade de Vigo é un ente aberto á colaboración. Por este motivo ten establecido numerosos convenios con distintas entidades cara a contribuír a consecución de obxectivos comúns.

A continuación móstranse algúns dos convenios en vigor que a institución ten asinado con outras entidades:

- Convenio específico para o curso 2015-2016 do acordo marco xeral subscrito entre Fundación Carolina e Universidade de Vigo.
- Protocolo de colaboración entre la Confederación Hidrográfica del Miño-sol, a Axencia portuguesa do ambiente, a Universidade de Vigo e a Facultade de Enxenharia da Universidade do Porto, para o proxecto "Risc-Miño-Limia": prevención e preparación fronte a os riscos de inundacións e secas na demarcación hidrográfica internacional do Miño-Limia.
- Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago, a Universidade de Vigo, a Universidade da Coruña e o centro interdisciplinario para a investigación acuícola (INCAR) para a realización de prácticas de alumnos/as do mestrado universitario en acuicultura.
- Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo, a Universidade da Coruña e Avaqua Oceanográfico Ágora, S.L. para a realización de prácticas de alumnos/as do mestrado universitario en bioloxía mariña.

- Addenda ao convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Consorcio de bibliotecas universitarias de Galicia para a xestión conxunta da contratación de recursos electrónicos de información científica.
- Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para fomentar a actividade investigadora do persoal investigador finalista nas convocatorias de axudas do ERC no marco h2020.
- Protocolo de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Deputación de Pontevedra.
- Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo, como entidade colaboradora, para a promoción da mobilidade do seu estudantado, dos campus de Pontevedra e Vigo, participantes no programa "ERASMUS +".
- Convenio de cooperación educativa entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo para a realización das prácticas académicas externas curriculares (PRACTICUM) correspondentes aos títulos de grao impartidos na Facultade de Ciencias da Educación e na Facultade de Formación do profesorado.
- Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o co financiamento do subprograma Ramón y Cajal (convocatoria MEC 2013).
- Addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, educación e Ordenación Universitaria e as Universidades da Coruña, de Santiago de Compostela e de Vigo para o financiamento de centros de investigación.
- Convenio de colaboración entre a Consellería de cultura e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo para co financiar a utilización dun buque oceanográfico nas investigacións das ciencias do mar.
- Addenda ao convenio de colaboración coa Consellería de cultura e Ordenación Universitaria para construción e desenvolvemento do Campus da Auga no Campus de Ourense.
- Convenio de cooperación educativa entre a Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Lugo (AFALU).
- Convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación, Cultura y Deporte e a Universidade de Vigo para a reprodución de documentos que se custodian en el arquivo xeneral de la administración.
- Convenio de cooperación educativa entre DOWN Vigo: Asociación para el síndrome de DOWN e a Universidade de Vigo para realizar prácticas académicas externas.
- Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Asociación de familiares de Alzheimer de Galicia (AFAGA).

- Convenio de cooperación educativa entre a Federación Galega de Institucións para a síndrome de DOWN (DOWN GALICIA) e a Universidade de Vigo para realizar prácticas académicas externas.
- Addenda entre as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Consellería de Ordenación Universitaria, a Consellería de Economía e Industria, a Consellería de Cultura e Turismo, a Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia e as tres universidades de Galicia para a renovación do convenio de creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.
- Convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación, Cultura y Deporte e a Universidade de Vigo, para a xestión de axudas ERASMUS.ES, financiadas polo Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, no marco do programa ERASMUS +.
- Convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades.
- Convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do mestrado universitario en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde.
- Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo no financiamento de recursos de información científica en liña.
- Convenio de colaboración entre Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para proporcionar ao persoal investigador do SUG acceso a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación.
- Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para levar a cabo conxuntamente, a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do programa de doutoramento "Protección del Patrimonio Cultural".
- Convenio de cooperación educativa entre a Universidade de Vigo, Fundación ONCE para a cooperación e inclusión de persoas con discapacidade e a Asociación para el Empleo y la Formación de personas con discapacidades (FSC INSERTA), para a participación de estudantes universitarios con discapacidade na realización de prácticas académicas externas.
- Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo en materia de normalización lingüística.
- Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo para a construción e desenvolvemento do edificio institucional e de I+D no casco vello.

- Convenio de cooperación educativa entre Federación Provincial de Asociacións de Persoas con Discapacidade de Pontevedra (COGAMI- Pontevedra) e a Universidade de Vigo para realizar prácticas académicas externas.
- Convenio de colaboración entre a Consellería de Facenda e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento da Conferencia anual sobre Sostibilidade Fiscal e demais actividades realizadas pola Rede de Investigadores sobre Financiamento Autonómico e descentralización fiscal en España (RIFDE).
- Convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e as universidades de Santiago de Compostela, a Coruña e Vigo para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación.
- Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA).
- Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Asociación DOWN Ourense para a realización dun programa específico para a integración laboral de persoas con discapacidade.
- Convenio de cooperación entre a Consellería de Política Social e a Universidade de Vigo para o financiamento da "Aula de Formación Aberta, Programa para maiores".
- Convenio de colaboración entre a Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia e as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para proporcionar aos investigadores do SUG acceso a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación.
- Convenio marco de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Universidade de Vigo e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o impulso, difusión e mellora da transparencia na administración local de Galicia.
- Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión universitaria (CIXUG) para a posta en marcha dun plan de fomento do emprendemento a través de iniciativas empresariais de base tecnolóxica no ámbito da universidade de Vigo.
- Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Coordinadora Galega de ONG para o desenvolvemento.
- Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Federación Galega de Atletismo.
- Cláusula adicional primeira ao Convenio de colaboración para o préstamo de axudas do banco de produtos de apoio de Fundación Universia, asinado coa Universidade de Vigo o 27 de xaneiro de 2016. Prórroga.
- Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Asociación Médicos sin Fronteras España.

- Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Concello de Gondomar para a organización de cursos de Extensión Universitaria.
- Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo para a realización do programa “Correspondentes Universitarios”.
- Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o proxecto de fortalecemento da Rede Galega de Cooperación universitaria para o desenvolvemento.
- Convenio de colaboración para a concesión dunha bolsa entre a Universidade de Vigo e a Fundación Humanitaria de los Rotarios Españoles.

7.3 A Universidade de Vigo promovendo o voluntariado e a cooperación

Durante o curso 2015-2016 máis de 100 persoas participaron nas actividades de voluntariado organizadas pola Universidade de Vigo, para as que hai un pequeno orzamento cara a facer fronte a gastos de desprazamento.


Así mesmo a nosa universidade participa en campañas de doazón de órganos, recollida de alimentos, visitas a hospitais, talleres de inserción, entre outros.

Voluntariado por campus. Ano 2015-2016

	Total	% mulleres	Campus Ourense	Campus Pontevedra	Campus Vigo
Nº estudantes en accións de voluntariado	168	76,19%	63	51	54
Nº de programas	23				

Un total de 168 estudantes, 35 máis que o ano pasado (un 0,76% do total do alumnado matriculado) dedicaron algunhas horas a actividades de voluntariado nun total de 23 programas, (dezaseis menos que en 2015). O 79,19% destas persoas foron mulleres (un 17,19% máis que no ano anterior).

Voluntariado por campus. Curso 2015/2016.



Respecto o ano anterior, observamos un retroceso da participación no Campus de Vigo (un 13%) e un incremento no Campus de Ourense (un 15%).

A seguir indícanse os programas de voluntariado nos que teñen participado estes/as voluntarios/as:

PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO. Curso 2015-2016

Acompañamento de persoas enfermas de cancro. Concienciación da poboación.

Voluntariado Hospitalario

Preparación proba libre ESO

Primeira fila

Apoio á intervención socioeducativa

Programa de Ocio e Tempo de Lecer

Campaña de recollida

Apoio á familias en risco de exclusión social

Clases de adultos

Comedor social

Acompañamento a persoas maiores ou enfermas

Os maiores tamén queren ocio. Residencia 3ª idade

Recollida de alimentos

Centros mediación social

Animación contra o estigma das enfermidades mentais

Normalización da cultura e do ocio para persoas con enfermidade mental

Actividades organizadas que se desenvolven no marco xeográfico da CCAA de Galicia

GRUVI

OMA

ORI

Servizo de orientación laboral

Apoio escolar

Dinamización xuventude

Proxectos de cooperación internacional 2016

En relación á atención á discapacidade a universidade participa no proxecto europeo MappED dentro da convocatoria Erasmus + KA2 asociacións estratéxicas.

Así mesmo a universidade participa en un proxectos no marco das convocatorias da Xunta de Galicia e da AECID de proxectos de cooperación para o desenvolvemento: “Impermeabilización de cubertas de vivendas elaborados con materiais reciclados para familias vulnerables del municipio de Calimate”, en Cuba.

7.4 Universidade saudable

A Universidade de Vigo considera o deporte como un aspecto fundamental na formación integral do alumnado e o seu obxectivo é conseguir que o maior número de persoas realice uns mínimos que contribúan a mellorar a súa calidade de vida, facilitando todos os medios necesarios para a práctica deportiva.

Un dos obxectivos principais do Servizo de Deportes é fomentar a iniciación na práctica deportiva e, polo tanto, a consolidación dunha vida máis activa naquelas persoas con hábitos sedentarios e mellorando a súa saúde por medio do deporte.

Con esta intención, a Universidade pertence á Rede Española de Universidades Saudables (REUS) formada por un conxunto de institucións comprometidas coa promoción da saúde no entorno universitario. A Universidade de Vigo asistiu á IX Asemblea Xeral da REUS na cal se ratificou a súa constitución como Asociación REUS e aprobáronse os seus primeiros estatutos e a súa acta fundacional.


Nas primeiras eleccións da Asociación a Universidade de Vigo resultou elixida como vogal dunha xunta directiva presidida por Antoni Aguiló, vicerreitor da Universitar de Illes Balears.

Entre as actividades máis importantes levadas a cabo pola REUS destaca a organización do III Encontro de Universidades Saudables en Maó (Menorca) durante o mes de setembro do 2015 e a celebración do I Día das Universidades Saudables o 8 de outubro do 2015.


https://www.deportes.uvigo.es/opencms/export/sites/deportes/.galleries/descargas/Maqueta-BENESTAR_web_2015_2016.pdf

7.4.1. Acceso ás instalacións

Tarxetas deportivas universitarias




As diferentes modalidades de tarxetas deportivas universitarias proporcionan acceso libre e individual ás instalacións deportivas do Servizo de Deportes. Durante este curso 1514 persoas adquiriron un total de 1894 destes abonos (43,1% da modalidade anual, 45,8% da cuadrimestral e o 11,1% para o verán).




Tarxetas Ponte en Forma

Ponte en forma é un programa de exercicio físico personalizado. Está destinado a aquelas persoas da comunidade universitaria que non estean familiarizadas coa práctica deportiva, por iso se conta, ao longo de todo o proceso, cun seguimento técnico e médico deportivo que permite ir adaptando o programa dun xeito personalizado aos progresos e necesidades de cada persoa usuaria. Durante este curso 169 persoas adquiriron un total de 182 destes abonos (36,3% na modalidade anual e 63,7% na cuadrimestral)


Uso das instalacións de uso colectivo durante o 2016: 12.439,54 horas



Numero de usos das instalacións de uso individual durante o 2016: 64.522 usos



Centros deportivos abertos



Os acordos de colaboración con outros centros deportivos permiten mellorar o acceso regular dos membros da comunidade universitaria a máis actividades, novos horarios e mellores prezos. Así, máis persoas usuarias puideron acceder a ximnasia e centros de fitness privados e públicos próximos aos lugares de residencia en condicións moi vantaxosas.


Durante o curso 2015/2016 contamos con tres centros colaboradores no Campus de Ourense, tres en Pontevedra e nove no de Vigo, que deron a oportunidade de practicar actividade física de xeito

regular a 669 persoas.

7.4.2. *Iniciación deportiva e actividades na natureza.*

Escolas deportivas

As escolas deportivas serven para aprender e practicar unha determinada disciplina deportiva, ben ao longo dun cuadrimestre ou ao longo de todo o curso. Existe unha grande variedade de actividades entre as que escoller.



No curso 2015/2016 participaron 488 persoas nos tres campus das cales un 61% eran mulleres. No Campus de Pontevedra podemos ver como case todas as persoas participantes nestas actividades foron mulleres.

Rutas Culturais

Durante este curso académico o Servizo de Deportes organizou unha once rutas de sendeirismo dirixidas a todas aquelas persoas interesadas tanto no exercicio físico en si como no coñecemento do noso patrimonio natural e arqueolóxico. Participaron 414 persoas, das cales un 60% eran mulleres.

Augaventura Campus Mar Life

Mediante estas actividades, a comunidade universitaria ten a oportunidade de gozar, durante un día, de deportes no medio acuático. Están deseñadas para que sirvan como primeira inmersión ou como estímulo para continuar unha práctica deportiva moderada e regular

Desenvolvéronse por quinto ano consecutivo a través da colaboración entre o Campus do Mar e o Servizo de Deportes e planificouse en dúas quendas, outono e primavera.

Participaron un total de 263 persoas, das cales un 54% eran mulleres.

7.4.3. *Ligas e competicións internas*

Durante o curso académico a Universidade de Vigo organiza ligas universitarias que permiten aos membros da comunidade a creación de equipos para competir ó longo do curso en diferentes

modalidades: baloncesto mixto, balonmán mixto, fútbol sala feminino e masculino, fútbol 7 mixto, rugby mixto e voleibol mixto

No conxunto dos tres campus, tomaron parte na fase regular das ligas 2358 persoas agrupadas en 227 equipos.

Un dos aspectos salientables deste curso foi a alta participación na Copa Fair Play, na tomaron parte máis de 1800 alumnos e alumnas.

Campionatos de España universitarios, competicións interuniversitarias

Un total de 46 deportistas (12 mulleres e 34 homes) representaron á Universidade de Vigo nos campionatos de España universitarios, acadando un total de 15 medallas individuais. Na clasificación final por equipos a Universidade de Vigo logrou o primeiro posto en Taekwondo e o segundo en Loitas Olímpicas, conseguindo continuar a súa xeira de podios estais universitarios de xeito ininterrompido dende o ano 2002.

Xadrez

O coordinador da Sección de Xadrez da Universidade de Vigo, Pablo García, participa no proxecto solidario “Xadrez, estratexia pola Paz” en colaboración con ACNUR e co apoio da comunidade xadrecista de Pontevedra, desprazándose ao campo de refuxiados de Azraq, xunto con Daniel Rivera.


7.4.4. Saúde

O Servizo de Deportes avoga por crear unha verdadeira cultura saudable que axude a implicar a todos os colectivos que compoñen a Universidade na práctica deportiva de forma cotiá, no fomento da saúde e na loita contra o sedentarismo.

Para apoiar este obxectivo conta en cada un dos seus tres campus cunha unidade especializada que ofrece servizos médico-deportivos ás persoas da comunidade universitaria que así o demandan.

Exercicio físico personalizado

Exercicio físico persoalizado. Inscritos.



O exercicio físico personalizado ten como principal vantaxe a práctica segura, evitando lesións e maximizando os resultados positivos daqueles que se acollen a esta supervisión. O Servizo de Deportes ofrece diferentes programas: iniciación ao exercicio físico, condición física xeral, perda de peso, forza e hipertrofia, deporte de competición,

prevención e recuperación de lesións e preparación de carreiras populares. Os tipos de programas máis demandados durante este curso, ao igual que o ano pasado, son os de condición física xeral e os de forza e hipertrofia, que xuntos sumaron preto do 55% de todos os programas.

En total participaron nestas actividades 1643 persoas das que un 33% foron mulleres.

Martes saudables

Os Martes Saudables, que este ano celebraron dez sesións no campus de Ourense, catro no campus de Vigo e 2 dúas no de Pontevedra, acolleron a un total de 625 persoas (55 % mulleres e 45 % homes) que tiveron a ocasión de recibir unha valoración da súa condición física saudable por parte dun equipo de especialistas así como orientacións personalizadas para seguir un estilo de vida máis saudable e activo.

Os resultados destas valoracións reflectiron que, aínda que a maioría do alumnado clasificouse como normopeso, tamén evidenciouse a existencia dunha porcentaxe considerable de sobrepeso e obesidade e, no caso das mulleres, tamén aparece un grupo de universitarias con baixopeso. No que respecta á actividade física, unha porcentaxe elevada tanto de homes (62%) como de mulleres (36%) declara facer unha actividade alta, a diferenza doutros anos.

A adherencia á dieta mediterránea segue a estar en valores intermedios ou baixos na súa maioría, tanto en homes como en mulleres.

7.4.5. Formación

Programa de recoñecemento de créditos por práctica deportiva

O alumnado pode recoñecer créditos a través deste programa nas seguintes actividades:

- participación en escolas deportivas
- participación no programa Rutas culturais
- asistencia a competicións universitarias
- por asistencia a competicións universitarias.
- representación da Universidade de Vigo en competicións federadas
- participación en actividades de voluntariado deportivo
- participación no programa Ponte en forma

Bolsas e prácticas de estudos do alumnado

Varios estudantes tiveron a oportunidade a través do Servizo de Deporte, de adquirir experiencias pre-profesionais a través do seu programa de bolsas de formación complementaria e de colaboración.

Así, as persoas beneficiarias das bolsas iniciáronse en tarefas que, ou ben estaban vinculadas aos seus estudos ou ben lles servían de aprendizaxe laboral en tarefas relacionadas con eles, incorporáronse a un contorno de traballo real na administración universitaria.

Durante o curso 2015/2016 foron convocadas dúas bolsas de formación complementaria, cuxa duración foi de oito meses. Estas bolsas facilitan que estudantes da Universidade de Vigo presten a súa colaboración, en réxime de compatibilidade cos seus estudos.

No programa Erasmus Prácticas 6 alumnos/as de distintas universidades europeas realizaron estancias de prácticas na Área de Benestar, Saúde e Deporte:

- No primeiro cuadrimestre unha estudante de Finlandia (Universidade de Turku) e unha estudante de Polonia (Universidade Nicolaus Copernicus).
- No segundo cuadrimestre: dous estudantes de Italia (Universidade Urbino Carlobo e Universidade do Estudo de Brescia), unha estudante de Francia (Universidade Blaise Pascal de Vicky) e unha estudante de Reino Unido (Universidade de Oxford).

Ademais durante este curso académico, a través do Servizo de Deportes realizáronse dous traballos fin de grao.

7.4.6. Outras actividades e eventos

A universidade de Vigo ao longo do curso académico 2015/2016 organizou numerosas actividades para motivar a practica do deporte. Entre estas actividades destacan varios cursos de iniciación, masterclass, actividades na neve, etc.

IV Clinic Baloncesto Campus Ourense

Organizada pola Área de Benestar, Saúde e Deporte celebrouse o sábado 2 de xullo de 2016 coa participación dos técnicos Jota Cuspinera, Antonio Pérez e Eduardo Pascual.

Programa Ponte en Movemento.

Entre Outubro e decembro 2015 cada tres semanas a cidadanía puido asistir a 5 clases maxistras de Xumba, Street Dance, Pilates e Aerodance, nas que participaron 100 persoas.

X HappyGoRunning-Cidade Universitaria

O 24 de abril de 2016 626 corredores, dos cales 550 participaron na carreira de 10 quilómetros e 76 na modalidade de iniciación, de 6,6 km.

Por primeira vez o evento tivo a consideración de Carreira Universitaria Galaico-Duriense, e contou coa participación de equipos de 6 campus. Sendo o gañador o de Vigo, seguido de Porto e Lugo.

De xeito paralelo á carreira celebrouse a xa tradicional Andaina-Cidade Universitaria na que tomaron parte 70 persoas, que fixeron un percorrido do 10 km. pola contorna do campus universitario.

XXV trofeo Universidade de Vigo de Carreiras de Orientación.

O 28 de maio de 2016 o campus Lagoas-Marcosende acolleu a quinta proba puntuable para a Liga Galega que contou con máis de 350 persoas participantes, distribuídas en 20 categorías e procedentes de Galicia, Asturias e Castela e León.

XXIV Gala do deporte universitario

O 17 de novembro de 2016 o campus de Ourense acolleu a celebración da XXV Gala do Deporte da Universidade de Vigo, que se celebrou no Teatro Principal e que contou coa presidencia do Reitor. O acto rende homenaxe ao deporte en relación coa Universidade e aos valores de competición sana, constancia, superación e traballo en equipo, sen esquecer os hábitos saudables e á contribución social do mesmo.

7.5 Servizos de biblioteca

Nº de bibliotecas	11
Nº de postos de lectura	3.232
Fondos de monografías en papel	650.346
Fondos de monografías electrónicas	129.802
Fondos de publicacións periódicas en papel	11.611
Fondos de publicacións periódicas electrónicas	18.994
Préstamos	161.390
Títulos monografías audiovisuais	18.160
Bases de datos en liña	48
Baldas (metros lineais)	36.306

Cooperación bibliotecaria

Dentro da súa participación no Consorcio Bugalicia, a Biblioteca interveu, a través do seu director, na comisión técnica do consorcio con asistencia ás xuntanzas de outubro de 2015 e maio do 2016.

No eido da cooperación co resto de bibliotecas universitarias españolas, a Biblioteca Universitaria estivo presente na XXIII Asemblea Anual da Rede Española de Bibliotecas Universitarias (Rebiun) celebrada en Santander os 4 a 6 de novembro de 2015. Neste mesmo ámbito, a Biblioteca segue a participar no grupo de traballo da liña estratéxica 1 do III Plan estratéxico da rede xunto coas bibliotecas das universidades de Almería, Barcelona, Cádiz, Complutense de Madrid, Estremadura, Granada, IE Business School e Pablo Olavide de Sevilla. Neste grupo a Biblioteca da Universidade de

Vigo foi a encargada da elaboración dun artigo sobre o uso responsable e sustentable das bibliotecas para publicar nunha revista internacional, a redacción dunha proposta de bases para a institución dun premio REBUIN para bibliotecas non universitarias e a presentación dunha comunicación no XIII Foro FECIES, celebrado en Granada o 30 de xuño de 2016, titulada “La cooperación en REBUIN como factor de la calidade de las bibliotecas universitarias”.

Por último, no eido cooperativo, no mes de abril asinou un convenio de colaboración coa Fundación Dialnet para participar no baleirado de revistas, incluídas a editadas pola Universidade de Vigo, e dar acceso á comunidade universitaria ao portal bibliográfico DialnetPlus.

Tráfico de préstamo interbibliotecario. Universidade de Vigo.

Biblioteca como centro solicitante

Concepto	Ano 2015	Ano 2016
Total solicitudes pedidas a outros centros	1.497	1.419,00
Solicitudes a bibliotecas REBIUN	1.119	1.066
Solicitudes a bibliotecas No-REBIUN	147	165
Solicitudes a bibliotecas estranxeiro	231	188
Solicitudes positivas	1.349	1.281
Solicitudes de préstamo	317	386
Porcentaxe de copias recibidas de bibliotecas REBIUN en menos de 6 días	93%	94,18%

Biblioteca como centro proveedor

Concepto	Ano 2015	Ano 2016
Total solicitudes recibidas de outros centros	1.260	1.131,00
Solicitudes de bibliotecas REBIUN	887	879
Solicitudes de bibliotecas No-REBIUN	21	12
Solicitudes de bibliotecas estranxeiro	352	240
Solicitudes positivas	1.208	1.080
Solicitudes de préstamo	202	232

7.6 A Universidade de Vigo e o seu compromiso coa lingua e a cultura galega

A Área de Normalización Lingüística (ANL) é quen se encarga de todas as labores propias na procura de que o idioma de Galicia sexa usado de xeito apropiado dentro da universidade (como materialización do artigo 4 dos Estatutos da Universidade de Vigo e da súa responsabilidade social coa cultura e o patrimonio inmaterial de Galicia).

Principais servizos:

- Corrección de documentos.
- Resolución de dúbidas e consultas lingüísticas.
- Cursos, xornadas e obradoiros de lingua.
- Axudas a traballos de investigación en galego. Manual de acollida para o Persoal de Administración e Servizos (PAS)
- Información sobre dicionarios e vocabularios técnicos en galego.
- Campañas de dinamización lingüística.
- Organización de actos culturais, concursos e premios.
- Elaboración de vocabularios e manuais lingüísticos.

Así mesmo, a través de internet, pon ao servizo de calquera cidadán un magnífico tradutor galego-castelán e castelán-galego que traduce textos longos e indica as palabras que non reconece <http://sli.uvigo.es/tradutor/>.

Este labor é considerada parte da labor esencial desta universidade e un elemento mais da súa responsabilidade social á hora de coidar e proxectar o noso patrimonio, neste caso inmaterial, como é a lingua galega.

Neste sentido, a ANL pon a disposición da comunidade universitaria un servizo de asesoramento no uso e na tradución da lingua galega para calquera acción vinculada á formación e á investigación da Universidade, se ben as súas accións baséanse na transversalidade do conxunto da vida universitaria.

A Área de Normalización Lingüística realiza periodicamente ciclos formativos que abranguen a toda a comunidade universitaria nos tres campus. Para o mellora da oferta se tiveron en conta as suxestións que se nos achegaron nas enquisas de avaliación dos cursos anteriores; así procuramos axeitar ao novo ciclo o número de horas, especificidade dos campus e dos colectivos.

CURSOS 2016	Matriculados/as	% mulleres
Curso de extensión cultural	70	71,4%
Curso de harmonización, normalización e unificación textual	37	75,7%
Curso de redacción de documentos administrativos	69	73,9%
Curso de redacción e deseño de traballos académicos e de investigación	72	76,4%
Sácalle partido ao correo electrónico: atallos, facilidades e redacción correcta	35	65,7%
As redes sociais como ferramenta para dar a coñecer o teu perfil profesional	37	73,0%
Obradoiro de xestión do multilingüismo nas aulas	4	75,0%
Curso básico de linguaxe sanitaria	41	85,4%

Curso de achegamento á lingua e cultura galegas	13	53,8%
Curso de linguaxe e redacción xurídica	5	60,0%
Total	383	73,6%

No 2016, como todos os anos a Área de Normalización Lingüística convocou bolsas para a formación complementaria das que foron beneficiarias dúas persoas.

Anexo I. Indicadores GRI Guía G4 - Contidos Xerais

Contidos Xerais	Capítulo/apartado
Estratexia e Análise	
G4-1	Declaración do responsable principal das decisións da organización. 1
Perfil da organización	
G4-3	Nome da organización. 2.2
G4-4	Marcas, produtos e servizos mais importantes. 2.2.
G4-5	Lugar onde se encontra a sede central da organización. 2.2
G4-6	Países nos que opera a organización. 2.2
G4-7	Natureza do réxime da propiedade e forma xurídica. 2.2
G4-8	Mercados servidos. 2.2
G4-9	Dimensións da organización. 2.2
G4-10	Desagregación dos empregados da organización. 4.5
G4-11	Porcentaxe de empregados cubertos por convenios colectivos. 4.5
G4-12	Descrición da cadea de subministro da organización. 5.4
G4-13	Cambios significativos durante o período obxecto de análise no tamaño, estrutura, propiedade ou cadea de subministro da organización. 3.1
G4-14	Descrición de como a organización aborda, si procede, o principio de precaución. Non procede
G4-15	Principios ou outras iniciativas externas de carácter económico, social e ambiental que a organización subscribe ou ten adoptado. 3.3, 3.4, 5.1 e 6.1
G4-16	Asociacións e organizacións de promoción nacional ou internacional ás que a organización pertence. 2.2 e outros
Aspectos materiais identificados e cobertura	
G4-17	Listado de entidades cubertas polos estados financeiros da organización e outros documentos equivalentes. 5.1 e 5.5
G4-18	Proceso de definición do contido da memoria e a cobertura de cada aspecto. 3.1
G4-19	Lista de aspectos materiais que se identificaron durante o proceso de definición do contido da memoria. Non procede
G4-20	Cobertura de cada aspecto material dentro da organización. 3.1
G4-21	Cobertura de cada aspecto material fora da organización. 3.1
G4-22	Descrición das consecuencias das reexpresións da información de memorias anteriores e as súas causas. Non realiza
G4-23	Cambios significativos no alcance e a cobertura de cada aspecto con respecto as memorias anteriores. 3.1
Participación dos grupos de interese	
G4-24	Listado dos grupos de interese vinculados a organización. 4

G4-25	Base para a elección das partes interesadas cos que a organización traballa.	4
G4-26	Descrición do enfoque adoptado para a participación dos grupos de interese.	3.3
G4-27	Cuestiones e problemas clave que xurdiron a raíz da participación dos grupos de interese e descrición da avaliación feita pola organización, entre outros aspectos mediante a súa memoria.	Non realiza
Perfil da Memoria		
G4-28	Período obxecto da memoria.	3.1
G4-29	Data da última memoria.	3.1
G4-30	Ciclo de presentación de memorias.	3.1
G4-31	Punto de contacto para cuestións relativas ao contido da memoria.	3.1
G4-32	Opción "de conformidade" coa Guía que elixiu, Índice GRI da opción elixida e referencia ao Informe de verificación externa.	Non procede
G4-33	Política e prácticas vixentes da organización con respecto a verificación externa da memoria.	Sen verificación externa
Goberno Corporativo		
G4-34	Estrutura do goberno da organización e os seus comités.	2.3 e 3.3
Ética e Integridade		
G4-56	Valores, principios, estándares e as normas da organización.	2.1

Anexo II. Indicadores GRI Guía G4 - Contidos Específicos

Aspectos materiais	Indicador	Capítulo/apartado
DIMENSIÓN ECONÓMICA		
Desempeño económico		
G4-EC1	Valor económico directo xerado e distribuído	5.1
G4-EC4	Axudas económicas outorgadas por entes do goberno.	2.5 e 5
Consecuencias económicas indirectas		
G4-EC8	Impactos económicos indirectos significativos e alcance dos mesmos	2.5 e 4.2
Prácticas de adquisición		
G4-EC9	Porcentaxe do gasto nos lugares con operacións significativas que corresponde a provedores locais	5.4
DIMENSIÓN AMBIENTAL		
Enerxía		
G4-EN3	Consumo enerxético interno	6.5
G4-EN6	Redución do consumo enerxético.	6
Auga		
G4-EN9	Fontes de auga que son afectadas significativamente pola captación de auga	6.5
Emisións		
G4-EN15	Emisións directas de gases de efecto invernadoiro (alcance 1)	6.5
G4-EN16	Emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro ao xerar enerxía (alcance 2)	6.5
G4-EN17	Outras emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro (alcance 3)	6.5
G4-EN18	Intensidade das emisións de gases de efecto invernadoiro	6.5
G4-EN19	Redución das emisións de gases de efecto invernadoiro	6
Efluentes e residuos		
G4-EN25	Peso dos residuos transportados, importados, exportados ou tratados que se consideran perigosos en virtude dos anexos I, II, III e VIII do convenio de Basilea, e porcentaxe de residuos transportados internacionalmente.	6.2
Transporte		
G4-EN30	Impactos ambientais do transporte de produtos e outros bens e materiais utilizados para as actividades da organización, así como do transporte de persoal.	6.5
Xeral		
G4-EN31	Desagregación dos gastos e as inversións ambientais.	Non realiza
DIMENSIÓN SOCIAL		
Emprego		
G4-LA1	Número e taxa de contratacións e rotación media dos empregados, desagregados por grupo idade, sexo e rexión	4.5
G4-LA2	Prestacións sociais para os empregados a xornada completa que non se ofrecen aos empregados temporais o a media xornada.	4.6
Saúde e seguridade no traballo		

G4-LA6	Tipo e taxa de lesións, enfermidades profesionais, días perdidos, absentismo e número de vítimas mortais relacionadas co traballo por rexión e sexo.	4.8.3
G4-LA8	Asuntos de saúde e seguridade cubertos en acordos formais cos sindicatos	4.8.3
Capacitación e educación		
G4-LA9	Media de horas de capacitación anuais por empregado, desagregado por sexo e por categoría laboral	4.7
G4-LA10	Programas de xestión das habilidades e de formación continua que fomentan a empregabilidade dos traballadores e lles axudan a xestionar o final das súas carreiras profesionais.	4.7
Diversidade e igualdade de oportunidades		
G4-LA12	Composición dos órganos de goberno e desagregación do cadro por categoría profesional e sexo, idade, pertenza a minorías e outros indicadores de diversidade.	2.3, 4.5 e 4.9
Igualdade de retribución entre mulleres e homes		
G4-LA13	Relación entre o salario base dos homes con respecto as mulleres, desagregada por categoría profesional e por localizacións significativas de actividade.	Non realiza
Etiquetado dos produtos e servizos		
G4-PR5	Resultados das enquisas para medir a satisfacción de estudantes e profesorado	3.3

